CVD: r2516RuC5aaq03FsVoxE Firmado por: ***539*** - MERCEDES PAULA ALVARELLOS FONDO (FECHA: 2025-02-27 14:30:54.00) , ***243*** - ANA MARIA RIVAS GARCIA (FECHA: 2025-02-27 14:24:05.00)
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

**<u>Número 19 - Ano 2024</u>**

## ACTA

**da sesión ORDINARIA, en primeira convocatoria, celebrada polo Pleno do Excmo. Concello de Lugo o día**

**30 de decembro de 2024**

No Salón de Sesións do Excmo. Concello de Lugo, ás nove horas e corenta e tres minutos do día trinta de decembro de dous mil vinte e catro; baixo a presidencia da Excma. Sra. Alcaldesa, DONA MERCEDES PAULA ALVARELLOS FONDO, reúnense os concelleiros e concelleiras DONA ELENA CANDIA LÓPEZ; DONA CRISTINA SANZ ARIAS; DON ANTONIO AMEIJIDE OSORIO; DON JAVIER VÁZQUEZ PRADO; DONA FLORA RUBINOS ROIS; DONA SILVIA COLMENERO GUZMÁN; DON RAMÓN MANUEL CABARCOS RODRÍGUEZ; DON AGUSTÍN GALLEGO VIGO; DONA AURORA AIDA GOÁS CASTRO; DON GUSTAVO ENRIQUE DÍAZ REY; DONA MARÍA DEL MAR CARBALLAS PIÑEIRO; DON DAMIÁN CARBALLO MÉNDEZ; DON MIGUEL FERNÁNDEZ MÉNDEZ, Ilmo. Tenente de Alcalde Delegado da Área de Transición Ecolóxica; DON ÁNGEL PABLO PERMUY VILLANUEVA, Ilmo. Sr. Tenenta de Alcalde da Área de Xestión Integral de Recursos Internos; DON MAURICIO VITORIO REPETTO MORBÁN, Ilmo. Tenente de Alcalde Delegado da Área Dinamización Económica e Relacións Internacionais; DONA ANA MARÍA GONZÁLEZ ABELLEIRA, Ilma. Tenenta de Alcalde Delegada da Área de Cohesión Social e Territorial; DON JORGE BUSTOS ATANASIO, Concelleiro Delegado de Xuventude e Deportes; DONA MARÍA OLGA LÓPEZ RACAMONDE, Concelleira Delegada de Benestar Social e Maiores; DONA MARÍA DE LOS ÁNGELES NOVO MARTÍNEZ, Concelleira Delegada de Muller, Igualdade e Inclusión; DON RUBÉN ARROXO FERNÁNDEZ, Ilmo. Tenente de Alcalde Delegado da Área Mobilidade e Infraestruturas Urbanas; DONA TAREIXA ANTÍA FERREIRO TALLÓN, Ilma. Tenenta de Alcalde Delegada da Área de Cultura, Turismo e Promoción da Lingua; DON ALEXANDRE PENAS ROIBÁS, Concelleiro Delegado de Infraestruturas Urbanas; DONA MARÍA CRISTINA LÓPEZ FERNÁNDEZ, Ilma. Tenenta de Alcalde da Área de Participación e Servizos para a Veciñanza; e DON FELIPE RIVAS JORGE, Concelleiro Delegado de Educación e Difusión do Coñecemento, co obxecto de celebrar sesión ordinaria do Excmo. Concello Pleno, en primeira convocatoria, conforme á correspondente orde do día.

Para os efectos de votación, faise constar que a Corporación municipal está formada por vinte e cinco concelleiros de feito e de dereito, incluída a presidenta.

Dá fe do acto a Secretaria Xeral do Pleno, dona Ana María Rivas García, e está presente o Interventor Xeral Municipal don Luis Ramón Vázquez Parga.

A presente sesión foi convocada por resolución da alcaldía de data 23 de decembro de 2024 e notificada por secretaría aos membros da Corporación conforme ao seguinte ORDE DO DÍA:

1/210 APROBACIÓN DA ACTA CORRESPONDENTE Á SESIÓN ORDINARIA CELEBRADA POLO EXCMO. CONCELLO PLENO O DÍA 4 DE NOVEMBRO DE 2024.

**A) <u>PARTE RESOLUTIVA</u>**

**FACENDA LOCAL**

2/211 SOLICITUDE DE DECLARACIÓN DE ESPECIAL INTERESE OU UTILIDADE MUNICIPAL DAS OBRAS DE NATUREZA MENOR SOMETIDAS A COMUNICACIÓN, DE ACONDICIONAMENTO DE APARCADOIRO EXISTENTE, CONSISTENTES EN EXECUCIÓN DE ACCESO DE FORMIGÓN DESACTIVADO, COLOCACIÓN DE CELOSÍAS PREFABRICADAS DE FORMIGÓN E CÉSPEDE, ASÍ COMO ACONDICIONAMENTO VEXETAL DE CÉSPEDE E PLANTACIÓN DE 15 CASTIÑEIROS, EN RÚA FERMÍN RIVERA S/N, COMUNICADAS POR MARÍA DEL CARMEN VIÑO VILA, EN REPRESENTACIÓN DO CLUB FLUVIAL DE LUGO.

URBANISMO

3/212 ESTUDO DE DETALLE DAS PARCELAS EQ2 E EQ3 DO PARQUE EMPRESARIAL AS GÁNDARAS. APROBACIÓN DEFINITIVA.

**INTERVENCIÓN**

4/213 RECOÑECEMENTO EXTRAXUDICIAL DE CRÉDITOS NÚM. 29/2024. REPARO 91/2024.

5/214 RECOÑECEMENTO EXTRAXUDICIAL DE CRÉDITOS NÚM. 30/2024. REPARO 92/2024.

**PROPOSICIÓNS**

6/215 PROPOSICIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DO PARTIDO POPULAR, NÚMERO 425/2024 DE REXISTRO DE PLENO, PARA ESIXIRLLE AO CONCELLO DE LUGO QUE NON DEMORE MÁIS A CESIÓN DA PARCELA NECESARIA PARA A CONSTRUCIÓN DO NOVO CENTRO DE SAÚDE DO SAGRADO CORAZÓN (Exp. 2024/G004/000829).

7/216 PROPOSICIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DO PARTIDO POPULAR, NÚMERO 447/2024 DE REXISTRO DE PLENO, PARA QUE O CONCELLO DE LUGO POÑA EN MARCHA UN PLAN DE DINAMIZACIÓN DO COMERCIO LOCAL

ASÍ COMO QUE REACTIVE E IMPULSE A MESA LOCAL DE COMERCIO (Exp. 2024/G004/000863).

8/217 PROPOSICIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DO PARTIDO POPULAR, NÚMERO 448/2024 DE REXISTRO DE PLENO, PARA QUE O CONCELLO DE LUGO POÑA EN MARCHA O ACORDO MARCO SOBRE O USO DE INSTALACIÓNS DEPORTIVAS DE TITULARIDADE MUNICIPAL (Exp. 2024/G004/000864).

9/218 PROPOSICIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DO PsdeG-PSOE, NÚMERO 449/2024 DE REXISTRO DE PLENO, PARA INSTAR Á XUNTA DE GALICIA A UN COMPROMISO PLURIANUAL PARA A REHABILITACIÓN DO CUARTEL DE SAN FERNANDO CO FIN DE ALOXAR O FUTURO MUSEO DA ROMANIZACIÓN DE GALICIA (Exp. 2024/G004/000866).

10/219 PROPOSICIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DO PARTIDO POPULAR, NÚMERO 450/2024 DE REXISTRO DE PLENO, PARA ESIXIR AO CONCELLO DE LUGO QUE SE REBAIXE O IMPOSTO SOBRE VEHÍCULOS DE TRACCIÓN MECÁNICA. (Exp. 2024/G004/000867).

**B) <u>PARTE DE INFORMACIÓN, IMPULSO E CONTROL</u>**

**INTERVENCIÓN**

11/220 DACIÓN DE CONTA AO EXCMO. CONCELLO PLENO DO INFORME DEFINITIVO DE CONTROL FINANCEIRO DO CUMPRIMENTO DOS REQUISITOS LEGALMENTE APLICABLES NA TRAMITACIÓN DA CONCESIÓN E REINTEGRO DE ANTICIPOS DE HABERES DURANTE O EXERCICIO 2023.

12/221 DACIÓN DE CONTA AO EXCMO. CONCELLO PLENO DO INFORME DEFINITIVO DE CONTROL FINANCEIRO DO CUMPRIMENTO DA DURACIÓN MÁXIMA DO NOMEAMENTO DO PERSOAL INTERINO AO ABEIRO DO ARTIGO 13. DO REAL DECRETO LEXISLATIVO 5/2015, DO 30 DE OUTUBRO, POLO QUE SE APROBA O TEXTO REFUNDIDO DA LEI DO ESTATUTO BÁSICO DO EMPREGADO PÚBLICO, EXERCICIO 2023.

13/222 DACIÓN DE CONTA AO EXCMO. CONCELLO PLENO DO INFORME DEFINITIVO DE CONTROL FINANCEIRO DAS SUBVENCIÓNS A ASOCIACIÓNS XUVENÍS E DE RECREACIÓN HISTÓRICA E PERSOAS XURÍDICO PRIVADAS SEN ÁNIMO DE LUCRO, QUE DESENVOLVEN A SÚA ACTIVIDADE NO EIDO DA XUVENTUDE E RECREACIÓN HISTÓRICA DA CIDADE DE LUGO ... NO EXERCICIO 2023.

14/223 DACIÓN DE CONTA AO EXCMO. CONCELLO PLENO DO INFORME DEFINITIVO DE CONTROL FINANCEIRO DA AUDITORÍA DE CONTAS SOBRE A

ENTIDADE MERCANTIL EVISLUSA RELATIVA Á ACTIVIDADE ECONÓMICO-FINANCEIRA DO EXERCICIO 2023

15/224 DACIÓN DE CONTA AO EXCMO. CONCELLO PLENO DO INFORME DEFINITIVO DE CONTROL FINANCEIRO DOS EXPEDIENTES DE LIQUIDACIÓN DE TAXAS POR APROVEITAMENTOS ESPECIAIS DA VÍA PÚBLICA CON MESAS E CADEIRAS NO EXERCICIO DE 2023

16/225 DACIÓN DE CONTA AO EXCMO. CONCELLO PLENO DO INFORME DEFINITIVO DE CONTROL FINANCEIRO DE ANÁLISE DOS SALDOS DE DEREITOS PENDENTES DE COBRO DE EXERCICIOS PECHADOS (CAPÍTULOS I E II DE IMPOSTOS DIRECTOS E INDIRECTOS) A 31.12.2023.

17/226 DACIÓN DE CONTA DA APROBACIÓN DEFINITIVA DA MODIFICACIÓN ORZAMENTARIA MEDIANTE A MODALIDADE DE SUMPLEMENTO DE CRÉDITO NÚMERO 1/2024.

18/227 DACIÓN DE CONTA DA APROBACIÓN DEFINITIVA DA MODIFICACIÓN ORZAMENTARIA MEDIANTE A MODALIDADE DE TRANSFERENCIA DE CRÉDITO NÚMERO 54/2024.

**TESOURERÍA**

19/228 DACIÓN DE CONTA DAS RESOLUCIÓNS DE TESOURERÍA DO MES DE NOVEMBRO DE 2024.

**FACENDA LOCAL**

20/229 DACIÓN DE CONTA DA ELEVACIÓN AUTOMÁTICA A DEFINITIVOS DOS ACORDOS NOS QUE SE APROBARON INICIALMENTE AS MODIFICACIÓNS DA ORDENANZA FISCAL XERAL E ORDENANZA FISCAL NÚM. 103

**SERVIZOS SOCIAIS**

21/230 DACIÓN DE CONTA DA APROBACIÓN DEFINITIVA DA ORDENANZA MUNICIPAL REGULADORA DO RÉXIME INTERIOR DO FOGAR DO TRANSEÚNTE -ALBERGUE- DO CONCELLO DE LUGO.

22/231 DACIÓN DE CONTA DA APROBACIÓN DEFINITIVA DO REGULAMENTO DO CONSELLO SECTORIAL DE PERSOAS MAIORES DO CONCELLO DE LUGO.

**ACTAS E GOBERNO**

23/232 DACIÓN DE CONTA DAS RESOLUCIÓNS QUE OBRAN NO SERVIZO DE ACTAS E GOBERNO DENDE O DÍA 14 DE NOVEMBRO DE 2024, RECOLLIDAS NO LIBRO ÚNICO DE RESOLUCIÓNS (Exp. 2024/G004/000844)

**C) ROGOS E PREGUNTAS**

**ROGOS:**

A) ROGO DO GRUPO MUNICIPAL DO PARTIDO POPULAR, NÚMERO 439/2024 DE REXISTRO DE PLENO, PARA QUE SE ROCE E REPARE A RÚA FONMIÑÁ.

B) ROGO DO GRUPO MUNICIPAL DO PARTIDO POPULAR, NÚMERO 440/2024 DE REXISTRO DE PLENO, PARA QUE SE TEÑAN EN CONSIDERACIÓN AS REIVINDICACIÓNS DOS COMERCIANTES DO MERCADO DE ANTIGÜIDADES E COLECCIONISMO.

C) ROGO DO GRUPO MUNICIPAL DO PARTIDO POPULAR, NÚMERO 441/2024 DE REXISTRO DE PLENO, PARA ACORDAR COA XUNTA DE GALICIA A APERTURA DOS APARCADOIROS DO IES VIRXE DOS OLLOS GRANDES E IES LUCUS AUGUSTI.

D) ROGO DO GRUPO MUNICIPAL DO PARTIDO POPULAR, NÚMERO 442/2024 DE REXISTRO DE PLENO, PARA DAR CONTA DOS AVANCES NA RESERVA DE PRAZAS DE APARCADOIRO "ÁXILES" NAS INMEDIACIÓNS DAS OFICINAS DE FARMACIA DA CIDADE.

**PREGUNTAS:**

A) PREGUNTAS DO GRUPO MUNICIPAL DO PARTIDO POPULAR, NÚMERO 443/2024 DE REXISTRO DE PLENO, EN RELACIÓN COA ILUMINACIÓN DA ROTONDA DE NADELA.

B) PREGUNTAS DO GRUPO MUNICIPAL DO PARTIDO POPULAR, NÚMERO 444/2024 DE REXISTRO DE PLENO, PARA QUE SE PUBLIQUEN AS BASES DE LICITACIÓN DA REDACCIÓN DO PROXECTO DO NOVO PAVILLÓN ANTES DE FINAIS DO 2024.

C) PREGUNTAS DO GRUPO MUNICIPAL DO PARTIDO POPULAR, NÚMERO 445/2024 DE REXISTRO DE PLENO, EN RELACIÓN COAS AXUDAS DO GOBERNO LOCAL PARA PALIAR OS TRASTORNOS OCASIONADOS ÁS ORGANIZACIÓNS E ASOCIACIÓNS DO EIDO DO BENESTAR SOCIAL, POLA NON PUBLICACIÓN DA CONVOCATORIA DE SUBVENCIÓNS RELATIVAS AO EXERCICIO 2024.

D) PREGUNTAS DO GRUPO MUNICIPAL DO PARTIDO POPULAR, NÚMERO 446/2024 DE REXISTRO DE PLENO, EN RELACIÓN COAS XESTIÓNS FEITAS POLO GOBERNO LOCAL PARA FACILITARLLES O ESTACIONAMENTO AOS USUARIOS DO CAMPO DE FÚTBOL DAS GÁNDARAS.

**Asuntos urxentes**:

- **RECOÑECEMENTO EXTRAXUDICIAL DE CRÉDITOS NÚMERO 31/2024. REPARO 89/2024.**

Aberto o acto, a alcaldesa presidenta sinala: Bos días a todos e a todas. Imos comezar o último Pleno ordinario deste ano 2024.

Cada un de vós tiña na súa cadeira o libro que escribiu o noso arqueólogo municipal: *Auga para a cidade. Arqueoloxía e historia do abastecemento de auga á cidade de Lugo*. Creo que é un libro importante do Servizo de Arqueoloxía e, polo tanto, como presente para o próximo ano, imos ter todos este libro, que creo que é importante a historia da auga na nosa cidade.

Seguidamente, e da súa orde, éntrase no exame da orde do día, adoptándose, en relación con ela, os seguintes ACORDOS:

1/210 **APROBACIÓN DA ACTA CORRESPONDENTE Á SESIÓN ORDINARIA CELEBRADA POLO EXCMO. CONCELLO PLENO O DÍA 4 DE NOVEMBRO DE 2024.-** Vista a proposta da secretaria xeral do Pleno, do 17 de decembro de 2024, do teor literal seguinte:

“O pasado día 4 de novembro de 2024, o Excmo. Concello Pleno celebrou a sesión ordinaria correspondente ao mes de outubro. (Convocada inicialmente para o día 31 de outubro de 2024, foi suspendida e trasladada a súa celebración para o citado día 4 de novembro por mor das inundacións provocadas pola DANA no Pais Valenciano e noutros puntos do Estado).

Da dita sesión levantouse a acta correspondente que, unha vez incorporadas as intervencións nela producidas, foi asinada pola secretaria xeral do Pleno e pola alcaldesa presidenta da Corporación.

Por todo o exposto, proponse a adopción dos seguintes acordos:

APROBAR a acta correspondente á sesión ordinaria celebrada o día 4 de novembro de 2024.”

Ao non suscitarse debate, sométese o asunto directamente a votación, acadándose os seguintes resultados:

**Votos emitidos**: 25

| | | |
|---|---|---|
| - **Votos a favor**: | 25 | dos Grupos Municipais do Partido Popular, do Partido Socialista de Galicia-PSOE e do Bloque Nacionalista Galego. |
| - **Votos en contra:** | 0 | |
| - **Abstencións:** | 0 | |

En virtude de todo o cal, o Excmo. Concello Pleno, por unanimidade, **ACORDA:**

APROBAR a acta correspondente á sesión ordinaria celebrada o día 4 de novembro de 2024.

## A) PARTE RESOLUTIVA

### FACENDA LOCAL

2/211 **SOLICITUDE DE DECLARACIÓN DE ESPECIAL INTERESE OU UTILIDADE MUNICIPAL DAS OBRAS DE NATUREZA MENOR SOMETIDAS A COMUNICACIÓN, DE ACONDICIONAMENTO DE APARCADOIRO EXISTENTE, CONSISTENTES EN EXECUCIÓN DE ACCESO DE FORMIGÓN DESACTIVADO, COLOCACIÓN DE CELOSÍAS PREFABRICADAS DE FORMIGÓN E CÉSPEDE, ASÍ COMO ACONDICIONAMENTO VEXETAL DE CÉSPEDE E PLANTACIÓN DE 15 CASTIÑEIROS, EN RÚA FERMÍN RIVERA S/N, COMUNICADAS POR MARÍA DEL CARMEN VIÑO VILA, EN REPRESENTACIÓN DO CLUB FLUVIAL DE LUGO.-** Examinado o expediente tramitado para os efectos e vistos:

1. PROPOSTA DA ALCALDESA PRESIDENTA, en substitución do tenente de alcaldesa delegado da área de Xestión Integral de Recursos Internos, do 20 de novembro de 2024, que seguidamente se transcribe:

**“ANTECEDENTES:** Con data 26.01.2024, MARIA DEL CARMEN VIÑO VILA (NIF 33334671N), en representación de CLUB FLUVIAL DE LUGO (CIF G27008549) presenta comunicación para a realización de obras de natureza menor, de acondicionamento de aparcadoiro existente, consistentes en execución de acceso de formigón desactivado, colocación de celosías prefabricadas de formigón e céspede, así como acondicionamento vexetal de céspede e plantación de 15 castiñeiros, en Rua Fermín Rivera s/n, con referencia catastral 6821101PH1662S0001AQ (exp. 2024/Y010/000096).


MURALLA
patrimonio da humanidade

Con data de 30.04.2024, O Director Xeral de Urbanismo, por delegación da Alcaldesa, ditou o Decreto número 4064/2024, polo que se resolve tomar razón das obras de natureza menor sometidas a comunicación, de acondicionamento de aparcadoiro existente, consistentes en execución de acceso de formigón desactivado, colocación de celosías prefabricadas de formigón e céspede, así como acondicionamento vexetal de céspede e plantación de 15 castiñeiros, en Rúa Fermín Rivera s/n, con referencia catastral 6821101PH1662S0001AQ (exp. 2024/G001/003911).

Con data de 26.01.2024, MODESTO TEIJEIRO VALLEDOR (NIF 33308639Q) en representación de CLUB FLUVIAL DE LUGO (CIF G27008549) presenta escrito solicitando a declaración de interese público das obras e a bonificación do 50 % do imposto sobre construcións, instalacións e obras para obras realizadas no ámbito de influencia do Camiño Primitivo de Santiago. No devandito escrito, o interesado indica o seguinte:

*"1º Que obtenidas la autorizaciones sectoriales pertinentes, se ha presentado en ese Concello comunicación para realizar obras de acondicionamiento del aparcamiento de piragüismo, sito en la Calle Fermín Rivera, la cual está dentro del área de influencia del Camino Primitivo de Santiago.*
*2º Que la ordenanza fiscal número 202, reguladora del impuesto sobre construcciones, instalaciones y obras, art 4, aptdo 11, establece una bonificación para obras de construcción y rehabilitación realizadas dentro del área de influencia del Camino Primitivo de Santiago.*
*En virtud de lo expuesto es por lo que SOLICITA A efectos de poder gozar de dicha bonificación recogida en las ordenanzas, la declaración por parte del Pleno de la Corporación de especial interés de las obras comunicadas."* (exp. 2024/T028/000147).

O parágrafo a) do artigo 103.2 do Real decreto lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da lei reguladora das facendas locais, establece que as ordenanzas fiscais poderán regular "a) Unha bonificación de ata o 95 por 100 a favor das construcións, instalacións ou obras que sexan declaradas de especial interese ou utilidade municipal por concorrer circunstancias sociais, culturais, histórico artísticas ou de fomento do emprego que xustifiquen tal declaración. Corresponderá a dita declaración ó Pleno da Corporación e acordarase, previa solicitude do suxeito pasivo, por voto favorable da maioría simple dos seus membros".

Ao amparo da referida habilitación legal, o artigo 4ºbis.11 da Ordenanza fiscal núm. 202, reguladora do Imposto sobre construcións, instalacións e obras, vixente no exercicio 2024, establece:

*“Establécese unha bonificación do 50 por cento da cota do Imposto para obras de construción e rehabilitación realizadas en inmobles sitos dentro da área de influencia do Camiño Primitivo de Santiago.*
*Esta bonificación non poderá simultanearse con calquera outra bonificación desta ordenanza.*
*Para poder gozar desta bonificación, os suxeitos pasivos do Imposto poderán instar a declaración de especial interese dentro do período comprendido dende a data da solicitude de licencia de obras ata a data de finalización do prazo de ingreso en período voluntario da liquidación provisional xirada en concepto de imposto sobre construcións, instalacións e obras.*
*A declaración de “especial interese ou utilidade municipal” corresponderá ó Pleno da Corporación por maioría simple.”*

Visto o informe de Facenda Local de data 10.06.2024 segundo o que:

1) MODESTO TEIJEIRO VALLEDOR (NIF 33308639Q) en representación de CLUB FLUVIAL DE LUGO (CIF G27008549) solicita a declaración de especial interese e a bonificación do 50 por cento para obras realizadas no ámbito de influencia do Camiño Primitivo de Santiago, consistentes en execución de acceso de formigón desactivado, colocación de celosías prefabricadas de formigón e céspede, así como acondicionamento vexetal de céspede e plantación de 15 castiñeiros, en Rua Fermín Rivera s/n, con referencia catastral 6821101PH1662S0001AQ.

2) A solicitude cumpre os requisitos esixidos no artigo 4ºbis.11 da Ordenanza Fiscal núm. 202 reguladora do Imposto sobre construcións, instalacións e obras, correspondendo ao Pleno por maioría simple a declaración de especial interese municipal.

E dentro das potestades que a Lei outorga ós concellos para a declaración de interese ou utilidade municipal, propónselle ao Excmo. Concello Pleno a adopción do seguinte acordo:

**ESTIMAR** a solicitude presentada por MODESTO TEIJEIRO VALLEDOR (NIF 33308639Q) en representación de CLUB FLUVIAL DE LUGO (CIF G27008549), procedendo á declaración de especial interese ou utilidade municipal da licenza urbanística para acondicionamento de aparcadoiro existente, consistentes en execución de acceso de formigón desactivado, colocación de celosías prefabricadas de formigón e céspede, así como acondicionamento vexetal de céspede e plantación de 15 castiñeiros, en Rua Fermín Rivera s/n, con referencia catastral 6821101PH1662S0001AQ, en base ás argumentacións recollidas no informe do Servizo de Facenda Local, que se dan por reproducidas a efectos da súa motivación.”

2. DITAME FAVORABLE da Comisión Especial de Contas e Ordinaria da Alcaldía, Recursos Internos e Proxecto de Cidade, emitido na sesión celebrada o día 20 de decembro de 2024.

Ao non suscitarse debate, sométese o asunto directamente a votación, acadándose os seguintes resultados:

**Votos emitidos**: 25

| | | |
|---|---|---|
| - **Votos a favor**: | 25 | dos Grupos Municipais do Partido Popular, do Partido Socialista de Galicia-PSOE e do Bloque Nacionalista Galego. |
| - **Votos en contra:** | 0 | |
| - **Abstencións:** | 0 | |

En virtude de todo o cal, o Excmo. Concello Pleno, por unanimidade, **ACORDA:**

**ESTIMAR** a solicitude presentada por MODESTO TEIJEIRO VALLEDOR (NIF 33308639Q), en representación de CLUB FLUVIAL DE LUGO (CIF G27008549), procedendo á declaración de especial interese ou utilidade municipal da licenza urbanística para acondicionamento de aparcadoiro existente, consistentes en execución de acceso de formigón desactivado, colocación de celosías prefabricadas de formigón e céspede, así como acondicionamento vexetal de céspede e plantación de 15 castiñeiros, en rúa Fermín Rivera s/n, con referencia catastral 6821101PH1662S0001AQ, en base ás argumentacións recollidas no informe do servizo de Facenda Local, que se dan por reproducidas a efectos da súa motivación.

## URBANISMO

3/212 **ESTUDO DE DETALLE DAS PARCELAS EQ2 E EQ3 DO PARQUE EMPRESARIAL AS GÁNDARAS. APROBACIÓN DEFINITIVA.-** Examinado o expediente tramitado para os efectos e vistos:

1. INFORME-PROPOSTA DO DIRECTOR XERAL DE URBANISMO DE APROBACIÓN DEFINITIVA DO ESTUDO DE DETALLE PARA AS PARCELAS EQ2 E EQ3 DO PARQUE EMPRESARIAL DE AS GÁNDARAS, do 2 de decembro de 2024, do seguinte teor literal:

"Concluída a tramitación do estudo de detalle e á vista a documentación contida no expediente, e con base nas seguintes consideracións legais e urbanísticas:

**1º.- Obxecto do estudo de detalle.**

O estudo de detalle ten por obxecto a ordenación de volumes, o reaxuste das rasantes, a ordenación do sobrante de parcela e a concreción das condicións estéticas e de composición das edificacións nas parcelas EQ2 e EQ3 do parque empresarial de As Gándaras.

A finalidade é a construción dunha nave industrial para o desenvolvemento da actividade de parque central de maquinaria para a recollida e transporte de residuos urbanos, así coma unha estación de carga de GNC (gas natural comprimido).

**2º.- Ámbito do estudo de detalle.**

O ámbito do estudo de detalle está situado ao norte do termo municipal de Lugo, no parque empresarial de As Gándaras, e comprende as parcelas EQ2, de 12.509,00 m2, con referencia catastral 8168916PH1686N0001JM, e EQ3, de 12.509,00 m2. A superficie total do ámbito é de 25.018,00 m2.

As parcelas atópanse baleiras, contando a EQ2 con toda a contorna urbanizada e a EQ3 con urbanización na fronte oeste da mesma e en fase de urbanización o resto do perímetro.

O ámbito do estudo de detalle está cualificado como equipamento.

**3º.- Xustificación do estudo de detalle**

A Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia, no seu artigo 79.1, dispón que en desenvolvemento dos plans xerais, plans parciais e plans especiais, poderán redactarse estudos de detalle cos seguintes obxectivos:
a) Completar ou reaxustar as aliñácións e as rasantes.
b) Ordenar os volumes edificables.
c) Concretar as condicións estéticas e de composición das edificacións complementarias do planeamento.

E o Proxecto sectorial do parque empresarial de As Gándaras, aprobado definitivamente polo Consello da Xunta de Galicia en data 15 de febreiro de 2007 (DOG núm. 42, do 28 de febreiro de 2007), dispón:

> "*As parcelas EQ2 e EQ3, deberán desenvolverse cun único Estudio de Detalle, co obxecto de producir a ordenación de volumes, o axuste de rasantes, a ordenación do sobrante de parcela, e concretar as condicións estéticas e de composición da edificación complementarias do planeamento, e que desenvolva nunha proposición de conxunto na escala do anteproxecto arquitectónico.*"

Este estudo de detalle se redacta ao abeiro do disposto no artigo 79 da LSG e en cumprimento do mandato establecido no vixente proxecto sectorial do parque empresarial de As Gándaras.

**4º.- Determinacións urbanísticas.**

O PXOM de Lugo clasificou os terreos como solo urbanizable delimitado, incluíndoos na zona de planeamento incorporado UZPI-1.I.

A ordenación urbanística do ámbito obxecto do estudo de detalle é a establecida no Proxecto sectorial do parque empresarial de As Gándaras, aprobado definitivamente polo Consello da Xunta de Galicia en data 15 de febreiro de 2007, que foi obxecto de varias modificacións puntuais aprobadas en datas 20 de outubro de 2011, 22 de setembro de 2016 e 18 de marzo de 2021, coas especificacións establecidas no Plan xeral de ordenación municipal de Lugo (PXOM), aprobado definitivamente por Orde do 29 de abril de 2011, do conselleiro de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas da Xunta de Galicia (DOG núm. 94, do 16 de marzo de 2011 e BOP núm. 37, do 14 de febreiro de 2012).

Segundo o proxecto sectorial o uso principal é de equipamento e a súa edificabilidade máxima é de 1,40 m2/m2.

O estudo de detalle desenvolve as determinacións do proxecto sectorial e do PXOM e respecta as limitacións establecidas no artigo 79.2 da Lei 2/2016, do solo de Galicia: non altera o destino urbanístico do solo, non reduce as superficies destinadas a viais, espazos libres ou dotacións públicas, no prevé a apertura de novas vías de uso público que non estean previstas no proxecto sectorial, non aumenta a ocupación do solo, as alturas máximas edificables nin a intensidade de uso, non parcela o solo, non infrinxe as limitacións do planeamento superior, nin establece novos usos e ordenanzas.

**5º.- Tramitación.**

Na tramitación do estudo de detalle seguiuse o procedemento establecido nos artigos 80 da Lei 2/2016, do solo de Galicia, e 194 do seu Regulamento.

<u>Formulación:</u> O estudo de detalle foi formulado pola UTE ECO-LUGO, concesionaria do servizo de recollida de lixo deste Concello e da parcela EQ2 obxecto do estudo de detalle.

<u>Aprobación inicial:</u> A Xunta de Goberno Local do Concello de Lugo, en sesión celebrada o 30 de maio de 2024, acordou a aprobación inicial do estudo de detalle, así coma a apertura do trámite de información pública. O acordo sinala expresamente que o documento que se achegue para aprobación definitiva deberá adaptarse ás normas técnicas de planeamento urbanístico.

Información pública: O estudo de detalle aprobado inicialmente foi sometido a información pública polo prazo dun mes, mediante anuncio publicado no xornal “El Progreso” en data 11 de xullo de 2024, e no Diario Oficial de Galicia núm. 146, do 30 de xullo de 2024. Durante o período de información pública non se presentaron alegacións.

Informes emitidos:

- Escrito de Xestión de Solo de Galicia – Xestur Galicia, S.A., promotora do proxecto sectorial, manifestando que as rasantes propostas para a parcela EQ3 deberán adaptarse ao “proxecto de urbanización das fases IV, V e VII.A do proxecto sectorial do parque empresarial das Gándaras.

- Informe favorable da Dirección Xeral de Patrimonio Cultural da Xunta de Galicia, de data 30 de setembro de 2024, no que se manifesta que o ámbito do estudo de detalle non alberga ningún ben do patrimonio cultural nin afecta a ningún contorno de protección.

- Informe favorable da Arquitecta municipal, de data 25 de novembro de 2024, no que se conclúe que o estudo de detalle cumpre coa normativa urbanística de aplicación.

**6º.- Modificacións introducidas no documento aprobado inicialmente.**

Como consecuencia do acordo de aprobación inicial adoptado pola Xunta de Goberno Local, así coma do escrito de Xestión de Solo de Galicia – Xestur Galicia, S.A, achegouse nova documentación na que se incorporan as rectificacións mínimas para a adaptación formal do documento ás normas técnicas de planeamento urbanístico e para a adaptación das rasantes da parcela EQ3 ao proxecto de urbanización actualmente en execución. Estas rectificacións non supoñen cambios substancias con respecto ao documento aprobado inicialmente, manténdose inalterados os parámetros de edificación (ocupación, altura, volume, posición, aliñacións, etc.).

Logo de cumprimentados os trámites legalmente previstos e dado que non se introduciu ningunha modificación substantiva respecto do documento aprobado inicialmente, considerase procedente a aprobación definitiva do estudo de detalle de conformidade coa Lei 2/2016, do solo de Galicia, e o seu Regulamento.

**7º.- Competencia.**

Corresponde ao Pleno da Corporación, por maioría simple de votos, a aprobación definitiva do estudo de detalle, consonte ao disposto no artigo 123.1.i) da Lei 7/1985, reguladora das bases do réxime local.

Por todo o anterior, proponse a adopción do seguinte acordo:

*Primeiro:* Aprobar definitivamente o estudo de detalle para as parcelas EQ2 e EQ3 do parque empresarial de As Gándaras, promovido pola UTE ECO LUGO, e redactado en novembro de 2024 polo arquitecto Eusebio Chao Carreiras, de conformidade co disposto no artigo 80 da Lei 2/2016, do solo de Galicia.

*Segundo*.- Publicar este acordo no Diario Oficial de Galicia e instar a súa inscrición no Rexistro de Planeamento Urbanístico de Galicia, en cumprimento do disposto no artigo 82 da Lei 2/2016, do solo de Galicia.

Unha vez inscrito no Rexistro de Planeamento, as determinacións contidas no apartado 4 do estudo de detalle publicaranse no Boletín Oficial da Provincia de Lugo.

O contido íntegro do documento aprobado definitivamente poderá consultarse na sede electrónica do Concello de Lugo na seguinte ligazón: https://concellodelugo.gal/gl/actuacions/normativa-urbanistica

*Terceiro*.- Contra a aprobación do estudo de detalle poderase interpoñer recurso contencioso-administrativo ante a Sala do Contencioso-Administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, no prazo de dous meses contados a partir do día seguinte ao da súa publicación no Diario Oficial de Galicia."

2. DITAME FAVORABLE da Comisión Especial de Contas e Ordinaria da Alcaldía, Recursos Internos e Proxecto de Cidade, emitido na sesión celebrada o día 20 de decembro de 2024.

Ao non suscitarse debate, sométese o asunto directamente a votación, acadándose os seguintes resultados:

**Votos emitidos**: 25

| | | |
|---|---|---|
| - **Votos a favor**: | 25 | dos Grupos Municipais do Partido Popular, do Partido Socialista de Galicia-PSOE e do Bloque Nacionalista Galego. |
| - **Votos en contra:** | 0 | |
| - **Abstencións:** | 0 | |

En virtude de todo o cal, o Excmo. Concello Pleno, por unanimidade, **ACORDA:**

PRIMEIRO.- Aprobar definitivamente o estudo de detalle para as parcelas EQ2 e EQ3 do parque empresarial de As Gándaras, promovido pola UTE ECO LUGO, e redactado en novembro de 2024 polo arquitecto Eusebio Chao Carreiras, de conformidade co disposto no artigo 80 da Lei 2/2016, do solo de Galicia.

SEGUNDO.- Publicar este acordo no Diario Oficial de Galicia e instar a súa inscrición no Rexistro de Planeamento Urbanístico de Galicia, en cumprimento do disposto no artigo 82 da Lei 2/2016, do solo de Galicia.

Unha vez inscrito no Rexistro de Planeamento, as determinacións contidas no apartado 4 do estudo de detalle publicaranse no Boletín Oficial da Provincia de Lugo.

O contido íntegro do documento aprobado definitivamente poderá consultarse na sede electrónica do Concello de Lugo na seguinte ligazón: https://concellodelugo.gal/gl/actuacions/normativa-urbanistica

TERCEIRO.- Contra a aprobación do estudo de detalle poderase interpoñer recurso contencioso-administrativo ante a Sala do Contencioso-Administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, no prazo de dous meses contados a partir do día seguinte ao da súa publicación no Diario Oficial de Galicia.

**INTERVENCIÓN**

4/213 **RECOÑECEMENTO EXTRAXUDICIAL DE CRÉDITOS NÚM. 29/2024. REPARO 91/2024.-** Examinado o expediente tramitado para os efectos e vistos:

1. PROPOSTA DA ALCALDESA PRESIDENTA, do 17 de decembro de 2024, do teor literal seguinte:

**“Asunto: Tramitación de aprobación de facturas**
**Fase do Gasto: Recoñecemento da obriga fase O**
***Recoñecemento extraxudicial 29-2024_Reparo 91-2024***
***IMPORTE TOTAL: 33.253,56 €***
***IMPORTE TOTAL imputado ao orzamento 2024: 33.253,56 €***

Durante o presente exercicio remitíronse por parte dos servizos municipais ao departamento de Contabilidade Municipal, diversas facturas devengadas e executadas no exercicio anterior que non foron imputadas ao orzamento, por importe total de **33.253,56 €**

No actual exercicio procedeuse á verificación da existencia dos informes de conformidade preceptivos e esixibles para a tramitación do correspondente expediente de recoñecemento extraxudicial de crédito, así como da habilitación do crédito polo órgano responsable da Contabilidade Municipal.

Considerando a conformidade prestada polos responsables técnicos municipais, así como polos titulares das concellerías delegadas de área ás ditas facturas corroborando así a efectiva execución dos servizos.

Considerando igualmente a imputación orzamentaria das facturas con cargo ao estado de consignacións orzamentarias incluídas no orzamento corporativo para o exercicio 2024, xuntándose as dilixencias estendidas pola responsable da Contabilidade Municipal indicativas da referencia dos mandamentos contables RC asinados pola tesoureira municipal como responsable da Contabilidade Municipal, acreditativos da existencia de crédito dispoñible, por importe total de **33.253,56 € (contía imputable ao orzamento 2024*)*** nas respectivas aplicacións presupostarias de imputación relacionada, sen que tal circunstancia supoña ningún menoscabo na prestación dos servizos de natureza básica e esencial, asumindo como responsable da xestión orzamentaria que a imputación dos gastos relacionados con cargo aos créditos do orzamento vixente non causará ningún prexuízo nin limitación ningunha para a realización das atencións do exercicio corrente, e polo tanto, resulta posible a súa imputación sen minoración da calidade dos servizos e con coherencia respecto dos obxectivos de estabilidade orzamentaria e regra de gasto.

Considerando finalmente o enriquecemento inxusto da Administración municipal como consecuencia da execución de gastos no beneficio dos intereses xerais, e atendendo á conformidade prestada polos servizos técnicos municipais tanto ás cantidades, como ás calidades e prezos.

Logo de ver o informe emitido pola Intervención Xeral Municipal Ref. 2024/1880, do 17.12.2024 relativo ao expediente administrativo de recoñecemento extraxudicial de crédito 29-2024_Reparo 91-2024, coas consideracións nel contidas, e o decreto de levantamento de reparo núm. 12074/2024, do 17.12.2024, esta alcaldía no uso das atribucións conferidas propón ao Pleno a adopción do acordo correspondente á seguinte:

**PROPOSTA DE ACORDO**

De conformidade co establecido no artigo 60.2 do Real Decreto 500/1990, de 20 de abril, proponse a habilitación de crédito así como a aprobación da autorización, disposición do gasto, recoñecemento e liquidación das obrigas relacionadas no presente expediente de recoñecemento extraxudicial de crédito das facturas relacionadas e con cargo ás aplicacións orzamentarias e mandamentos sinalados nas dilixencias respectivas de existencia de crédito e cuxo importe global suma a cantidade de **33.253,56 €*:***

| CÓDIGO | PROVEDOR/A | NIF/CIF | NÚM_FACT | CONCEPTO | APLICACIÓN | NÚM_OPER | TOTAL | DATA | ÁREA | MOTIVO |
|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|

| | | | | | | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|
| 100802 | ALENTI SOLUCIONES PARA EVENTOS SL | B27369909 | 82 | CONVIVO 2023- Aloxamento e almo rzo 11 pax do 14 ao 17 de maio - Cena día 14 de maio para 12 p ax-Comida día 15 de maio para | 91201.22699 | 202400014220 | 10.732,04 | 18/5/2023 | PRENSA | D |
| 107192 | FRANCISCO LOPEZ RESTAURAN TE ESPAÑA SL | B27264605 | 1804 | COMIDAS REALIZADAS 17/05/2023- -- | 91201.22699 | 202400061756 | 313,50 | 22/3/2024 | ALCALDIA | D |
| 107193 | FRANCISCO LOPEZ RESTAURAN TE ESPAÑA SL | B27264605 | 1705 | COMIDAS REALIZADAS 10/05/2023- -- | 91201.22699 | 202400061756 | 134,41 | 22/3/2024 | ALCALDIA | D |
| 107194 | FRANCISCO LOPEZ RESTAURAN TE ESPAÑA SL | B27264605 | 986 | COMIDAS REALIZADAS 22/03/2023- -- | 91201.22699 | 202400061756 | 282,61 | 22/3/2024 | ALCALDIA | D |
| 107740 | A SA SON SLU | B27443662 | 00047 | Producción e aluguer de materi al para a gala das Medallas de Ouro da Cidade de Lugo o 30 d e novembro 2023 na caixa negra | 91201.22699 | 202400081862 | 17.908,00 | 23/4/2024 | PRENSA | D |
| 93365 | EXPOSITO*P ARDO,MANU EL | 33837849L | 22/1/2290 | Menú | 91201.22699 | 202400014220 | 2.310,00 | 29/6/2022 | PRENSA | D |

| | | | | | | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|
| 99999 | A SA SON SLU | B27443662 | 00052 | ALQUILER DE : EQUIPO DE SONIDO ADECUADO AL RECINTO 2 MONITOR ES EN TRIPODES 1 MESA DE SONID O MICROFONIA SEGUN RAIDER 6 CA | 91201.22699 | 202400083727 | 1.573,00 | 31/5/2023 | PRENSA | D |
| | | | | | | **TOTAL** | **33.253,56** | | | |

2. DITAME FAVORABLE da Comisión Especial de Contas e Ordinaria da Alcaldía, Recursos Internos e Proxecto de Cidade, emitido na sesión celebrada o día 20 de decembro de 2024.

Tras a deliberación efectuada, sométese o asunto a votación, acadándose os seguintes resultados:

**Votos emitidos**: 25
- **Votos a favor**: 13 dos Grupos Municipais do Partido Socialista de Galicia-PSOE e do Bloque Nacionalista Galego.
- **Votos en contra:** 0
- **Abstencións:** 12 do Grupo Municipal do Partido Popular, por ausentarse da sesión antes da votación.

En virtude de todo o cal, o Excmo. Concello Pleno, por maioría absoluta, **ACORDA:**

De conformidade co establecido no artigo 60.2 do Real Decreto 500/1990, de 20 de abril, APROBAR a habilitación de crédito así como a aprobación da autorización, disposición do gasto, recoñecemento e liquidación das obrigas relacionadas no presente expediente de recoñecemento extraxudicial de crédito das facturas relacionadas e con cargo ás aplicacións orzamentarias e mandamentos sinalados nas dilixencias respectivas de existencia de crédito e cuxo importe global suma a cantidade de **33.253,56 €*:***

| CÓDIGO | PROVEDOR/A | NIF/CIF | NÚM_FACT | CONCEPTO | APLICACIÓN | NÚM_OPER | TOTAL | DATA | ÁREA | MOTIVO |
|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|

| | | | | | | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|
| 100802 | ALENTI SOLUCIONES PARA EVENTOS SL | B27369909 | 82 | CONVIVO 2023- Aloxamento e almo rzo 11 pax do 14 ao 17 de maio - Cena día 14 de maio para 12 p ax-Comida día 15 de maio para | 91201.22699 | 202400014220 | 10.732,04 | 18/5/2023 | PRENSA | D |
| 107192 | FRANCISCO LOPEZ RESTAURAN TE ESPAÑA SL | B27264605 | 1804 | COMIDAS REALIZADAS 17/05/2023- -- | 91201.22699 | 202400061756 | 313,50 | 22/3/2024 | ALCALDIA | D |
| 107193 | FRANCISCO LOPEZ RESTAURAN TE ESPAÑA SL | B27264605 | 1705 | COMIDAS REALIZADAS 10/05/2023- -- | 91201.22699 | 202400061756 | 134,41 | 22/3/2024 | ALCALDIA | D |
| 107194 | FRANCISCO LOPEZ RESTAURAN TE ESPAÑA SL | B27264605 | 986 | COMIDAS REALIZADAS 22/03/2023- -- | 91201.22699 | 202400061756 | 282,61 | 22/3/2024 | ALCALDIA | D |
| 107740 | A SA SON SLU | B27443662 | 00047 | Producción e aluguer de materi al para a gala das Medallas de Ouro da Cidade de Lugo o 30 d e novembro 2023 na caixa negra | 91201.22699 | 202400081862 | 17.908,00 | 23/4/2024 | PRENSA | D |
| 93365 | EXPOSITO*P ARDO,MANU EL | 33837849L | 22/1/2290 | Menú | 91201.22699 | 202400014220 | 2.310,00 | 29/6/2022 | PRENSA | D |

| | | | | | | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|
| 99999 | A SA SON SLU | B27443662 | 00052 | ALQUILER DE : EQUIPO DE SONIDO ADECUADO AL RECINTO 2 MONITOR ES EN TRIPODES 1 MESA DE SONID O MICROFONIA SEGUN RAIDER 6 CA | 91201.22699 | 202400083727 | 1.573,00 | 31/5/2023 | PRENSA | D |
| | | | | | | **TOTAL** | **33.253,56** | | | |

## DELIBERACIÓN

**-PAULA ALVARELLOS FONDO**: Pois tal e como se acordou na Xunta de Voceiros, estes recoñecementos, puntos 4 e 5, vanse debater conxuntamente. Tamén entrou, fóra da orde do día, un terceiro recoñecemento. Polo tanto, tal e como lle comuniquei á Xunta de Voceiros, imos votar a súa urxencia.

(Prodúcese a votación da urxencia, que resulta aceptada)

Vanse debater os 3 recoñecementos conxuntamente; a votación é por separado.

**-ANA MARÍA RIVAS GARCÍA, SECRETARIA**: Ben. Entón imos proceder ao debate conxunto dos puntos 4, 5 e do punto que se acaba de incluír na orde do día. Entón: recoñecemento extraxudicial de créditos número 29/2024, reparo 91/2024; recoñecemento extraxudicial de créditos número 30/2024, reparo 92/2024 e… o recoñecemento extraxudicial de créditos número 31/2024.

**-PAULA ALVARELLOS FONDO**: Pois polo goberno ten a palabra o concelleiro Mauricio Repetto.

**-MAURICIO REPETTO MORBÁN**: Buenos días. Gracias, alcaldesa.
Traemos a este Pleno para un reconocimiento extrajudicial de crédito, en principio… 3 reconocimientos. El primero por 33 253,56 euros, que corresponden a 7 facturas. El segundo por 321 681,10 euros, que corresponden a 1 factura. Y el tercero por 149 522,17 euros, que corresponden a 37 facturas que, en este caso, 25 corresponden a suministros de gas.
El primer reconocimiento, como decíamos, está compuesto por 7 facturas, en principio, en su mayoría, de suministros y servicios requeridos por diferentes servicios del Ayuntamiento de Lugo. Algunos de los reconocimientos extrajudiciales de crédito son cuestiones como alquiler de material para el desarrollo adecuado de

una oportunidad como las medallas de oro de la ciudad, así como también diversos gastos protocolarios necesarios para la ejecución de la misma gala, como alquiler de sonidos, trípodes, entre otras muchas. No pudo realizarse la correspondiente propuesta de gasto por tratarse de algunos imprevistos técnicos y, en otras, los propios proveedores no presentaron en tiempo y forma la correspondiente factura para su posterior comprobación y pago.
Otras son del último mes del año y, como bien sabemos, se imputan al presupuesto del año siguiente. Las propuestas de gasto posteriores al 10 de diciembre se imputan al presupuesto del año, en este caso, del año siguiente y por ese motivo traemos esos reconocimientos extrajudiciales de crédito.
El tercero, compuesto por 35 facturas, hay que reconocer que el 72 % de ese reconocimiento son 25 facturas de gas que, por la dificultad que conlleva muchas veces la comprobación y el seguimiento de dichas facturas, de esos suministros… por tal motivo su comprobación por los diferentes servicios hace que se ralentice su comprobación y, por supuesto, se pueda afrontar dicho pago. Por eso también es un compromiso por parte de este gobierno de traer a este último Pleno del año esas facturas para, por supuesto, pagar a los proveedores, que esa es la prioridad y la voluntad de regularizar todas esas facturas que se encontraban en ese reconocimiento extrajudicial de crédito que en su mayoría, como decíamos, son suministros al propio Ayuntamiento. Queremos pagar, podemos pagar y así lo haremos.
Muchas gracias.

**-PAULA ALVARELLOS FONDO**: Moitas gracias. Señora Carballas.

**-MARÍA DEL MAR CARBALLAS PIÑEIRO**: Gracias, alcaldesa.

Buenos días a todos y a todas en este probablemente último Pleno del año, en el que voy a empezar deseándoos a todos un buen final del 2024 y un 2025 cargado de salud porque, si tenemos salud, el resto ya viene rodado.

La verdad es que con este bigobierno siempre hay sorpresas. Cuando creíamos que ya lo habíamos visto todo, se convoca una junta de portavoces 15 minutos antes del Pleno y se nos da una batería de facturas por un importe de casi 150 000 euros. Aproximadamente, lo que me dio tiempo a contar, 35 facturas que pudieron adelantarnos por correo electrónico para su análisis, nos pudieron facilitar una hora antes… pero no. No les interesa porque no quieren que tengamos información, una trapallada más de este bigobierno que oculta información una y otra vez. Hay dos maneras de gobernar y, desde luego, esta no es la nuestra.

A este Pleno nos traen los reconocimientos número 29, 30 y, ahora, 31, todos con reparo de legalidad. En el Pleno del debate del estado de la ciudad, la señora alcaldesa dijo que este había sido un año lleno de reconocimientos. Pues sí, exactamente 31 reconocimientos por un valor de 4 585 662,92 euros, de los cuales contaron con reparo de legalidad aproximadamente 3 729 608,70 euros, más de un 80 %.

Algo no están haciendo ustedes bien cuando el 81 % de la cantidad que ustedes pagan mediante reconocimientos incumple la normativa.

El reconocimiento 29/2024 con reparo 91/2024 incluye 7 facturas por un importe total de 33 253,56 euros. Todas las facturas que ustedes incluyen tienen reparo porque omiten el procedimiento de licitación para los contratos menores.

Señor Repetto, yo le aconsejo que se lea el acta de la Junta de Gobierno Local del 16 de febrero del 2022. Todas las personas que firman esa Junta de Gobierno Local están hoy aquí sentadas, excepto la que era entonces alcaldesa, la señora Méndez. Por aquel entonces, yo llevaba aproximadamente 20 días como concejala y usted llevaba casi 3 años. En esa Junta de Gobierno Local se aprobó el manual de procedimiento de tramitación electrónica de los contratos menores en el Concello de Lugo, que este manual es el que guía la instrucción de los contratos menores y es de obligado cumplimiento desde el 20 de febrero del 2022. Este manual se aprobó por unanimidad en esa Junta de Gobierno por los compañeros que están aquí presentes: la señora Alvarellos, el señor Fernández, el señor Arroxo, la señora Abelleira, la señora Ferreiro, la señora Fernández…

Lo que no se entiende es para qué aprueban por unanimidad un manual para limitar y controlar la contratación directa, para someter los contratos menores a nuevas y mayores restricciones, si después no lo ponen en práctica. Porque vemos constantemente que omiten el procedimiento de licitación para contratos menores recogidos en esa Junta de Gobierno Local. No entendemos por qué aprueban por unanimidad implementar un nuevo procedimiento electrónico de tramitación de contratos menores que los dota de mayor seguridad jurídica, que actúa como garante del procedimiento, para que no se produzcan restricciones injustificadas en el acceso a la misma por parte de empresas y da mayor efectividad a los principios de publicidad y concurrencia, si después no lo aplican. Ni se aplicaba antes de su aprobación en el año 2022, ni se aplicó después, ni se aplica a día de hoy.

De las 7 facturas que incluyen este reconocimiento, 1 es de marzo y 5 son de mayo del 2023, en las que se contrató directamente y sin el procedimiento legal a diferentes empresas de Lugo. Y todos sabemos lo que pasó en el año 2023, todos sabemos lo que pasó en esas fechas, pero, por si acaso, se lo voy a recordar:

Lugo fue la Capital de la Cultura de Eixo Atlántico, que a lo mejor había alguien que estaba pensando en las elecciones municipales que, casualmente, también fueron por esas fechas. Pero no, yo no me refería a eso. 4 facturas pertenecen exclusivamente a comidas y suman un total de 3400,52 euros. Como decía, las fechas son 22 de marzo del 2023, 10 de mayo del 2023, 17 de mayo del 2023… y hasta hay una factura del 18 de mayo del 2023, que tiene un importe de 10 723,04 euros y fue para pagar los gastos de *catering*, alojamiento, comidas, cenas y producción del ConVIVO, que me imagino que todos sabrán lo que es el ConVIVO porque supuso un revulsivo para la ciudad de Lugo. Fue una actividad dentro de la programación del Eixo Atlántico que todo el año, toda la programación del Eixo Atlántico, estaba colgado en su propia página web.

Con lo cual, señor Repetto, eso que nos dice de que se produjeron problemas técnicos no se lo cree nadie. No solicitó un contrato menor por esta actividad que costó casi 11 000 euros y que se hizo el 18 de mayo del 2023.

Hay otra factura, también de comida, por un importe de 2300 euros, del 26 de junio del 2022. Ustedes no son un gobierno moroso ni mal pagador, pero llaman a un restaurante, reservan, se hace la comida y dos años y medio después no pagan. No sé, entonces, cómo se le llama a eso.

Muchas gracias.

**-PAULA ALVARELLOS FONDO**: Moitas grazas, señora Carballas. Segunda quenda para o señor Repetto.

**-MAURICIO REPETTO MORBÁN**: Gracias, alcaldesa.
Primero, decirle que muchas de esas facturas se han pagado con reconocimiento extrajudicial de crédito porque los propios proveedores han presentado las facturas fuera del año en curso, como decíamos, y fuera de plazo.
También comentarle que el reconocimiento extrajudicial número 30/2024 con reparo 92/2024 trata de una única factura con un importe total, como hemos dicho, de 321 681,10 euros, que pertenece al ejercicio 2022, y que era una factura pendiente con Urbaser, que era la empresa prestadora del servicio de recogida de basura previo al vigente contrato de recogida de la basura actual, correspondiente al mes de julio del 2022, liquidación que fue informada favorablemente por el servicio gestor y trata de un requerimiento a la empresa de una liquidación parcial a cuenta del importe inicial emitido dos años más tarde, siendo firmada por el servicio gestor de forma inmediata.
Señora Carballas, nuevamente recordarle que somos un ayuntamiento con un buen periodo medio de pago. Lugo no es un ayuntamiento moroso. Usted está responsabilizando también en parte a los trabajadores de esta casa por no cumplir su trabajo y eso no es verdad: lo hacen, pero muchos de los proveedores también presentan esas facturas fuera de plazo.
Y, en este caso, este último reconocimiento extrajudicial de crédito, por la complejidad de conformar y hacer el seguimiento de estas 35 facturas de las cuales decíamos que 25 son del suministro de gas.
Muchas gracias.

**-PAULA ALVARELLOS FONDO**: Moitas grazas, señor Repetto. Segunda quenda para a señora Carballas.

**-MARÍA DEL MAR CARBALLAS PIÑEIRO**: Señor Repetto, lo mismo de siempre: yo no hablé de los trabajadores, pero usted siempre con lo mismo. Trae su discurso ahí escrito y me lee lo mismo de siempre. Yo no hablé ni del retraso del pago ni de los trabajadores. Deje de meter a los trabajadores y tratar de confrontarnos con

ellos, porque es mentira. Si ustedes no saben cómo deben gobernarnos, no es nuestra culpa.
No sé de qué sirve que tengamos el debate si, Pleno tras pleno, ni me responde ni me da explicaciones. ¿Va a seguir sin dar explicaciones de por qué omite los procedimientos de licitación para contratos menores y por qué no los publican en el portal de transparencia? Van dos meses tarde.
Insisto, si crean un procedimiento de licitación, ¿por qué después no lo usan? Se saltan todos los procedimientos y todos los principios. Que, por cierto, a este Pleno también nos traen varias *acciones de conta* con datos muy curiosos, sobre todo las dedicadas al control financiero. En una de ellas pone textualmente: «Ponse de manifesto que non se atendeu ao requirimento de remisión de información para realización do control financeiro, facéndose constancia expresa no presente informe provisional da falta de colaboración e/ou obstrución».
Bueno, pues parece ser que no es a nosotros a los únicos a los que les ponen impedimento para acceder a la información. Además, en esta misma dación de conta, referente a subvenciones del ámbito juvenil, habla de que se incumplen las bases reguladoras de la subvención, lo que motiva no solo la nulidad del acto de constitución de comisión y de su actuación en el expediente, sino de posteriores actos en el procedimiento.
Pero esto no termina aquí. No consta que se les notificara concesión a los beneficiarios, no consta presentada ninguna documentación justificativa, tampoco se le requirió que subsanase la falta de presentación de documentación, al único que la presentó ni tan siquiera se le comprobó la documentación… Y, para finalizar, el órgano gestor no cumple con la obligación de comprobación de la adecuada justificación de los fondos públicos. Todo esto y más incumplimientos aparecen en los informes de dación de contas. Es que no hay Pleno en el que no tengamos sorpresas. Lo acabamos de ver con los reconocimientos que nos presentaron 15 minutos antes del Pleno.
Gobiernan de forma oscura, opaca, torticera y solitaria. Se van a quedar solos. Se van a quedar solos, no solo en sus maniobras, sino con sus cacicadas, porque esto no lo vamos a permitir.
No vamos a votar en contra porque los autónomos y empresarios no tienen culpa de su manera de gobernar, pero no vamos a ser cómplices de sus faltas de respeto constantes a la institución y a los lucenses.
Gracias.

**-PAULA ALVARELLOS FONDO**: Moitas grazas, señora Carballas. Última quenda para o señor Repetto.

**-MAURICIO REPETTO MORBÁN**: Gracias, alcaldesa.
Señora Carballas, de verdad, no vamos a consentir que usted venga aquí a decir que no hay transparencia cuando sí la hay. Le recuerdo que al año se pagan alrededor de 8000 facturas por un importe aproximado de 70 000 000 euros. Estamos a hablar de facturas del gas, estamos a hablar de una factura final de

Urbaser, que era la empresa prestadora de servicios. Por lo tanto, yo creo que aquí hay transparencia, lo que pasa es que usted no quiere verla y no quiere escuchar.

**-PAULA ALVARELLOS FONDO**: Moitas grazas. Imos votar por separado.

**-MARIA ELENA CANDIA LÓPEZ**: Informamos de que nestas votacións nos ausentamos do salón de plenos.

5/214 **RECOÑECEMENTO EXTRAXUDICIAL DE CRÉDITOS NÚM. 30/2024. REPARO 92/2024.**- Examinado o expediente tramitado para os efectos e vistos:

1. PROPOSTA DA ALCALDESA PRESIDENTA, do 17 de decembro de 2024, que seguidamente se transcribe:

**"Asunto: Tramitación de aprobación de facturas**
**Fase do Gasto: Recoñecemento da obriga fase O**
***Recoñecemento extraxudicial 30-2024_Reparo 92-2024***
***IMPORTE TOTAL: 321.681,10 €***
***IMPORTE TOTAL imputado ao orzamento 2024: 321.681,10 €***

Durante o presente exercicio remitíronse por parte dos servizos municipais ao departamento de Contabilidade Municipal, diversas facturas devengadas e executadas no exercicio anterior que non foron imputadas ao orzamento, por importe total de **321.681,10 €**

No actual exercicio procedeuse á verificación da existencia dos informes de conformidade preceptivos e esixibles para a tramitación do correspondente expediente de recoñecemento extraxudicial de crédito, así como da habilitación do crédito polo órgano responsable da Contabilidade Municipal.

Considerando a conformidade prestada polos responsables técnicos municipais, así como polos titulares das concellerías delegadas de área ás ditas facturas corroborando así a efectiva execución dos servizos.

Considerando igualmente a imputación orzamentaria das facturas con cargo ao estado de consignacións orzamentarias incluídas no orzamento corporativo para o exercicio 2024, xuntándose as dilixencias estendidas pola responsable da Contabilidade Municipal indicativas da referencia dos mandamentos contables RC asinados pola tesoureira municipal como responsable da Contabilidade Municipal, acreditativos da existencia de crédito dispoñible, por importe total de **321.681,10 € (contía imputable ao orzamento 2024*)*** nas respectivas aplicacións presupostarias de imputación relacionada, sen que tal circunstancia supoña ningún menoscabo na prestación dos servizos de natureza básica e esencial, asumindo como responsable da xestión orzamentaria que a imputación dos gastos relacionados con cargo aos créditos do orzamento vixente non causará ningún prexuízo nin limitación ningunha

para a realización das atencións do exercicio corrente, e polo tanto, resulta posible a súa imputación sen minoración da calidade dos servizos e con coherencia respecto dos obxectivos de estabilidade orzamentaria e regra de gasto.

Considerando finalmente o enriquecemento inxusto da Administración municipal como consecuencia da execución de gastos no beneficio dos intereses xerais, e atendendo á conformidade prestada polos servizos técnicos municipais tanto ás cantidades, como ás calidades e prezos.

Logo de ver o informe emitido pola Intervención Xeral Municipal Ref. 2024/1878, do 17.12.2024 relativo ao expediente administrativo de recoñecemento extraxudicial de crédito 30-2024_Reparo 92-2024, coas consideracións nel contidas, e o decreto de levantamento de reparo núm. 12059/2024, do 17.12.2024, esta alcaldía no uso das atribucións conferidas propón ao Pleno a adopción do acordo correspondente á seguinte:

**PROPOSTA DE ACORDO**

De conformidade co establecido no artigo 60.2 do Real Decreto 500/1990, de 20 de abril, proponse a habilitación de crédito así como a aprobación da autorización, disposición do gasto, recoñecemento e liquidación das obrigas relacionadas no presente expediente de recoñecemento extraxudicial de crédito das facturas relacionadas e con cargo ás aplicacións orzamentarias e mandamentos sinalados nas dilixencias respectivas de existencia de crédito e cuxo importe global suma a cantidade de **321.681,10 €*:***

| CÓDIGO | PROVEDOR/A | NIF/CIF | NÚM_FACT | CONCEPTO | APLICACIÓN | NÚM_OPER | TOTAL | DATA | ÁREA | MOTIVO |
|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|
| 111557 | URBASER, S.A.U. | A79524054 | 1000312V2400003 | FACTURACIÓN PARCIAL A CUENTA DEL 20,50% DE LA FACTURA 1000312V2200086 DE FECHA 25/11/2022 | 16210.22799 | 202400083699 | 321.681,10 | 02/12/2024 | LIMPEZA VI | C |
| | | | | | | **TOTAL** | **321.681,10** | | | |

2. <u>DITAME FAVORABLE</u> da Comisión Especial de Contas e Ordinaria da Alcaldía, Recursos Internos e Proxecto de Cidade, emitido na sesión celebrada o día 20 de decembro de 2024.

Tras a deliberación efectuada, sométese o asunto a votación, acadándose os seguintes resultados:

**Votos emitidos**: 25
- **Votos a favor**: 13 dos Grupos Municipais do Partido Socialista de Galicia-PSOE e do Bloque Nacionalista Galego.
- **Votos en contra:** 0
- **Abstencións:** 12 do Grupo Municipal do Partido Popular, por ausentarse da sesión antes da votación.

En virtude de todo o cal, o Excmo. Concello Pleno, por maioría absoluta, **ACORDA:**

De conformidade co establecido no artigo 60.2 do Real Decreto 500/1990, de 20 de abril, APROBAR a habilitación de crédito así como a aprobación da autorización, disposición do gasto, recoñecemento e liquidación das obrigas relacionadas no presente expediente de recoñecemento extraxudicial de crédito das facturas relacionadas e con cargo ás aplicacións orzamentarias e mandamentos sinalados nas dilixencias respectivas de existencia de crédito e cuxo importe global suma a cantidade de **321.681,10 €*:***

| CÓDIGO | PROVEDOR/A | NIF/CIF | NÚM_FACT | CONCEPTO | APLICACIÓN | NÚM_OPER | TOTAL | DATA | ÁREA | MOTIVO |
|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|
| 111557 | URBASER, S.A.U. | A79524054 | 1000312V2400003 | FACTURACIÓN PARCIAL A CUENTA DEL 20,50% DE LA FACTURA 1000312V2200086 DE FECHA 25/11/2022 | 16210.22799 | 202400083699 | 321.681,10 | 02/12/2024 | LIMPEZA VI | C |
| | | | | | | **TOTAL** | **321.681,10** | | | |

## DELIBERACIÓN

Asunto debatido conxuntamente cos puntos 4/213 e 24/233. As intervencións producidas figuran ao pé do punto 4/213.

**<u>NOTA</u>: Conxuntamente cos recoñecementos extraxudiciais de créditos número 29/2024 e 30/2024, que anteceden, puntos 4/213 e 5/214 da orde do día, foi tratado o recoñecemento extraxudicial de créditos número 31/2024, que foi elevado á consideración do Excmo. Concello Pleno fóra da orde do día, e logo de ser votada a declarada a súa urxencia.**
**Non obstante, e por razóns de sistemática, transcríbese na presente acta no lugar que lle correspondería segundo o sinalado no artigo 59 do Regulamento orgánico municipal do Pleno do Concello de Lugo, co número de asunto 24/233.**

## PROPOSICIÓNS

6/215 **PROPOSICIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DO PARTIDO POPULAR, NÚMERO 425/2024 DE REXISTRO DE PLENO, PARA ESIXIRLLE AO CONCELLO DE LUGO QUE NON DEMORE MÁIS A CESIÓN DA PARCELA NECESARIA PARA A CONSTRUCIÓN DO NOVO CENTRO DE SAÚDE DO SAGRADO CORAZÓN (Exp. 2024/G004/000829).-** Vista a citada proposición expresiva do seguinte:

"Exposición de motivos

O 29 de outubro de 2021, o Consello da Xunta aproba o Plan de Infraestructuras Sanitarias de Atención Primaria, que deseña unha folla de ruta que centre as prioridades de actuación a curto e medio prazo. Nese Plan, o centro de saúde do Sagrado Corazón atópase na fase 1 das prioridades. A prioridade asistencial definida pola Xunta depende de circunstancias coma a colaboración institucional co concello no que se construirá dito novo centro de saúde. A Xunta reclamou colaboración do concello de Lugo unha semana despois de aprobado dito Plan de Infraestructuras mediante carta datada o 4 de novembro de 2021, na que solicitaban a este concello o mesmo que a calquera outro concello de Galicia pendente da construcción dun novo centro de saúde: A cesión dunha parcela viable e libre de cargas da superficie axeitada (Unha parcela que, no caso do concello de Lugo, sempre se dixo e así se estivo a traballar, incluso en reunións con técnicos do concello e coa alcaldesa, Paula Alvarellos, correspóndese co antigo colexio do barrio do Sagrado Corazón).

Dende entón, as peticións de colaboración por parte da Xunta de Galicia para avanzar neste asunto foron constantes e reiteradas (marzo de 2022, febreiro de 2023, xaneiro e outubro de 2024...) pero a Xunta segue agardando a que o Concello formalice a cesión da parcela, necesaria para o inicio das obras.

Lonxe de atopar a demandada colaboración por parte do Concello, en tempos de Lara Méndez tentouse comprometer a construcción do novo centro de saúde, empregando o convenio específico para a cesión de espazos, coma parte dunha negociación para a posta en marcha doutros equipamentos e, recentemente, pola prensa, anuncia a actual alcaldesa un posible cambio do emprazamento fora do barrio do Sagrado Corazón, o que lonxe de acelerar os procesos administrativos precisos para a construcción do novo centro de saúde, introduce novas dificultades no proceso, ademais de ter un claro rexeitamento por parte dos veciños do Sagrado Corazón.

O potencial dos proxectos liderados pola Xunta de Galicia en Lugo para mellorar servizos esenciais e para modernizar os barrios xa é unha realidade no barrio da Residencia co novo CIS e será unha realidade no barrio da Milagrosa, onde se vai adaptar o antigo centro de saúde ao cambio na demanda asistencial motivada pola posta en marcha do CIS do barrio da Residencia.

A cesión da parcela do antigo colexio é un paso imprescindible para facer realidade no barrio do Sagrado Corazón a mesma mellora e modernización, coa construcción dunha infraestructura esencial que contribúa a mellorar a calidade asistencial da cidadanía: A Xunta atópase preparada para comezar este proxecto no Sagrado Corazón tan pronto se dispoña do terreo e os veciños do barrio demandan de xeito evidente que o proxecto mude en realidade.

Por todo o exposto, o grupo municipal do Partido Popular considera de interés municipal que o pleno da Corporación Municipal ACORDE:

Instar ao Concello de Lugo a poñer INMEDIATAMENTE á disposición da Xunta de Galicia a parcela do antigo colexio do Sagrado Corazón para que poda comezar a construcción do novo centro de saúde do devandito barrio."

Vista, así mesmo, a emenda presentada no transcurso do debate polo Grupo Municipal do Partido Socialista de Galicia-PSOE, no que se propón substituír a parte resolutiva da proposición polo seguinte texto:

*"Instar á Xunta de Galicia a que comunique formar e oficialmente ao Concello cal é a parcela escollida e cales as necesidades de espazo definitivas que precisa para poder construír o Centro de Saúde do Sagrado Corazón, paso imprescindible para que a Administración local poida iniciar a tramitación do correspondente convenio de colaboración no que se ampare tanto a permuta inicial dos terreos con Abanca como a cesión dos mesmos ao Goberno galego."*

Tras a deliberación efectuada, sométese o asunto a votación, acadándose os seguintes resultados:

**Votos emitidos**: 25

| | | |
|---|---|---|
| - **Votos a favor**: | 25 | dos Grupos Municipais do Partido Popular, do Partido Socialista de Galicia-PSOE e do Bloque Nacionalista Galego. |
| - **Votos en contra:** | 0 | |
| - **Abstencións:** | 0 | |

En virtude de todo o cal, o Excmo. Concello Pleno, por unanimidade, **ACORDA:**

Instar á Xunta de Galicia a que comunique formar e oficialmente ao Concello cal é a parcela escollida e cales as necesidades de espazo definitivas que precisa para poder construír o Centro de Saúde do Sagrado Corazón, paso imprescindible para que a Administración local poida iniciar a tramitación do correspondente convenio de colaboración no que se ampare tanto a permuta inicial dos terreos con Abanca como a cesión dos mesmos ao Goberno galego.

**DELIBERACIÓN**

**-PAULA ALVARELLOS FONDO**: Ten a palabra polo Grupo Municipal Popular a señora Candia.

**-MARIA ELENA CANDIA LÓPEZ**: Pois moi bo día a todos e todas, moi especialmente tamén aos veciños que nos acompañan nesta sesión plenaria.
Traemos a este Pleno, o último Pleno do exercicio 2024… ben, supoño, porque, como dicía a compañeira, desgraciadamente estamos acostumándonos a sorpresas que non respectan, por suposto, nin os dereitos dos concelleiros, nin os tempos nin os procedementos.
Pero intentando que, neste punto, o espírito de Nadal nos axude a chegar a un acordo, vou intentar explicar a razón fundamental de por que o rexistramos xa hai un tempo e cal é o obxectivo que persegue.
Se dicimos que a sanidade é unha prioridade para todos, seguro que os 25 concelleiros deste salón de plenos, e todos os que nos escoitan, están de acordo. Poderemos ter no debate político discrepancias sobre como se están asumindo os distintos retos que ten nalgunhas das áreas, pero, indubidablemente, todo o mundo vai estar de acordo en que a sanidade é unha prioridade.
Se facemos tamén a reflexión de que o Sagrado Corazón necesita unhas novas instalacións, seguramente —ademais, esta corporación xa se manifestou en máis dunha ocasión— está de acordo en que necesita unhas novas instalacións. Parece que o debate pode estar na localización, e tamén aí pode haber distintas opinións, algunhas argumentando dende o punto de vista técnico, social, económico… ou, porque non dicilo, incluso político, non?
Houbo propostas de distinta índole, pero o que está claro é que para o Grupo Municipal do Partido Popular, chegado este punto, en decembro do 2024, a localización axeitada para a construción dese centro de saúde é a parcela do antigo colexio: é unha localización epicéntrica, neste momento está sen uso… xa sei que iso é un problema do propietario, pero acabará converténdose nun problema para o barrio. Indubidablemente que eses terreos ou que ese inmoble pasase a ser de titularidade pública non só permitiría ter unha localización axeitada, senón que permitiría arranxar unhas demandas históricas de accesibilidade a varios dos edificios habitados que hai nese contorno e, o máis importante, a toda veciñanza xeróuselle unha expectativa e creo honestamente que non debe ser traizoada.
A construción, dende o Grupo Municipal do Partido Popular, do novo Centro de Saúde no Sagrado Corazón, debe facerse un esforzo entre todas as administracións para que a localización sexa esa: a antiga parcela do colexio. É coñecido que a superficie da parcela é superior á que se necesita para construír un centro de saúde, e tamén é coñecido que, para o centro de saúde, dende o ano 2021, hai unha consignación orzamentaria.
Preparando a iniciativa e estudando os datos, atopamos debates sobre a necesidade dun novo centro de saúde no Sagrado Corazón no ano 2014, no ano 2019 e cada un, dependendo do contexto, en cada momento pedíanse unhas cousas. Hai peticións que neste momento non é necesario facer. Ninguén dubida que hai unha consignación presupostaria, e o importante é que avancemos e que primeiro esteamos todos de acordo na localización.

Dicía que hai un compromiso claro coa Xunta de Galicia coa construción dese centro de saúde. E tampouco creo que ofreza ningún debate neste momento que non é o único compromiso. Iso é o que tamén nosoutros queremos poñer hoxe en valor.
Probablemente, se fixese un repaso histórico podería con este asunto encher un dos apartados que analicei no debate do estado da cidade sobre a incoherencia tamén do goberno municipal sobre este tema, pero eu creo honestamente que non é un momento. Esta iniciativa ten como único obxectivo facer unha fronte común, ofrecer o traballo destes 12 concelleiros con total humildade, pero tamén con total lealdade e contundencia, e que o salón de plenos tome postura se, efectivamente, esa é a localización.
Vostedes din que non se rexistrara ningunha emenda. Evidentemente, tamén no propio debate total man tendida para chegar a consensos, pero si que é imprescindible que se dean pasos.
Perdeuse a partida que ía orzamentada no ano 2022, no ano 2023, no ano 2024, e cremos que sería absolutamente inaceptable que, por falta de decisión da parcela, se volva perder a partida consignada para ese fin nos orzamentos da Xunta do ano 2025.
E, evidentemente, houbo erros, porque levamos 30 anos cunhas instalacións que se constrúen de maneira provisional e que pasaron case a ser definitivas. Seguramente todas as forzas políticas tiveron os seus erros pero, coa lexitimidade de representar un proxecto político que ten credibilidade nese barrio: xa construíu un colexio e agora quere ser parte da solución e, dunha maneira valente tamén e comprometida, propón esta localización.

**-PAULA ALVARELLOS FONDO**: Moitas grazas, señora Candia. Por parte do goberno ten a palabra a voceira Ana González Abelleira.

**-ANA GONZÁLEZ ABELLEIRA**: Bo día a todas e a todos. Benvidas as persoas que hoxe nos acompañan neste Pleno.
E, señora Candia, apelando a ese espírito de Nadal que di ter, este goberno tamén sempre defendeu iso que vostede está dicindo: que o centro de saúde estivese nas instalacións do antigo colexio.
Gustaríanos que ese compromiso adquirido pola Xunta tamén no seu día con este barrio non fose de mínimos. Vostede, igual ca nós, é coñecedora desas demandas que tamén facía a veciñanza para non soamente falar dun centro de saúde. Eu creo que estamos en disposición de poder atendelas tamén, e por iso lévase moito tempo traballando, desde o 2021, tivemos que coincidir en procesos electorais polo medio, pero o señor Comesaña tiña un compromiso xa adquirido con este Concello de que a localización ía ser nese antigo colexio.
Estamos en disposición de permutar coa fundación sempre e cando a Xunta, e creo que foi reiteradas veces que a señora alcaldesa o comentou, firme ese convenio que está encima da mesa para a Xunta de Galicia. Porque hai os terreos, hai a intencionalidade de dúas das tres partes por firmar ese convenio, pero aínda nos falta que se sigan sumando esforzos, como vostede dicía, de todas as

administracións, para a implantación destes novos servizos das dotacións asistenciais requiridas e que, xunto á intermodal, ademais, farían deste barrio un barrio puxante e cun futuro de desenvolvemento emerxente.
Pero temos que ser críticos coa Xunta. Primeiro, porque non acepta un proxecto máis ambicioso, como estou definindo; e, segundo, porque aínda non temos claridade da parcela que quere ocupar porque, oficialmente, formalmente, a non ser que consideren formalidade os anuncios de prensa, ao Concello non lle chegou ningunha comunicación da intencionalidade da Xunta de Galicia. Rexeitouse, iso si, que tamén case nos informamos pola prensa, a primeira proposta posta enriba da mesa porque só se querían 1600 m² do espazo que ocupa o antigo colexio. Por iso somos críticos ante iso. Dende a chegada dunha carta, como vostede dicía, do ano 2021, que se empezaron a propoñer esas ideas, a día de hoxe aínda non temos esa comunicación formal.
Dixeron que ían facelo nese 2021, cando tamén falaban dos orzamentos onde esmiuzaban 700 000 euros para a Milagrosa, para o Centro de Saúde da Milagrosa, por certo hoxe aínda segue sen facer, e nada para o Sagrado Corazón. E 2 anos despois seguimos na mesma situación. Queremos esa constancia formal porque é a maneira de axilizar os trámites.
E gustaríame tamén facer mención a unha emenda que queremos propoñer para que esta proposta sexa aprobada, na que se insta á Xunta que lle comunique formalmente e oficialmente ao Concello cal é a parcela, cales son as necesidades de espazo definitivas que precisa para poder construír o Centro de Saúde do Sagrado Corazón, porque é un paso imprescindible para que a Administración local poida iniciar os trámites do correspondente convenio de colaboración no que se ampare tanto a permuta inicial dos terreos coa fundación como a cesión destes terreos ao goberno galego para que poida tramitar ese proxecto.
E tamén quero facer mención da carta que se enviou, porque nós estamos intentando comunicarnos coa Xunta de Galicia desde principios de outubro. Unha carta enviada pola alcaldesa o 15 de novembro que aínda non ten resposta, na que había unha preocupación porque toda a información nos estaba chegando pola prensa. Ademais di, a teor diso: preocupación ante a falta de resposta tanto pola súa parte como polo Servizo Galego de Saúde.
Entón, eu creo que apelaba vostede á responsabilidade, á coherencia, ao compromiso… e, ben, se por teléfono non se pode, se por outros medios non se pode, pois como nos temos que comunicar coa Xunta?

**-PAULA ALVARELLOS FONDO**: Moitas grazas, señora Abelleira, continúa na segunda quenda. Segunda quenda para a voceira do Partido Popular.

**-MARIA ELENA CANDIA LÓPEZ**: Si. Mire, eu dicía que este sería un capítulo de multitude de incoherencias, que parte delas as ía omitir porque, despois do ton e das barbaridades escoitadas no debate do estado da cidade, creo que, polo menos, por parte deste grupo, o importante é centrar o debate e falar do que lle preocupa á xente

O 29 de maio, e corríxame se falto á verdade, houbo unha reunión na Xunta de Galicia, na delegación, onde asistiu a señora alcaldesa e onde estaba o delegado territorial da Xunta e persoal técnico, e onde se explica un proxecto, un proxecto que, ademais, propoñía actuar en toda a parcela. O que alí se falou, como eu non estaba, e como esa práctica que teñen algúns de falar de conversacións nas que non estaban presentes eu non a comparto, pero si puido ver o que se dixo a medios: que en principio a valoración era positiva. Iso foi o 29 de maio.
O 12 de xuño, por prensa, e vostedes aos que lles molesta esa maneira de comunicar, a alcaldesa di que non está de acordo con ese proxecto e que demanda un cento de maiores, un centro de atención a dependentes, unha pista polideportiva, unha gardería, un centro social e un centro de saúde nesa mesma parcela, que dubido, tecnicamente, que todo teña cabida, pero a carta aos Reis Magos… a quitar sempre hai tempo, como diría miña avoa.
O 17 de setembro tivo, e teño documentación de que foi así, entrada neste concello un borrador de convenio para a cesión da parcela. Con ese borrador podía non estarse de acordo, é un documento oficial, non veu por ningún medio de comunicación, entrou por rexistro a proposta de borrador. Esa proposta non tivo aínda hoxe resposta, só o 8 de outubro unha visita pola zona de Paradai co director xeral de Urbanismo e a señora alcaldesa, sinalando o infinito e explicando que esa era parcela que cedían. Un cambio de localización e un cambio de rumbo.
Isto cronoloxicamente téñoo anotado evidentemente nos meus papeis, pero teño documentación que acredita todo iso. Pero non pasa nada. Pode que o borrador de convenio non conseguira as expectativas que tiña o goberno, pode que puntualizamos 1700 m e a discusión era da parcela enteira… Todo iso pódese entender, porque entre institucións hai que falar e hai que entenderse.
Por nós non hai ningún inconveniente en aceptarlle a emenda de que ese convenio se volva reenviar, ese borrador, para que o Concello oficialmente poida contestar e poida engadir o que considere. Insisto que neste asunto, como en tantos outros, só lendo a acta da moción do 2019 xa teriamos aquí para, indubidablemente, tirar das orellas, pero non é o obxectivo, o obxectivo é avanzar.
É un barrio que leva moito tempo esquecido, que ten moitas necesidades. Por certo, recórdolle a vostede que bote man tamén daquel parque infantil que dá pena… Hai unha preocupación, pero tamén hai unha ilusión dos veciños para que ese espazo, que era o anterior colexio, hoxe sexa iso, máis cousas: unha escola infantil un centro de saúde…
[…]

**-PAULA ALVARELLOS FONDO**: Moitas grazas, señora Candia. Última quenda para a voceira do goberno.

**-ANA GONZÁLEZ ABELLEIRA**: Eu creo que o ton foi bastante normal e educado, pero agradézolle que acepte a emenda e vou seguir no mesmo ton serio, porque vostede eu creo que non o pode evitar, señora Candia, enfádase. Pero é que a incoherencia á que vostede tanto apela, está vostede dicindo aquí; fala de maio, de

xuño, de setembro, pero obvia xustamente os procedementos que lle propón o Concello.
Di que enviaron un convenio, pero é que o Concello tamén enviou esa documentación, e aínda hoxe non temos resposta. Polo tanto, benvida a aceptación desa emenda, porque o que de verdade quere o Concello de Lugo é traballar en prol da veciñanza dese barrio, defender o que defendemos desde o primeiro momento, no que a parcela idónea era a do antigo colexio, e, polo tanto, eu creo que hai un compromiso claro deste goberno, pero é que volvemos á mesma: que non é unha competencia do Concello de Lugo, que é a Xunta de Galicia quen ten que dar ese equipamento.

**-PAULA ALVARELLOS FONDO**: Moitas grazas, señora Abelleira.

**-MARIA ELENA CANDIA LÓPEZ**: […] o texto literal da emenda […]

**-PAULA ALVARELLOS FONDO**: Xa llo leu, pero teno aí.
[…]
Bueno… alégrome moito desta aceptación da emenda que acabamos de expoñer, que acaba de expoñer a voceira do goberno.

[…]

Pode continuar, señora Candia.

**-MARIA ELENA CANDIA LÓPEZ**: Ben, polo menos, recoñece que efectivamente tivo encima da mesa o borrador de convenio con esa localización.
E reitero que aquí estamos para avanzar e, aínda que na historia da auga queiran vostedes mirar o pasado, que por certo é unha área na que tamén deberiamos mirar ben o futuro, que boa falta fai; nese barrio precisamente a punto estiveron de pasar a noite de Noiteboa sen ese servizo… Pois aquí eu aplaudo e agradezo o esforzo; primeiro, como dicía, o cambio de ton dese debate de estado da cidade e, o máis importante, que entre todos sexamos capaces de dar pasos separando aquilo no que esteamos máis afastados e facendo un esforzo e apuntando o que nos une. E, neste caso, creo que ese barrio, igual que pasou co colexio, e dicímolo desde este proxecto político que liderou ese investimento, porque era competencia da Xunta, indubidablemente, pois agora que teña a posibilidade nun tempo rápido de convertese nun centro de saúde. Moitas grazas.

**-PAULA ALVARELLOS FONDO**: Moitas grazas, señora Candia. Acabou o seu tempo.
Eu creo que debemos felicitarnos polo ton e pola colaboración institucional, que sempre a pedín. Pero eu creo que tamén, xa que temos veciños hoxe aquí, que tamén saúdo, os veciños de Recatelo que estou vendo, a todos encantada de velos e felices festas a todos.

Si que creo que é importante este ton de colaboración, porque Lugo o merece. A crispación non leva a ningún sitio. Importante é esta colaboración entre as institucións, que sempre a demandei; dende o mesmo momento da miña toma de posesión, estendín a man a todas as administracións.
Os veciños e veciñas de Lugo o que queren é solucións e que se solucionen os problemas que temos. Non queren crispación, non queren enredar, queren ser o máis efectivos posibles.
Pero si que deberiamos facer un pequeno recordo de que pasou con esa parcela do Sagrado Corazón. Dende o primeiro momento, o Concello comprometeuse a adquirir esa parcela, que non é nosa, non é do Concello de Lugo, é da Fundación ABANCA; permutar con ABANCA para adquirila e poñela a disposición da Xunta de Galicia, eses eran os termos do se falara co Conselleiro de Sanidade, o señor Comesaña. A sorpresa foi no mes de maio, cando xa non estaba o señor Comesaña, houbera un cambio de goberno na Xunta de Galicia, e son citada na Xunta de Galicia que, como sempre digo, a min non me caen nos aneis por ir á Xunta de Galicia a reunións, aínda que debían… o delegado territorial tería que vir aquí ao Concello, porque eu, inda que non lle guste, son a principal autoridade desta cidade.
Soamente cando vén o presidente da Xunta de Galicia debo trasladarme alí pero, para ser rápidos e non enredar, por suposto, fun cos técnicos deste Concello ata alí e encontreime cun cambio absoluto: eu invito e ti pagas. Ou sexa, eles soamente querían uns metros, 1600 m, e o demais… puxeron alí unha serie de proxectos para que os fixeramos nós. Eu para iso non necesito que me citen alí; se quero facer os proxectos, xa os faremos aquí o goberno, pero non chegar alí e presentarnos un proxecto, que eles só querían 1600 m e o demais o faciamos nós. Iso si, nos presentaban un proxecto, moi xenerosos. Como digo: eu invito a ti pagas.
Pero non vamos entrar nesas cousas. O que está claro é que, a día de hoxe, a Xunta de Galicia non se dirixiu esta Alcaldía para dicirlle cal é a parcela que quere e os metros que quere. Porque variou moitas veces: primeiro pedía 1500, despois 1600… A parcela do Sagrado Corazón ten 5700 m, e o compromiso é facer alí non só o centro de saúde, senón máis centros dotacionais que son moi importantes para o barrio. Parece que o que apareceu na prensa, parece que a Xunta si vai aceptar eses 5700 m; só o sei pola prensa, oficialmente non me chegou ningunha proposta.
Si é certo, como dicía a voceira, que mandei unha carta ao presidente da Xunta para reunirme con el para tratar de clarificar se son os 5700 ou son os 1600, porque, como comprenderán, é moi diferente unha cousa da outra. Non tiven resposta, o que si vin na prensa é que parece que si que van recibir os 5700 m. Para min iso xa é suficiente, ese era o obxectivo, sempre o obxectivo polo que loitei: que a Xunta recibira eses 5700 m e fixera alí, ademais do centro de saúde, outro tipo de prestacións.
E, ademais, sempre puxen unha condición: que se firmará a tres, conxuntamente, ese convenio; que sería a Xunta de Galicia e o Concello e, por outra parte, a permuta con ABANCA. Porque quero recordar unha vez máis o que pasou co

Museo da Romanización do cuartel de San Fernando: había un convenio en que o Concello e a Xunta de Galicia chegaran a un acordo. O Concello adquiría o cuartel de San Fernando, que era do Ministerio de Defensa, e a Xunta de Galicia facía o Museo da Romanización. O Concello adquiriu iso por máis de 2 500 000 euros e cando xa o tiñamos adquirido, a Xunta non cumpriu a súa parte, e van 14 anos que estamos esperando a ver se se materializa ese Museo da Romanización.
Por iso, como xa tiña eses antecedentes, non quería que ocorrese o mesmo, e non se vai firmar ningún convenio ata que saibamos que terreo é, os metros que ten e todos xuntos. Porque non imos permutar con ABANCA e, despois, quedar nós co terreo de Sagrado Corazón e que a Xunta pase outros 14 anos sen cumprir a súa palabra. Esa é a única condición que puxen sempre: firmar todos xuntos para que non volva pasar o que pasou co cuartel de San Fernando.
Pero, dito todo isto, creo que é moi bo o que está ocorrendo hoxe, moi bo. E chegar a un acordo aquí, debater en positivo, debater por e para os veciños. Polo tanto, estou tremendamente satisfeita e esperemos que se traduza nese convenio que firmemos as 3 partes proximamente. Pero, primeiro, como dixen, tenme que comunicar a Xunta de Galicia a súa decisión, porque oficialmente non ma comunicou.
Polo tanto, imos votar. Entendo que foi admitida a emenda.

7/216 **PROPOSICIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DO PARTIDO POPULAR, NÚMERO 447/2024 DE REXISTRO DE PLENO, PARA QUE O CONCELLO DE LUGO POÑA EN MARCHA UN PLAN DE DINAMIZACIÓN DO COMERCIO LOCAL ASÍ COMO QUE REACTIVE E IMPULSE A MESA LOCAL DE COMERCIO (Exp. 2024/G004/000863).-** Vista a referida proposición cuxo texto é do seguinte teor:

"O Grupo Municipal de Lugo do Partido Popular ten presentado diversas iniciativas de apoio ao comercio polo miúdo da cidade dende que se iniciou este mandato, e así seguirémolo facendo, posto que consideramos que o comercio local é un dos piares da economía, pero sobre todo da vida na nosa cidade.

O pequeno comercio representa non só unha fonte significativa de emprego e riqueza, senón tamén un espazo de interacción social e cultural que contribúe á identidade e vitalidade das nosas rúas e barrios.

É unha realidade que, con carácter xeral, o sector atravesa un momento complexo, especialmente derivado dos cambios nos hábitos de consumo, coa irrupción da compra online, proceso acelerado pola pandemia e que, lamentablemente, veu para quedarse.

Non obstante, consideramos que ambos os xeitos de compra (físico e online) son compatibles, posto que ofrecen produtos, servizos e experiencias de compra diferentes, e desde este grupo sempre apoiaremos a todos e cada un dos comerciantes que cada mañá levanta as persianas no seu local.

A situación que atravesa o sector do comercio a nivel global vese agravada dun modo extraordinario na nosa cidade, especialmente no centro, por mor das

interminables e mal planificadas obras de peonalización, que están afectando a todo núcleo amurallado, pero especialmente as principais rúas comerciais.

Con esta iniciativa, o que facemos é dar voz neste concello aos comerciantes, que continuamente nos trasladan o delicado da situación que atravesan.

Estes empresarios quéixanse dunha redución drástica na afluencia dos clientes e, por tanto, das vendas, que estiman nunha caída entre un 30 e un 50% respecto ao período anterior ao inicio das obras, o que lles fai moi difícil manter os seus negocios funcionando.

E máis, é que ultimamente xa temos visto varios negocios que pecharon definitivamente, e segundo nos din os seus titulares, a puntilla definitiva para o peche foron as obras.

Ou quéixanse da caótica xestión do tráfico, con informacións confusas que nalgúns momentos levaron os cidadáns a pensar que entrar no núcleo amurallado, aínda que fose a un aparcadoiro, serían multados.

Ou da caótica xestión de tráfico por rúas peonís, con solos esnaquizados polos que é moi complicado camiñar, incluso para persoas sen problemas de mobilidade, e nos que se viviron moitas caídas.

Este conxunto de elementos negativos están motivando o desprazamento dos clientes a outros lugares de compra, online ou incluso fóra da nosa cidade, algo que non é en absoluto desexable e que nun futuro (que non sabemos cando será porque a data de finalización das obras a amplían continuamente) lles custará moito recuperalos.

Polo exposto e pola responsabilidade que ten o goberno local no caótico desenvolvemento das obras do centro de Lugo, presentamos esta proposición, co único fin de que se tomen medidas de apoio ao sector, tal e como varias veces se anunciou desde o goberno, pero nunca se materiolizou.

Por todo iso, o Grupo Municipal do Partido Popular, que subscribe esta proposición, considera de especial interese municipal que o Pleno da corporación municipal acorde:

1.- Posta en marcha dun plan de dinamización dun comercio local que contemple accións concretas para apoiar os negocios prexudicados e incentivar a recuperación e mantemento dos clientes.

2.- Reactivación e impulso da Mesa de Comercio Local como canle de intercambio de propostas entre sector e Administración, para coordinar as medidas a incluír no dito plan e garantir que atendan as necesidades reais dos comerciantes."

Tras a deliberación efectuada, sométese o asunto a votación, acadándose os seguintes resultados:

**Votos emitidos**: 25

| | | |
|---|---|---|
| - **Votos a favor**: | 12 | do Grupo Municipal do Partido Popular. |
| - **Votos en contra:** | 13 | dos Grupos Municipais do Partido Socialista de Galicia-PSOE e do Bloque Nacionalista Galego. |

- **Abstencións:** 0

En virtude de todo o cal, o Excmo. Concello Pleno **ACORDA** REXEITAR a proposición presentada polo Grupo Municipal do Partido Popular, anteriormente transcrita.

**DELIBERACIÓN**

**-PAULA ALVARELLOS FONDO**: Polo Partido Popular, a señora Sanz.

**-CRISTINA SANZ ARIAS:** Gracias, alcaldesa. Buenos días concelleiras e concelleiros, buenos días a los vecinos de Lugo que hoy nos acompañan, alguno de Recatelo, pero sobre todo del barrio del Sagrado Corazón.
Bien. Hace un año, desde el Grupo Municipal Popular, presentábamos una iniciativa en la que pedíamos el apoyo del gobierno local a nuestro comercio de proximidad. Era una iniciativa que incluía varias medidas, que simplemente era una recopilación de la problemática y las propuestas que el sector nos trasladaba. Constaba de 4 puntos, ninguno de los cuales consiguió el apoyo ni del BNG ni del PSOE.
Presentamos aquella iniciativa porque el sector estaba atravesando una situación muy complicada, fruto, por una parte, lógicamente, de los cambios en los hábitos de compra de los consumidores, pero especialmente y sobre todo, por los graves problemas que las obras que se estaban realizando, se están realizando, en el casco histórico les estaban ocasionando: obras mal planificadas, sin consenso, con continuas ampliaciones de plazo y con incerteza respecto a su finalización; enorme incomodidad para la circulación de los vehículos, pero, sobre todo, de los peatones, es decir, los compradores; cambios continuos en los sentidos de circulación; temor a ser multados por la mala información que se hizo sobre la posibilidad de acceso al centro o dificultad física de acceso a los establecimientos.
Bien, estoy segura de que no les está gustando nada de lo que están escuchando, pero también estoy segura de que saben que digo la verdad. No hay más que hablar con los vecinos, tanto los que residen en el recinto amurallado como los que vienen a él a trabajar, a comprar o simplemente a pasear, para constatar esta realidad. Esta situación les tiene hartos y está provocando que dejen de acceder al centro y este pierda su papel de centro neurálgico de la ciudad y de las compras también en la ciudad. Y el problema no es que estos consumidores se trasladen a otras zonas dentro de este mismo Concello, el problema es cuando se trasladan a otras ciudades, a otras provincias o a la compra online. Porque fidelizar a un cliente es una tarea muy complicada, y a la que nuestros comerciantes dedican mucho esfuerzo y profesionalidad, pero perderlo es algo que puede suceder en un instante.
Pues bien, como decía, incomprensiblemente nuestros comerciantes se encontraron con el no de este gobierno a todas las medidas que proponíamos. Y hoy, un año después, solo podemos decir que la situación ha empeorado enormemente ante la pasibilidad de este gobierno. Y ha empeorado no porque lo diga este grupo municipal, sino porque nos lo dice la prensa local, con continuos y tristes titulares de prensa en los que se muestra el cierre de comercios históricos,

nos lo dicen los carteles colgados en los escaparates de los que cierran y nos lo dicen los propios comerciantes.
Durante este tiempo, en varias ocasiones, varios compañeros de mi grupo municipal y yo misma hemos visitado uno a uno los comercios afectados por las obras y hablado con sus propietarios. El clamor ha sido unánime. Desesperación por la lentitud, por la mala planificación, por la nula información y, sobre todo, por la drástica caída de las ventas. Es difícil estimar la pérdida económica, pero más o menos los comerciantes nos trasladaron que un mínimo de un 30 % respecto al año previo al inicio de las obras. Estimar esta pérdida en términos absolutos es complicado, pero podemos acudir a datos del Instituto Nacional de Estadística, que estima que el comercio menor medio típico de Galicia factura al año 431 300 euros. Con esta facturación, si con las obras, como mínimo, el comercio pierde un 30 %, llegamos a la conclusión de que las obras están causando una pérdida de facturación anual a cada comercio tipo de 130 000 euros por cada año que dure la obra, 130 000 euros de facturación.
Bien, ante esta situación, consideramos que el gobierno local no puede ponerse de perfil, porque es el responsable no de hacer las obras, pero sí de la falta de consenso en su planificación, en el modo caótico en que las están gestionando y en los perjuicios que están trayendo consigo.
Así que, si hace años considerábamos que el sector necesitaba que se apoyase a su actividad, este año entendemos que el gobierno no puede darle de nuevo la espalda a nuestro comercio local.
Además, es que es algo que se lo dijeron también directamente a la señora alcaldesa. No hay más que ver los titulares de prensa del 15 de mayo de este año, donde El Progreso dice que «el comercio de Lugo pide que se le compense tras un año de obras», o la Voz de Galicia «piden los comerciantes a la alcaldesa medidas compensatorias para las molestias en el centro».
¿Y qué ha hecho el gobierno local durante este tiempo? Pues prácticamente nada. Recordemos el Pleno del año pasado: el señor Repetto nos acusaba de oportunistas por pedir apoyo a los comerciantes porque, según dijo, estaba a punto de presentar un proyecto de dinamización del casco histórico. ¿Dónde está ese proyecto, señor Repetto? ¿Sigue a punto?
Enero del 2024: ante la pregunta de este grupo de por qué el Concello no se había presentado a la convocatoria de los fondos Next para el comercio, el señor Repetto respondió literalmente que «el gobierno no pide fondos para el comercio local por la falta de interés de este», Diario Progreso, 21 de enero del 2024.
Mayo del 2024: la señora alcaldesa anuncia a los medios un plan de dinamización social y comercial del centro una vez terminen las obras. Presentamos un ruego en el que le pedimos agilidad y publicidad. Bueno, así hasta hoy.
Presentamos una iniciativa… no me queda tiempo. Nada, seguiré en mi segundo turno.

**-PAULA ALVARELLOS FONDO**: Moitas grazas, señora Sanz. Ten a palabra o concelleiro Mauricio Repetto.

**-MAURICIO VICTORIO REPETTO MORBÁN**: Gracias, alcaldesa.
A ver, señora Sanz, de nuevo con la Mesa del Comercio a vueltas. Parece que es como un fondo de armario que tiene.
Primero, decirle que nosotros, en este caso este equipo de gobierno liderado por la alcaldesa, estamos en permanente y constante contacto con los comerciantes, con los hosteleros, con los distribuidores y con los vecinos del casco histórico. En primer lugar, por nuestra preocupación e incumbencia, y no nuestra competencia en el comercio, pero también porque somos conocedores del trastorno que implica el desarrollo de las obras, de cualquier obra, y en este caso, la peatonalización de todo el centro histórico que, a su vez, es un proyecto mucho más ambicioso, estamos hablando de abastecimiento, saneamiento… no es solo la superficie, sino que es, evidentemente, todo lo que se va encontrando en el desarrollo de esta obra lo que ha hecho que por diferentes motivos técnicos siempre se han ido, sí que es verdad, ampliando algunos plazos a las empresas que están ejecutando dichas obras.
Aquí usted no trajo nunca ninguna proposición, siempre es «la Mesa del Comercio». La Mesa del Comercio que usted quiere que se convoque, que es lo que pone aquí. Usted aquí no pone ninguna propuesta concreta. Pone un punto de que se reactive la mesa y un plan de dinamización, que lo tiene a su espalda, que tiene un plan de dinamización en unas épocas señaladas, estamos en Navidades, no la he visto tampoco por el mercadillo navideño comprando, no la he visto. Y decirle que tenemos a los comerciantes instalados allí… Sí, a usted sí, es verdad, Goás, es verdad. […]
No la hemos visto ahí apoyando al pequeño comercio, que es un motor de nuestra economía, como todos sabemos, y siempre vamos a estar a su lado con estas iniciativas y, por supuesto, de la mano de la Federación de Comercio.
Nosotros también visitamos los comercios uno a uno y vamos apoyando a todos esos comerciantes, y sabemos de su preocupación, sabemos de la situación, pero también es verdad que le hemos comentado que la alcaldesa ya tiene y está trabajando de la mano del presidente de la Federación de Comercio en ese plan para reactivar el comercio en el casco histórico, pero, por supuesto, una vez finalizadas las obras, es el compromiso que se ha asumido con la Federación de Comercio. A su vez, seguimos apostando, por supuesto, por el tema del empleo, seguimos apoyando al comercio con esta campaña: «Nadalmente Lucense». Ese fondo capital riesgo de Lugo Transforma, con esos 13 millones de euros, para seguir creando empleo y dinamismo en el comercio y en el tejido empresarial de Lugo y, por supuesto, como decíamos, esa primera aceleradora turística para seguir impulsando también el sector turístico, que creemos que tiene mucho margen de crecimiento.
Venimos de una época muy difícil, que fue el COVID. También hemos sido pioneros en poner planes en marcha para dinamizar y apoyar el comercio, la hostelería, el plan Reactiva, el plan Reanima, la campaña Localmente Lucense con 1 000 000 euros; en el mandato anterior y en el inicio de este mandato también hemos seguido dinamizando el comercio.

Por lo tanto, parece que esto es su proposición de fondo de armario, que debe de sacarla de paseo, y aquí no pone nada concreto. «Que se haga un plan de dinamización, que se reactive la Mesa Local del Comercio», una mesa que ningún comerciante ha pedido que se convocara. Ninguno.

**-PAULA ALVARELLOS FONDO**: Moitas grazas. Segunda quenda para a señora Sanz.

**-CRISTINA SANZ ARIAS:** Señor Repetto, un poco de respeto. Fui al mercadillo, me he comprado unos pendientes. Ya se los enseñaré la próxima ocasión.
En cualquier caso, quería aprovechar el breve tiempo de mi réplica para tratar de modo telegráfico 3 temas. Primero, las competencias en materia de comercio menor. Segundo, un tema de la subvención de la Plaza de Abastos. Y, tercero, la Mesa Local de Comercio.
Bueno, en cuanto al primer tema, el artículo 30.4 del Estatuto de autonomía de Galicia establece que la competencia en materia de comercio es de Xunta de Galicia. Eso está claro. Pero esta moción no trata de eso. Esta moción… y no trata de que asuman competencias impropias, como tanto les gusta repetir últimamente; trata de un problema estrictamente local causado por la mala gestión de las obras en este gobierno municipal. Hablamos, primer punto de la iniciativa, señor Repetto, primero, el más importante, de que elaboren un plan que usted anunció y la alcaldesa anunció, que elaboren un plan. Yo no le voy a detallar el plan porque en la anterior moción le traje 4 propuestas y me las rechazó todas. Entonces, digo: hagan ustedes el plan, que ustedes son el gobierno. Hagan un plan.
Y bueno, respecto a las competencias que ejerce la Xunta, iba a detallar aquí un poco, pero simplemente decir que la Xunta se preocupa de innovar, transformación digital, ayudas para reformar y modernizar comercios, ayudas para formación o para […]. Así que, de esos retos ustedes no se preocupen, que ya se encarga la Xunta. Actúen, como es su responsabilidad, en lo local.
Y, por cierto, uno de los programas de la Xunta de Galicia, como decía, va dirigido a la mejora y modernización de nuestros mercados y plazas de abastos. Y, a lo mejor, en su réplica, el gobierno podría explicarnos qué sucedió con la subvención que el Concello de Lugo solicitó y obtuvo para conseguir el sello de Mercado Excelente. Estamos hablando de una ayuda de la Xunta de Galicia muy necesaria para impulsar la red de Mercados Excelentes y para dinamizar las plazas de abastos. Y, por lo que sabemos, el 27 de septiembre sí que se resolvió, se aprobó esa ayuda, se le notificó al Concello un importe de 8780 euros; con posterioridad, en noviembre, el área de participación del BNG licita un estudio por importe de 10 000 euros para optar al sello de Mercado Excelente, gestión que anuncian a los medios el día 8 de noviembre. Y lo que no sabemos es qué ha pasado desde esa fecha, si sigue adelante el proyecto, supongo que en algún momento nos pueden informar sobre ello.
Bien, y ya por último, respecto a la Mesa Local del Comercio, señor Repetto, al igual que pedimos en noviembre del año pasado, la volvemos a pedir. Realmente no es el punto principal, es el segundo, pero realmente nos parece importante.

Repasé el acta del Pleno pasado y me quedé atónita. Decía que había desaparecido porque, como ahora la Xunta ya no exigía como requisito presentar el aval de la mesa, ya no era necesario. Qué poca altura de miras, hay que mirar más allá, porque la Mesa de Local de Comercio es, o debe de ser, mucho más que eso. Es el lugar donde se deben debatir las ideas, los proyectos, las necesidades, los problemas y las estrategias sobre el sector de comercio. Pedimos transformar un órgano muerto en un órgano activo y participativo que dé solución y apoyo al sector. Y ya les avanzo que se está reactivando en otros concellos, que está teniendo mucho éxito.
Así que, por favor, no queden a la cola. No les cuesta nada, es algo que tiene un coste cero. Simplemente redundaría en una estrategia conjunta y mejor para todo el comercio. Muchas gracias.

**-PAULA ALVARELLOS FONDO**: Moitas grazas, señora Sanz. Segunda quenda para o señor Repetto.

**-MAURICIO VICTORIO REPETTO MORBÁN**: A ver, señor Señora Sanz, tiene que actualizarse. Seguimos con la mesa a vueltas, parece que es el único ejemplo y órgano posible de comunicación con los comerciantes cuando no es así. Tenemos una comunicación fluida con los vecinos, con los comerciantes y con los hosteleros, y, de verdad, ningún comerciante ha solicitado formalmente la convocatoria de dicha mesa.
Está bien que la Xunta de Galicia apoye al comercio, porque son sus competencias. Nosotros tenemos la preocupación y las incumbencias, y por supuesto que vamos a seguir trabajando con ellos. Y ya se lo hemos dicho en el Pleno anterior: cuando estén acabadas las obras, presentaremos ese plan ambicioso de dinamización del comercio que ya hemos anunciado. Así que, sin más, espero que la Xunta de Galicia también siga cumpliendo con su trabajo, pero parece que usted trae esto también aquí al Pleno para hacer publicidad de la Xunta de Galicia y de sus obligaciones que en Lugo, la verdad, que poco cumple.

**-PAULA ALVARELLOS FONDO**: Moitas grazas, señor Repetto. Última quenda para a señor Sanz.

**-CRISTINA SANZ ARIAS**: Bueno, acabo ya con la esperanza, a pesar de lo manifestado, de que voten a favor de la iniciativa de apoyo al comercio local de Lugo. Y creo que deben dar apoyo porque pedimos dos propuestas a las que no se pueden negar.
Primero, elaborar un plan de dinamización de nuestro comercio local, algo que ya han anunciado usted y la señora alcaldesa, y hablo de algo más ambicioso, señor Repetto, de lo que tengo en mi espalda, que está bien, pero se necesita algo más. Nuestro comercio necesita algo más que Comercio na Rúa, o el mercado de Nadal, que son las únicas medidas que anunció la alcaldesa respecto al comercio en el pasado debate de la ciudad.

Y segundo, pedimos que se convoque la Mesa Local de Comercio. No lo piden los comerciantes, lo tiene que pedir el Concello. Aparte, que es una obligación de la Ley de comercio interior de Galicia, que en su artículo 21 establece que se convocará como mínimo una vez al año.
Por favor, escuchen al sector de un modo ordenado y coordinado y den respuesta a sus demandas. Acabo ya haciendo un llamamiento siempre, pero especialmente en estas fechas, a que todos, nosotros y también los vecinos de Lugo, compremos en el comercio local. Será bueno para ellos, pero sobre todo será bueno para nuestra ciudad. Muchas gracias.

**-PAULA ALVARELLOS FONDO**: Moitas grazas, señora Sanz. Por suposto, únome a esa petición de que todos compremos no comercio local, tan importante, no pequeno comercio.
É certo que as obras duraron máis do previsto, pero non son as obras; o comercio en xeral, en toda Galicia, como vostede dicía tamén, ten unha serie de retos que teñen que cumprir os comercios, sobre todo o pequeno comercio, e teñen que irse adaptando aos novos tempos.
Pero eu tamén fago unha pregunta: as obras existen no centro, pero á hostalería do centro vaille moi ben; a xente vén á hostalería do centro. Quero dicir, iso… as obras poden influír en determinados momentos, pero como se compadece iso, que a hostalería vai moi ben e vén moita xente ao centro e o comercio, segundo di vostede, non lle vai? Porque vostede fai unha estimación, *a vuela pluma*, dunhas cantidades que non están acreditadas.
Evidentemente, todos sabemos que sempre que intentar mellorar, sempre hai que intentar mellorar. E unha vez que estea ben peonalizado todo o centro, estou segura de que se vai revitalizar moitísimo. O goberno local está traballando niso. Imos votar que non, evidentemente por unha razón: porque estamos facendo esa dinamización, ese plan de dinamización do centro. Como sempre, cando estamos anos traballando, intentan apuntarse ese punto.
Creo que xa lle foi contestado respecto á Mesa de Comercio: ningún comerciante de Lugo solicitou esa Mesa de Comercio, pero quero que pensen niso, á hostalería da zona centro de Lugo vaille moi ben e ben moitísima xente á zona centro. Algo non se compadece. Non… falta algo aí.
Polo tanto, creo que si é certo que as obras poden ter a súa influencia en determinados momentos, pero o que está claro é que o comercio pequeno ten uns retos que ten que abordar, que temos que abordar todos, e, por suposto, este goberno estará sempre aquí para favorecelo, para apoialo, non só na época de Nadal, senón en todo ano.
Polo tanto, imos votar.

8/217 **PROPOSICIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DO PARTIDO POPULAR, NÚMERO 448/2024 DE REXISTRO DE PLENO, PARA QUE O CONCELLO DE LUGO POÑA EN MARCHA O ACORDO MARCO SOBRE O USO DE INSTALACIÓNS DEPORTIVAS DE TITULARIDADE MUNICIPAL (Exp.**

**2024/G004/000864).-** Vista a referida proposición cuxo texto é do seguinte teor:

"No marco do noso compromiso coa promoción do deporte, o benestar físico e a cohesión social no noso municipio, vimos hoxe a propor unha iniciativa, que xa é recorrente, que aborda unha necesidade amplamente sentida pola cidadanía: a insuficiencia de espazos deportivos accesibles e dispoñibles para os clubs deportivos, e que xa foi valorada e rexeitada en xullo do 2023. O feito de que un bo número de clubs solicitaran o uso destas instalacións fóra do horario lectivo non fai máis que darnos a razón da necesidade da que viñamos advertindo.

Aínda que contamos con infraestruturas deportivas nos centros educativos, a súa dispoñibilidade para os clubs queda restrinxida por falla de votade política, desaproveitando o seu potencial para atender a crecente demanda de espazos deportivos no noso municipio.

Recoñecendo que os recursos municipais son limitados, propomos explorar unha solución colaborativa baseada no diálogo. Especificamente, suxerimos que o Concello firme, como xa solicitamos, un convenio coa Federación Galega de Municipios e Provincias (FEGAMP) para promover a apertura das instalacións deportivas escolares fóra do horario lectivo, contando coa aprobación dos consellos escolares e direccións dos centros educativos implicados.

Esta proposta non só responde a unha necesidade concreta, senón que reflicte o noso compromiso común de traballar en beneficio do ben colectivo.

Por todo o exposto, o Grupo Municipal do Partido Popular considera de interese municipal que o Pleno da Corporación Municipal ACORDE:

1. Instarlle ao Concello de Lugo que tramite a posta en marcha do convenio entre FEGAMP e a Consellería de Cultura, Educación e Universidade para permitir o uso das instalacións deportivas titularidade da Consellería fóra do horario lectivo.

2. Garantir a dotación de persoal cualificado para o correcto funcionamento das devanditas instalacións.

3. Que se estableza un proceso de diálogo e consenso cos consellos escolares e a dirección dos centros para definir as condicións específicas de uso.

4. Establecer un grupo de traballo para avaliar e supervisar a implementación desta medida."

Tras a deliberación efectuada, sométese o asunto a votación, acadándose os seguintes resultados:

**Votos emitidos**: 25

| | | |
|---|---|---|
| - **Votos a favor**: | 12 | do Grupo Municipal do Partido Popular. |
| - **Votos en contra:** | 13 | dos Grupos Municipais do Partido Socialista de Galicia-PSOE e do Bloque Nacionalista Galego. |
| - **Abstencións:** | 0 | |

En virtude de todo o cal, o Excmo. Concello Pleno **ACORDA** REXEITAR a proposición presentada polo Grupo Municipal do Partido Popular, anteriormente transcrito.

**DELIBERACIÓN**

**-PAULA ALVARELLOS FONDO**: Polo Partido Popular, señor Vázquez.

**-JAVIER VÁZQUEZ PRADO**: Muy buenos días. Muchas gracias, señora alcaldesa.
Gobernar es decidir y hoy tenemos los ejemplos prácticos de aquello que en su día yo mismo expuse con teoría en el Pleno del pasado 27 de julio del año 2023. Yo mismo defendía aquí una moción en la cual planteábamos e instábamos, en este caso, a este bigobierno, que votó en contra de la moción, que instaba al Ayuntamiento a poner en marcha ese acuerdo marco firmado por la FEGAMP y la Xunta de Galicia para poner a disposición de los distintos clubs deportivos de la ciudad las instalaciones deportivas que son titularidad de la Xunta de Galicia. Hoy volvemos a traer a Pleno esta moción matizada en algunos aspectos porque, desgraciadamente, el tiempo nos ha acabado dando la razón desde el punto de vista de que el número de clubs deportivos que existen en la ciudad, en comparación con las instalaciones que tenemos, pues, son claramente insuficientes. Y pasado poco más de un año, hoy tenemos un ejemplo práctico de por qué fue un error votar esa moción en contra. Esperemos que hoy, entre todos, seamos capaces de dar soluciones a esa problemática y no caigamos en la tentación de perfeccionar el error.
Y les decía al comienzo de mi intervención que, desgraciadamente, el tiempo nos ha dado la razón, porque los ejemplos prácticos que se han venido dando en los últimos años nos han traído hasta la situación actual.
En marzo de 2021, la alcaldesa por entonces, la señora Méndez, anunciaba que Lugo contaría con un nuevo pabellón polideportivo. En ese momento, el presupuesto era de 3 millones de euros y, además, nuestro grupo municipal apoyó esa propuesta porque creía que era bueno para los lucenses. Tan solo 8 meses más tarde, la propia señora Méndez, en diciembre del 2021, anunciaba que arrancaría ese proceso para la relación del proyecto del futuro pabellón polideportivo de la ciudad, donde ahora ya el presupuesto ascendía a 4 200 000 euros. Nada se supo durante estos años, y en marzo de 2024, ahora desde el gobierno de la señora Alvarellos al frente, explicó que el pliego de condiciones estaba ya casi listo a la espera de que se validase y luego se tramitase para sacarlo a concurso.
Por nuestra parte, ya cuestionamos en su momento que no hubiese un presupuesto específico en esa partida del año 2024, pero el presupuesto ascendía ya ahora a 5 000 000 euros. Es decir, fíjese ustedes, habíamos empezado en 3 millones de euros y ya estamos en 5.
Bueno, ¿cuál es la realidad? La realidad es que ni en el año 2021, ni en el 2022, ni en el 2023, ni en el 2024. Imagino que ahora, siguiendo esta ronda de promesas y

que ya estamos al borde del año 2025, hoy probablemente tengamos una promesa de ese pabellón polideportivo.
Aun así, como les decía, ustedes votaron en contra de la propuesta que yo mismo defendí aquí en el año 2023, en septiembre del 2023. Pero bueno, les decía que quiero recordarles que los debates se ganan con argumentos, y esto es así porque otro argumento que les doy con respecto a esas necesidades sobre las instalaciones deportivas, se demuestra en que en julio del año 2024, el Ayuntamiento de Lugo anuncia el comienzo de la obra de renovación del césped artificial del Polvorín y, en una rápida maniobra, pues lógicamente ustedes se quedan sin instalaciones, porque las obras que tenían que haberse hecho en los meses estivales no se hacen ahí, se hacen en el mes de septiembre y rápidamente tienen que trasladar ustedes a más de 1500 deportistas a las instalaciones de As Gándaras, que no pueda absorber más clubes deportivos porque está totalmente saturado, y tienen que recurrir ustedes a las instalaciones de Sanfiz, que saben que se encuentra en un estado lamentable y de abandono.
Aun así, en septiembre del 2024, en el diario El Progreso, usted, señor Bustos, y entrecomillas, decía: «Con estas melloras, Sanfiz non só recupera o seu valor como espazo deportivo, senón que ofrecerá un uso máis eficiente das instalacións, permitindo unha maior flexibilidade para os clubes». Bueno, esas instalaciones para lo único que son eficientes, y usted lo sabe perfectamente, es para plantar un arrozal, porque para otra cosa actualmente no valen.
Y ya con el agua al cuello, finalmente se ven obligados a firmar un acuerdo con la diócesis de Lugo para alquilar el complejo deportivo de San Lorenzo, con una duración de 6 meses y un coste de 15 000 euros.
Yo espero realmente que el año les haya servido para tomar conciencia de la problemática existente y votemos a favor de esta moción que, desde luego, aliviaría mucho la situación que tienen nuestros clubes deportivos y los deportistas de nuestra ciudad.
Muchas gracias.

**-PAULA ALVARELLOS FONDO**: Moitas gracias, señor Vázquez. Ten a palabra o concelleiro de Deportes, Jorge Bustos.

**-JORGE BUSTOS ATANASIO**: Moitas grazas, señora alcaldesa.
Señor Vázquez, como ben dixo, gobernar é decidir. A ver cando instades a Xunta a deixar de cobrar un alugueiro por unha instalación que é pública, como son os polideportivos dos institutos. Despois tamén gustaríame dicir que para sacar o proxecto, o presuposto, dun pavillón necesitas o proxecto de execución material, o cal, para iso si que hai parte económica, que é a redacción e a licitación do prego do proxecto de execución material e proxecto básico.
E, para rematar co que me dixo, pois o colexio de San Lorenzo ten un campo fútbol 8 no centro de Lugo, entón, pode dicirme por que non é beneficioso para a sociedade deportiva lucense ter un campo de fútbol 8 no centro da cidade?
Pero, ben, curiosamente no título da vosa proposta xa me estades dando os argumentarios necesarios para a contestación da seguinte proposición, xa que o

Concello de Lugo ten na actualidade abertas ao deporte lucense moitas instalacións deportivas de titularidade municipal, como ben dicides aquí no título da proposta. Vou enumerar algunhas: piscina exterior e interior de Frigsa; pista de tenis e tenis de mesa descuberta; pista de radiocontrol, volei praia e petanca no parque de Frigsa; Polideportivo Cris Seijo, galería de tiro con arco cuberta, das poucas de España; Polideportivo Casa do Deporte, Campo de Fútbol Luis Gorgoso; Campo de Fútbol das Gándaras; piscina cuberta das Pedreiras; Pista de Atletismo Gregorio Pérez Rivera, con módulo de atletismo cuberto; Polideportivo Pombal, con sala de aseo propia na instalación; pista de tenis descuberta no Pombal; Campo da Cheda; Polideportivo Daniel Cordido; Pavillón Municipal dos Deportes, con sala de esgrima; Campo de Fútbol da Polvoreira; campo de béisbol do Ceao; pista de *skate* das Termas e de Frigsa… E non vou seguir enumerando, pois porque podía estar os 5 minutos enumerando as instalacións deportivas que temos ao servizo do deporte lucense. Todas elas xestionadas polo Concello de Lugo, na súa explotación e mantemento, cun investimento anual que chega aproximadamente aos 2 000 000 euros. Insisto, só para o mantemento e explotación de instalacións deportivas de titularidade municipal.
Polo tanto, teño que desmentir que en Lugo non teñamos os espazos deportivos accesibles e dispoñibles para os clubs.
Outra cousa moi diferente é que o deporte lucense creza cada ano grazas ao arraigo cultural, que si que é verdade que ten a nosa cidade, onde cada vez son máis as crianzas que practican este deporte, chegando case a 10 000 licenzas na cidade, o que representa un 10 % da poboación, nos últimos datos que manexamos das últimas subvencións. Se, polo de agora, chegamos a esa cifra, sabendo que a Xunta, a nivel de infraestruturas para deporte base, fai tempo que deixou a Lugo no esquecemento, será porque a xestión local non é tan mala como vostedes van dicindo pola rúa.
Enlazando o anterior, gustaríame matizar unha cousa importante, e vou recordarllo: as instalacións deportivas de titularidade autonómica de Lugo son o Anxo Carro e a pista Cidade Cultural de Atletismo, que non dá os metros suficientes albergar competicións federadas. E non vou incorporar o polideportivo dos IES na ecuación, porque realmente son centros educativos, non instalacións propiamente construídas para albergar deporte federativo. Debido a isto, varios centros educativos da cidade fan a petición, por rexistro, na Concellería de Deportes, de que necesitan usar as instalacións deportivas de titularidade municipal para uso educativo. E saben que facemos nós? Pois as cedemos de maneira gratuíta, sen ningún tipo de alugueiro. Ao contrario que outros que, aínda por riba, pois seguen cobrando o alugueiro dunhas instalacións que xa están pagadas, o cal, como dixen antes, pois paréceme que é privatizar.
Non podemos seguir asumindo máis competencias impropias; o único que conseguimos así é que non poidamos responder de maneira máis rápida ao crecemento deportivo da cidade porque temos que pagar o que outros non queren. E refírome a isto porque, no acordo marco da FEGAMP, a Xunta cede instalación e non se fai cargo de ningún tipo de intervención, ampliación, adaptación ou reforma, o que significa que un gran número de centros educativos que non reúnen as

condicións necesarias para a práctica deportiva será o Concello encargado de facer as ditas actuacións para facer os polideportivos funcionais. Neste punto non estamos para nada aliñados co convenio, principalmente porque xa temos un tope de instalacións mantidas e explotadas para a práctica do deporte federado lucense.
Para rematar esta primeira quenda, se me dá tempo, insisto en que o convenio pode ser beneficioso para moitos municipios; unha capacidade económica pois non é suficiente o mellor para sufragar os gastos da construción das infraestruturas, pero si de explotación e mantemento. Pero no caso concreto do Concello de Lugo non é viable a firma do dito convenio, porque asumiriamos unha vez máis unha serie de competencias que non nos corresponden.
Moitas grazas.

**-PAULA ALVARELLOS FONDO**: Moitas gracias. Segunda quenda para o señor Vázquez.

**-JAVIER VÁZQUEZ PRADO**: Gracias, señora alcaldesa.
Señor Bustos, veo que van ustedes a persistir en el error. El otro día, la señora Abelleira, en el debate del estado de la ciudad, decía, y yo comparto con ella esa reflexión —de las pocas que comparto, pero esa sí que la comparto—, y es que hay determinadas cuestiones que, a la hora de gobernar, uno puede equivocarse, y equivocarse significa entrar dentro de la normalidad, porque somos humanos. Pero, desde luego, dentro del hecho de equivocarse existe la obligatoriedad de disculparse, existe la obligatoriedad de volver a la senda, desde luego, del acierto, y ustedes no lo están haciendo.
Decía usted, en primer lugar, que cobramos por unas instalaciones. Mire, el Partido Popular no cobra absolutamente nada, yo desde luego no, y si usted tiene constancia de eso, por favor hágalo saber, porque yo no estoy cobrando absolutamente nada.
En segundo lugar, decía usted, hablaba también de ese acuerdo por parte del Ayuntamiento, concretamente con el obispado. Yo no me opongo absolutamente a nada de eso. Creo, además, en la colaboración público-privada; es decir, está claro que están ustedes en su derecho, y a mí no me parce mal. Desde luego, de lo que tengo muchas dudas es que de esos 15 000 euros que ustedes invierten, por ejemplo, en ese alquiler, que el Ayuntamiento de Lugo, o que los ciudadanos de Lugo, o que las propias instalaciones de Lugo, tengan algún retorno positivo con respecto a esa inversión que ustedes hacen, cuando, de hecho, existen instalaciones deportivas de carácter municipal, o en este caso que son titularidad de la Xunta y que están a disposición de ustedes, y que ustedes no utilizan.
Porque, además, usted estaba haciendo ahora mismo un *relatorio* de las distintas instalaciones deportivas que tiene la ciudad, y le voy a decir una cosa: entonces, ¿por qué 12 clubes deportivos se van a pedir instalaciones al Colegio de Paradai —sabe usted que además hay otros clubes deportivos que ya los están haciendo así también— y 6 clubes deportivos que han pedido ya las instalaciones, concretamente en el Colegio de las Gándaras? Es decir, lógicamente, aquí entramos en una clarísima contradicción.

Y después, hacía usted, además, otro apunte en el cual... Bueno, usted… usted no, ustedes, es decir, siempre ven la Xunta de Galicia como un enemigo. Es decir, oiga, usted lo que no puede decir aquí es que esto no es competencia del Ayuntamiento. Es decir, simplemente, y ese acuerdo de la FEGAMP firmado, además, por un alcalde del Partido Socialista, es decir, con la Xunta de Galicia, con lo cual yo creo que no puede ser tan negativo, se llega a un acuerdo: la Xunta de Galicia cede las instalaciones que son de su titularidad y, lógicamente, oiga, señor Bustos, es que ustedes son los responsables del mantenimiento de las instalaciones.
Es que, ¿qué tipo de colaboración quieren ustedes? Es decir, ¿quiere que se les den a las instalaciones y que, además, no mantengan ustedes esas instalaciones deportivas? Usted sabe perfectamente, se lo vuelvo a repetir. Es decir, si tantas instalaciones deportivas tienen ustedes, ¿cuál es la explicación coherente que tienen para argumentar que estos distintos clubes deportivos vayan ya por su cuenta y riesgo? Porque ustedes, desde luego, no asumen esas responsabilidades de irse a hablar con los directores de los centros educativos y pedir esas instalaciones deportivas. Explíquelo, porque desde luego no tiene […]

**-PAULA ALVARELLOS FONDO**: Moitas gracias, señor Vázquez. Última quenda para o señor Bustos.

**-JORGE BUSTOS ATANASIO**: Moitas grazas, señora alcaldesa.
Señor Vázquez, dígame algún CEIP ou algún IES que teña un campo de fútbol 8 dentro das súas instalacións. Dígame o primeiro dentro do Concello de Lugo. Non os hai. Entón, creo que está máis que xustificada a acción que fixemos para o alugueiro do campo da diocese do Seminario.
Despois si que é verdade de que hai moitos clubs que lle solicitan á propia dirección ou á propia AMPA as instalacións dos colexios e dos IES para facer a súa práctica deportiva, como se fixo toda a vida. E non hai ningún tipo de reparo en que eles poidan practicar o seu deporte alí. Pero hai un tema importante: vostede, as fins de semana, para que poida haber unha competición —e ten persoas no seu goberno que teñen xente xogando nas categorías inferiores de equipos de aquí— poden acceder ao pavillón do polideportivo dos institutos? Non poden acceder, porque non está preparado para o deporte federado, porque non teñen gradas. Ao igual que todos os CEIP e os IES que temos da cidade.
Entón, eu entendo que se queremos abordar a explotación e o mantemento desas instalacións, o primeiro que ten que facer a Xunta ao mellor é adaptalas para que poida albergar deporte federado. De acordo?
Amais, quero rematar rápido, que non me dá tempo, lendo os puntos do acordo que marcan vostedes, pois non estamos aliñados coa dita preposición e non é viable a forma do dito convenio para o concello de Lugo debido ao alto número de instalacións deportivas das que dispón a Administración local e o gasto de explotación que asume para a cesión ás entidades deportivas que conforman o deporte lucense.
Pero si queremos empezar un camiño de diálogo para que, equiparando recursos e esforzos económicos Xunta e Concello, poidamos chegar a solucións axeitadas

para que o deporte lucense siga nesta curva exponencial na que se atopa. Así que, se é tan amable, don Javier, facilítolle a emenda do grupo socialista, a color, que estamos en Nadal…
É esa, non?
Dado que o convenio subscrito entre FEGAMP e a Consellería de Cultura, Educación e Universidade para permitir o uso de instalacións deportivas ou educativas de titularidade galega fóra do horario lectivo non resulta unha proposta viable nin asumible para o Concello de Lugo polo investimento que a Administración local realiza xa tanto na promoción e difusión do deporte como polo número de instalacións municipais que mantén e pon a disposición gratuíta dos clubs, instámoslle á Xunta de Galicia, a través da Secretaría Xeral para o Deporte, a iniciar un proceso de conversas coa Concellería de Xuventude e Deporte na procura dunha solución axeitada que permita, mediante unha cooperación equilibrada en termos económicos para ambas as institucións, un maior aproveitamento das instalacións autonómicas.
Espero que acepten esta emenda. Moitísimas grazas.

**-PAULA ALVARELLOS FONDO**: Moitas grazas. Última quenda para o señor Vázquez.

**-JAVIER VÁZQUEZ PRADO**: Sí. Muchas gracias, señor Bustos.
Obviamente, es decir, el acuerdo que nosotros traemos aquí es un acuerdo muy claro, ¿de acuerdo? No vamos a aceptar la enmienda.
Es decir, hay un acuerdo de la FEGAMP por parte de la Xunta y, si ustedes lo estiman oportuno, pues lógicamente tienen los mecanismos necesarios para irse ustedes al Parlamento de Galicia y negocian allí lo que tengan que negociar. Nosotros, desde luego, en este caso, lo que mi grupo está defendiendo es una moción que está muy clara.
Aquí hay 4 puntos que son claves, es decir, por una parte, la utilización de los recursos, está clarísimo, es decir: inviertan ustedes en las propias instalaciones que tenemos, cumplan lo aprobado. Es decir: usted hablaba ahora mismo de la falta de instalaciones, por ejemplo, para una cancha de fútbol 8. Oiga, ustedes han aprobado, se ha aprobado aquí en Pleno de gobierno, no le he oído decir nada todavía sobre el nuevo pabellón. No han dicho ni pamplona.
Aprovechen las oportunidades de diálogo, vean ustedes a la Xunta de Galicia como una entidad colaboradora y no, desde luego, como un enemigo. Y no derrochen el dinero de los lucenses.
Muchas gracias.

**-PAULA ALVARELLOS FONDO**: Moitas grazas.
Ben, como vemos, este é un exemplo máis de «eu invito e ti pagas»: «garantir a dotación de persoal cualificado para o correcto funcionamento das ditas instalacións». Si, é unha proposición trampa, evidentemente, é unha proposición trampa. Nós abrimos e vós encargádevos de todo; eu invito e ti pagas.
Imos votar esta proposición.

9/218 **PROPOSICIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DO PsdeG-PSOE, NÚMERO 449/2024 DE REXISTRO DE PLENO, PARA INSTAR Á XUNTA DE GALICIA A UN COMPROMISO PLURIANUAL PARA A REHABILITACIÓN DO CUARTEL DE SAN FERNANDO CO FIN DE ALOXAR O FUTURO MUSEO DA ROMANIZACIÓN DE GALICIA (Exp. 2024/G004/000866).-** Vista a referida proposición cuxo texto é do seguinte teor:

"A conversión do antigo cuartel de San Fernando no demandado Museo da Romanización de Galicia é un proxecto de cidade con proxección nacional e internacional que conta cun amplo respaldo social. Ademais, trátase dunha iniciativa que logrou desde a súa concepción un notorio consenso por parte de todas as administracións implicadas. De feito, a Xunta de Galicia comprometeuse ata tal punto que acordou a firma dun convenio co Concello para asumir este inmoble, no que a Administración local investiu preto de 2,5 millóns de euros para a súa adquisición, xa que o edificio pertencía ao Ministerio de Defensa. Pero, aínda que o Concello de Lugo cumpriu a súa parte, o goberno autonómico faltou á súa palabra, iniciando así unha fuxida cara adiante que chega ata os nosos días. E é neste punto onde é necesario repasar a secuencia de decisións autonómicas que, 14 anos despois, teñen como consecuencia a parálise total deste proxecto.

En xaneiro do 2010, sendo conselleiro de Cultura Roberto Varela, anunciábase un concurso de ideas para construír un museo na que foi ata inicios do século XXI a Delegación de Defensa. Deste concorrido proceso foi elixida como proposta gañadora a que presentaron os arquitectos Colón de Carvajal e Raquel Buj. A proposta denominada Perseo contou ademais cun informe favorable por parte do Icomos, o organismo da Unesco que se encarga da conservación, protección e posta en valor do patrimonio cultural, o que achegaba un maior grao de seguridade normativa á viabilidade da iniciativa.

De feito, cando se anunciou o gañador do concurso, o 15 de xuño do 2010, o conselleiro Varela afirmaba que o proxecto estaría redactado a final dese ano e licitaríanse as obras no 2011, cun investimento previsto de 10 millóns de euros. En xaneiro do 2012, o DOG publicaba o contrato para o proxecto básico, por un prezo de 221.607 euros. Uns meses antes, o director xeral de Patrimonio nese momento, Rey Pichel, explicaba no Parlamento que o museo romano de Lugo «será un fito cultural» e sinalaba que xa se gastaron 218.000 euros no protocolo de colaboración, estudos de conservación, probas de carga e reforzos de seguridade, premios do concurso e escavacións e estudos arqueolóxicos.

Con todo, aquí finalizou o compromiso da Xunta de Galicia, quen optou por desentenderse do proxecto durante máis dunha década, ata que, ante a presión social e as continuas reivindicacións do goberno local, decidiu aceptar parcialmente, xa que o seu compromiso se limitou a só 500.000 euros, unha emenda canalizada pola Alcaldía de Lugo a través do Grupo parlamentario do PSdeG para que o goberno autonómico modificase os orzamentos de 2025 e incluíse unha partida de dous millóns de euros co obxectivo de actuar na cuberta e

na envolvente do edificio, o que desbloquearía o proxecto e situaría a Lugo en disposición de optar a liñas de financiamento tanto estatais como europeas que permitirían asumir a musealización do inmoble.

Pero este compromiso de mínimos non só retrata unha decisión improvisada que responde unicamente ao obxectivo de tentar tranquilizar a presión exercida polo tecido asociativo e cultural da cidade, senón que é, de xeito evidente, insuficiente. A estas alturas, a consignación anunciada non desbloquea a situación. É preciso contar con certezas, por iso solicitamos maior concreción por parte do goberno autonómico. Non debemos esquecer que, como sinalabamos anteriormente, xa en 2010 a Xunta asegurou que o proxecto estaría redactado ese mesmo ano e que as obras se licitarían en 2011 cun investimento previsto de 10 millóns de euros. Catorce anos despois os e as lucenses seguimos esperando.

É necesario lembrar que a conservación dos restos arqueolóxicos é unha competencia exclusiva da Xunta de Galicia que desde hai anos non está a asumir en Lugo do modo que debería, con todas as implicacións negativas que este abandono de funcións ocasiona ao noso municipio e a todas e todos os galegos. Na actualidade, o Concello custodia máis de 15.000 pezas arqueolóxicas. Desde restos líticos ata moedas, pasando por ourivaría e cerámicas procedentes de máis de 30 anos de escavacións na cidade que se gardan en diferentes dependencias municipais.

Pero non só o Concello esta asumindo este labor que lle corresponde á Xunta, xa que é público e notorio que fondos deste tipo e da mesma procedencia se atopan aloxados en domicilios particulares de arqueólogos por carecer a Xunta de espazo para almacenalos. A suma de todo este patrimonio esquecido polo goberno galego representa un valor incalculable desde o punto de vista histórico e cultural e atesoura unha gran potencialidade para converter a Lugo nun referente europeo nesta materia. Polo que un centro museístico permitiría levar a cabo labores de investigación, custodia, difusión e promoción, o que, a longo prazo, redundará nun maior coñecemento e prestixio da cidade e de toda Galicia.

Por todo o sinalado anteriormente, o grupo municipal do PSdeG-PSOE no Concello de Lugo presenta á corporación o seguinte punto de acordo:

- Instarlle á Xunta de Galicia a que planifique e lle comunique ao Concello de Lugo un compromiso plurianual destinado a acometer a reforma do cuartel de San Fernando cunha asignación de fondos suficiente para que a Consellería de Cultura, como promotora do proxecto, actúe inicialmente na cuberta e envolvente do edifico e así rehabilitar o edificio co obxectivo de que, en posteriores fases, se poida optar a diferentes liñas de financiamento para acometer a súa musealización."

Tras a deliberación efectuada, sométese o asunto a votación, acadándose os seguintes resultados:

**Votos emitidos**: 25
- **Votos a favor**: 13 dos Grupos Municipais do Partido Socialista de Galicia-PSOE e do Bloque Nacionalista Galego.
- **Votos en contra:** 0

- **Abstencións:** 12 do Grupo Municipal do Partido Popular.

En virtude de todo o cal, o Excmo. Concello Pleno, por maioría absoluta, **ACORDA:**

Instarlle á Xunta de Galicia a que planifique e lle comunique ao Concello de Lugo un compromiso plurianual destinado a acometer a reforma do cuartel de San Fernando cunha asignación de fondos suficiente para que a Consellería de Cultura, como promotora do proxecto, actúe inicialmente na cuberta e envolvente do edifico e así rehabilitar o edificio co obxectivo de que, en posteriores fases, se poida optar a diferentes liñas de financiamento para acometer a súa musealización.

**DELIBERACIÓN**

**-PAULA ALVARELLOS FONDO**: Polo Partido Socialista ten a palabra a voceira Ana González Abelleira.

**-ANA GONZÁLEZ ABELLEIRA**: Grazas, señora alcaldesa.
Ben, pois esta petición do compromiso plurianual para a rehabilitación do cuartel de San Fernando para albergar o tan demandado muro que, por certo, ata o 2013 era unha aspiración compartida e complementada tamén polo goberno da Xunta de Galicia, a quen tamén, por certo, lle compete salvagardar todos os restos arqueolóxicos que ten agora custodiados o Concello e tamén persoas particulares.
Podemos ver un xesto nesa consignación de 500 000 euros que se fixo nos orzamentos da Xunta de Galicia, pero é necesario que o compromiso se estenda ata un mínimo que cubra tan sequera a primeira fase de rehabilitación que solicitamos para este cuartel de San Fernando, polo que roldaría, ou sería incluso un pouco máis de 2 000 000 euros.
O Concello cumpriu con ese investimento de 2 500 000 euros da adquisición do inmoble, e agora debe ser a Xunta quen financie o traballo que afecta a envolvente e a cuberta deste cuartel. A consignación asinada non desbloquea eses 500 000 euros, non desbloquea a situación actual do cuartel de San Fernando.
En 2010, cando dicía que a Xunta vía ou consideraba oportuno este proxecto, asegurou que estaría redactado un proxecto e que se licitaría por máis de 10 000 000 euros. Aquí nin inflación, nin IPC nin nada de nada: pasamos de 10 000 000 euros a 500 000 euros, 14 anos despois.
Por iso, a nosa proposición vén pedir que non siga manobrando a Xunta de Galicia, que se comprometa, polo menos, con eses 2 millóns, xa non pedimos os 10, que permitiría acceder a outras liñas de financiamento como, por exemplo, o 2 % cultural.
Cremos que, ante a presión social e tamén política no Parlamento de Galicia, a Xunta, aínda que ás présas, decidiu incluír esta cantidade, pero non chega nin permite deseñar, polo menos, a este Concello nin aos seus técnicos e técnicas, unha planificación precisa, polo que solicitamos, a poder ser, máis concreción nas accións que pretende levar a cabo, aínda que só sexa estes 500 000 euros.

A conversión do antigo cuartel no muro, no Museo de Romanización de Galicia, é un proxecto de cidade, un proxecto que creo que debe valorar conscientemente a Xunta de Galicia, con proxección nacional e internacional, e que conta cun amplo respaldo social.
É necesario lembrar, como falaba antes, que eses restos arqueolóxicos son competencia da Xunta de Galicia e que, dende hai moitos anos, non está asumindo con Lugo do modo que debería, con todas as implicacións negativas que supón este abandono por parte da Xunta de Galicia, é que o noso patrimonio está sendo maltratado por ela.
Na actualidade, o Concello custodia máis de 15 000 pezas arqueolóxicas de restos de moitos tipos: moedas, ouro, cerámicas… de máis de 30 anos de escavacións na cidade, que teñen un valor moi importante tanto para o patrimonio como para a cultura de Lugo. E, como dicía, están ou atópanse en domicilios particulares ao carecer a Xunta de Galicia destes espazos para almacenalos.
De aí, e con esta potencialidade que temos de converter a Lugo nese referente europeo, pois cremos que San Fernando é o sitio ideal para este centro museístico que, ademais, redundará nun mellor coñecemento e prestixio da nosa cidade en toda Galicia. De aí a nosa proposición.

**-PAULA ALVARELLOS FONDO**: Moitas grazas. Ten a palabra o voceiro do Bloque Nacionalista Galego, don Rubén Arroxo.

**-RUBÉN ARROXO FERNÁNDEZ**: Bo día. Moitas grazas.
Ben. O outro día falaban no Pleno do estado do Concello de que en Lugo existen dous buratos negros, e que realmente como cambiaría a nosa cidade, como cambiaría a posta en valor do noso patrimonio se tivésemos rehabilitado tanto o que é o barrio da Tinería, xa temos falado innumerables veces del, como do tema a tratar nesta proposición, que é o cuartel de San Fernando.
Porque, ademais, entendemos que esta é unha débeda clave con Lugo e, ademais, unha parte fundamental tamén se se quere recuperar esa idea, que durante bastante tempo soou, de que o centro histórico sexa Patrimonio da Humanidade. Evidentemente, o centro histórico non vai ser Patrimonio da Humanidade se temos estes dous buratos negros que acabo de mencionar.
Como dicía a voceira do Partido Socialista, Lugo ten miles de pezas arqueolóxicas que están distribuídas por diferentes sitios por non ten un lugar correcto no que podelas conservar e tamén onde podelas amosar, porque tamén esa é a parte fundamental que teñen que ter, pois, a existencia destes restos arqueolóxicos. E, ademais, temos miles de pezas dunha das etapas posiblemente máis importantes da historia da nosa cidade, que é neses anos hai dous milenios cando confluíron dúas culturas: a cultura galaica, que era a que habitaba en Lugo e a chegada do Imperio Romano, que foi precisamente cando nace a cidade de Lucus Augusti; unha época, pois, que foi a de maior esplendor da cidade na que apareceron elementos patrimoniais como poden ser as termas romanas, a ponte romana, a muralla etc.

Ben. E por iso é tan necesario, pois, ter un museo, un centro museístico, que amose toda esta riqueza. Un Museo da Romanización, como di a proposición, ou un Museo Galaico-Romano, como defenden algúns historiadores; sexa cal sexa a nomenclatura, é algo totalmente necesario.
E aquí, como tamén comentou antes a voceira do Partido Socialista, cómpre lembrar o compromiso que existía coa Xunta de Galiza. Cómpre lembrar aquel proxecto, ademais, que parece que se nos esqueceu, de que houbese un museo galego en cada unha das provincias, no que se denominaba a Rede Galega do Patrimonio Arqueolóxico, no cal cada un tería unha temática diferente da historia do noso país. E aí podiamos ver o Centro de Arte Rupestre en Campo Lameiro, en Pontevedra; o da cultura castrexa en San Cibrao de Las, en Ourense; o do Megalitismo na Costa da Morte, na provincia da Coruña; e a provincia de Lugo pois ía ser precisamente o do cuartel de San Fernando. Os dous primeiros levan anos executados e faltarían estes dous últimos.
Entendemos, pois, que Lugo non pode seguir agardando outras dúas décadas, que ese centro museístico no cuartel de San Fernando ten que ser unha prioridade estratéxica para a nosa cidade, que a Xunta debe cumprir xa co seu compromiso, deixar de gastar barbaridades en *vallas* como esas de «A Xunta con Lugo» e realmente, pois, estar con Lugo con cousas que fan falta como son estas.
Lugo está a vivir un momento moi especial a nivel poboacional. Diciámolo, lembrabámolo o outro día, que volvemos… volvemos non, pasamos por vez primeira na súa historia dos 100 000 habitantes. Pero tamén estamos vivindo un momento moi especial no que respecta ao turismo; estamos batendo récords de visitantes na nosa cidade. Estamos conseguindo construír algo que non é sinxelo, e que calquera cidade quere: que é ese turismo de calidade, ese turismo que precisamente foxe dos problemas que causan outros turismos que podemos observar noutras cidades. En Lugo estamos construíndo precisamente o que todas e todos queren. E, dende logo, pois o cuartel de San Fernando ten que ser parte fundamental dese atractivo turístico que ten que ter a nosa cidade.
Polo tanto, entendemos que isto non pode agardar máis, que é preciso poñelo sobre a mesa de forma inmediata e, por iso, imos apoiar esta proba proposición.

**-PAULA ALVARELLOS FONDO**: Moitas grazas. Por parte do Grupo Municipal Popular, a señora Sanz.

**-CRISTINA SANZ ARIAS**: Bien. Gracias alcaldesa. Buenos días de nuevo a todos.
Hay una frase que utiliza con frecuencia un diputado nacionalista en el debate del Parlamento de Galicia y que yo, con su permiso, la voy a utilizar hoy, porque es yo creo que recoge bien esto: «Hace falta valor». Lo digo porque hace falta valor por parte del Partido Socialista para presentar esta iniciativa mediante la que piden a la Xunta, y solo a la Xunta de Galicia, que planifique y comunique un compromiso plurianual para rehabilitar el cuartel de San Fernando con el objetivo de que pueda alojar el Museo de Romanización; que por cierto, en la parte resolutiva no pone cantidad, hoy la señora Abelleira dijo 2 000 000, pero en la parte resolutiva dicen «la cantidad necesaria para rehabilitar el cuartel».

Y digo que hace falta valor porque la Xunta de Galicia es la única administración que, en este momento, ya ha hecho una primera aportación al proyecto, la única.
Y digo que hace falta valor porque ustedes iban a conseguir financiación de diferentes administraciones, pero ahora, tras su fracaso con la gestión de los fondos europeos, que irían destinados a la rehabilitación del cuartel y de los que no han sido capaces de obtener ni un solo euro, están pidiendo que lo financie todo el gobierno gallego. Ustedes son los promotores del proyecto, los propietarios del inmueble y, por tanto, responsables del mismo. Y pretenden que el coste de su rehabilitación recaiga en la Xunta de Galicia que, repito, es la única que ya ha puesto dinero.
Y también por cómo cuenta el relato, porque omiten aspectos clave que nos llevan a la situación actual. Como comienzo, el texto de la iniciativa en el año 2010, obviando, por ejemplo, todo lo que sucedió en el bipartito, que hoy parece que están los dos muy de acuerdo, pero en aquella época no lo estaban tanto cuando gobernaban la Xunta. Y creo que es importante recordarlo, porque posiblemente la situación actual proceda del enfrentamiento de los socios de gobierno de aquel entonces, así como por la incapacidad de este Concello de sacar adelante el proyecto. Porque ahora hablamos de Museo de Romanización, destino en el que todas las fuerzas políticas y la sociedad estamos de acuerdo, ahí hay un consenso, pero en el año 2007, los socialistas querían construir en San Fernando un auditorio, y el señor de Besteiro, que era concejal de Urbanismo aquí, decía que había consellerías que cumplían con Lugo y otras que no cumplían; y acusaba al BNG de oponerse desde la Xunta, desde la Consellería de Cultura, al proyecto, señalando, literalmente decía el señor Besteiro: que se metía la Consellería de Cultura en un problema muy serio y que estaba jugando con fuego. Pero bueno, sus amenazas se apagaron y, como todos sabemos, no consiguió hacer nada en el cuartel.
En cualquier caso volviendo al momento actual, es necesario aclarar los compromisos adquiridos por las partes, porque, como decía, está contando un relato sesgado. Hagamos un breve repaso. El 24 de octubre del 2022, el presidente Rueda se reúne con la entonces alcaldesa Lara Méndez para tratar temas de interés de la ciudad. Entre los muchos asuntos tratados, lo que se consideró por los medios el mayor éxito de la reunión fue el pacto entre ambas administraciones para la creación del museo en San Fernando. La posición de la Xunta fue muy clara, y voy a repetir las palabras del presidente Rueda tras aquella reunión: «Paréceme un magnífico obxectivo para Lugo. Será unha obra moi beneficiosa para poñer en valor a historia da cidade. Tanto a Xunta como o Concello estamos á espera do financiamento estatal, que usará fondos *Next Generation*, para pagar parte do proxecto para, así, especificar que cantidade aboará a Xunta». Eso dijo el presidente Rueda, ese es su compromiso reafirmado con la siguiente reunión con la señora Méndez en noviembre del 2023.
¿Qué tocaba entonces? Pues que el gobierno local presentase el proyecto al Gobierno central para obtener financiación con fondos europeos. Y para ello hubo una Junta de Gobierno local en el año 2022, en la que se decidió concurrir a esas ayudas. Y sobre este aspecto esencial, más importante de todos, ni una palabra ni en la iniciativa ni en sus intervenciones de hoy. El Concello de Lugo esperaba

obtener 12 000 000 euros y la realidad fue que el ministerio competente, el de Transportes, que gestionaba Ábalos en aquel momento, no llegó siquiera a baremar el proyecto presentado por no cumplir siquiera los requisitos básicos. Y, por tanto, se obtuvieron 0 euros. Escuchen lo que acabo de decir: no es que no se alcanzara la puntuación mínima, es que ni siquiera llegó a baremarse. Por eso también digo que hace falta valor, porque ustedes presentaron un proyecto tan pobre que no tuvo ningún apoyo del Gobierno central y, en vez de asumir su responsabilidad y fracaso en esta tramitación, ocultan el tema y desvían la atención hacia la Xunta de Galicia, pidiéndole a ella todos los fondos.
Bien, en cualquier caso, el presidente Rueda siempre mantiene su palabra y esta vez, en la reunión con usted, señora Alvarellos, en julio de este año, le recuerda que el gobierno está a la espera de que el Ayuntamiento consiga la financiación necesaria, europea o del Gobierno central, y que, a partir de ahí, la Xunta colaborará.
Pero, es más, es que a día de hoy ya ha colaborado, ya ha hecho, a pesar de que ustedes no han cumplido la parte acordada.
Compromiso reafirmado también por el conselleiro de Cultura, José López, en el Parlamento de Galicia, el pasado 23, a una pregunta de Lara Méndez. Le decía que el compromiso de apoyo era firme y que solo se estaba a la espera de que el Ayuntamiento consiguiera su parte. Hay un acuerdo encima de la mesa, dice el conselleiro, pero también insistió en que el Ayuntamiento debe de cumplir con la palabra dada al presidente Rueda.
Así que yo creo que el gobierno debería de usar sus turnos de intervención para explicarnos cómo está la situación, si están trabajando en ello y si tienen previsto obtener alguna otra financiación, que ese es el sentido de la enmienda que acabamos de presentar. La Xunta va a participar, por supuesto que sí, pero también queremos que participe el Gobierno central con Fondos Europeos o no […]

**-PAULA ALVARELLOS FONDO**: Moitas grazas, señora Sanz. Segunda quenda para a voceira do partido socialista.

**-ANA GONZÁLEZ ABELLEIRA**: Moitas grazas.
Ben, a min recórdame máis a unha canción: «Hace falta valor, hace falta valor…».
Non, digo… vostede falaba de «Hace falta valor», os que propoñían un parador. Saíume un *pareado sin habelo pensado*.
Pero, ben, propietarios do inmoble porque investimos, como lle comentaba, eses 2 500 000, aos que tamén fixo alusión a señora alcaldesa; eses 2 500 000 euros que, como non había nada firmado por parte da Xunta de Galicia, que non cumpriu co que prometera, pois tivemos que quedarnos con ese inmoble e a Xunta de Galicia, 14 anos despois, seguir sen facer o traballo. En 2022 fala de que se concorreu a fondos europeos. Mire, a Xunta de Galicia non fai máis que devolver cartos dos fondos do Estado e dos fondos… e que nin sequera se presente. Evidentemente, eu creo que o di por descoñecemento de todos os ítems que supón presentarse aos fondos europeos, porque son moi complicados e hai que… Pero, ben, como lle dicía…

En xaneiro de 2010, para que vexa a incoherencia da que vostede nos fai responsables, o conselleiro de Cultura, Roberto Varela, anunciaba un concurso de ideas para construír o museo na que foi, ata inicios do século XXI, a delegación de defensa. Deste concorrido proceso foi elixida unha proposta gañadora, a que presentaron os arquitectos Colón de Carvajal e Raquel Buj. A proposta, denominada Perseo, contou ademais cun informe favorable por parte de ICOMOS, o organismo da UNESCO que se encarga da conservación, protección e posta en valor do patrimonio cultural, o que achega un maior grao de seguridade normativa e viabilidade da iniciativa.
De feito, cando se anunciou, chegouse a publicar, sendo conselleiro Varela Rey, no DOG no 2012; publicaba o contrato do proxecto básico por 221 000 euros. Entón, si sae DOG, e si que os conselleiros o teñen aprobado e si había un acordo da Xunta de Galicia de 10 000 000 euros, e agora resulta que «hace falta valor», 500 000 euros para arranxar iso, cando nós, como di a nosa proposición, queremos eses 2 000 000 euros para acceder, polo menos, ao 2 % cultural.
Non podemos aceptar, como non pode ser, a emenda presentada, porque é que desvirtúa totalmente a petición da nosa proposición e fálanos da argumentación que vostede deu na súa na súa intervención que non é o que nós pretendemos.

**-PAULA ALVARELLOS FONDO**: Moitas grazas. Ten a palabra o voceiro do Bloque Nacionalista Galego.

**-RUBÉN ARROXO FERNÁNDEZ**: A verdade é que si, fai falla valor, porque dicir que a Xunta… no ano 2025, ou sexa, para os orzamentos de 2025, dicir que a Xunta é a única administración que ten unha partida para isto, unha partida de 500 000 euros cando, no ano 2010 —ou sexa, xa se van cumprir 15 anos—, anunciaba que un ano despois se ía licitar… pois eu si creo que hai que ter bastante valor para considerar que iso é algo positivo.
E, ademais, a min se isto fose o Concello, quen di no ano 2025 que vai meter medio millón de euros para algo que leva dende o 2010 dicindo que vai licitar de forma inmediata, non ían chegar as *vallas* publicitarias en todo Lugo para que o Partido Popular empapelase o que está a facer o Concello. Nese caso, con razón, eh, con razón, con toda a razón do mundo. Pois isto é o que está facendo a Xunta de Galiza. É que é algo o obxectivo. E o que é hoxe obxectivo, pois tampouco é moito máis aló de debatible.
Ben… dicir que o Concello é titular e que agora se pide que a Xunta execute esta obra… Isto ou é descoñecer ou é manipular, unha de dúas. Por que o Concello pide á Xunta que faga esta obra se o Concello é titular? Pois non o vou explicar, porque é descoñecer ou é manipular; porque, evidentemente, unha das dúas cuestións ten que ser. O que está claro é que nunca houbo un compromiso real da Xunta con Lugo en cousas que son estratéxicas para a cidade, e falo destes dous asuntos que mencionei ao principio: o barrio da Tinería e o cuartel de San Fernando. Nunca houbo un compromiso real. Sempre se estivo dando voltas: pois agora non se fai, agora si se fai, agora vaise facer un novo proxecto, agora vaise facer un parador… sempre dando voltas coa intención de, dende logo, que non se fixese nada. E nese

punto estamos na entrada do 2025, con medio millón de euros que é o que pode ofrecer a Xunta e que, dende logo, pois… home, mellor que nada é, pero que non vai executar esta obra.

**-PAULA ALVARELLOS FONDO**: Moitas grazas. Ten a palabra a voceira do Grupo Popular, a señora Sanz.

**-CRISTINA SANZ ARIAS**: Bien. En cualquier caso, el compromiso de la Xunta de Galicia con la ciudad de Lugo está fuera de toda duda. Puede ser por la sensibilidad del presidente Rueda con esta ciudad, puede ser por el trabajo de este grupo municipal o de los compañeros que están en el Parlamento de Galicia, o por tener una portavoz, que a veces le afean que sea vicepresidenta del Parlamento, pero es una portavoz que presenta y defiende continuamente todo tipo de proyectos para esta ciudad.
Sea por lo que sea, pero la realidad es que el año que va a entrar, Lugo recibirá una de las inversiones más elevadas de la Xunta de Galicia a lo largo de toda su historia. Y, a mayores, como muestra de la voluntad y del interés del gobierno gallego de reactivar el proyecto del cuartel, se ha transaccionado con el grupo Socialista una enmienda parcial a los presupuestos de la Consellería de Cultura, por la que se destinarán esos 500 000 euros al inicio de las actuaciones. Señora Abelleira, señor Arroxo, «inicio de las actuaciones».
Claro que para poco van a llegar, pero somos los primeros que ponemos el dinero para reactivar el tema y que de una vez arranque.
Y conseguir introducir esa cantidad en el presupuesto autonómico por la vía de enmiendas, les aseguro que no fue una tarea nada fácil y se debe al empeño y a la defensa que el proyecto del cuartel de San Fernando tiene para los diputados del PP en el Parlamento de Galicia, liderados por nuestra portavoz.
Pero es que el compromiso de la Xunta de Galicia va mucho más allá, y el presupuesto del gobierno gallego para el año 2025 recoge una inversión en esta ciudad superior a los 188 000 000 euros. Presupuesto, por cierto, que hemos aprobado hace 2 semanas en tiempo y forma y que nos permitirá por 17.ª vez iniciar el año 2025 con presupuesto aprobado, no como ocurre en este Concello o no como ocurre en el Gobierno central, porque Galicia funciona.
Bien, como decía, esos 188 000 000 euros para Lugo, ya territorializados, incluyen partidas que todos conocen: la intermodal, Ángel Carro, residencias As Gándaras, Milagrosa, construcción de vivienda pública, rehabilitación de Lucus Augusti, Campus Terra etc. La Xunta cumple con esta ciudad, a diferencia de otros grupos políticos que dicen una cosa aquí y otra distinta en Santiago.
Señor Arroxo, de verdad, porque ya le afeó el otro día nuestra portavoz en el debate de estado de la ciudad; que el BNG pide una cosa aquí y hace una muy distinta en Santiago.
Sabe que pidió, presentó una moción para que se destinase el presupuesto de la ronda Leste a la Tinería. Y llegan a Santiago y redactan y registran una enmienda por la que piden que todo el presupuesto que la Xunta de Galicia iba a destinar a la ronda Leste lo destinen a carreteras de la provincia de Pontevedra. Impresionante.

Y usted habla de coherencia. Impresionante. ¿Les parece que está defendiendo los intereses de Lugo? ¿Renunciaron ya a que esos recursos vengan a esta ciudad? ¿Se olvidaron de la Tinería? Pero, ¿no era un agujero negro de esta ciudad? No sé, a lo mejor es mayor agujero negro las carreteras de Pontevedra. Es increíble la incoherencia.
En cualquier caso, acabo ya recordándoles que: como propietario del inmueble, el Concello tiene la obligación de conservar y mantener las instalaciones en condiciones adecuadas; recordándoles que la Xunta es la única que ha puesto una primera parte para reformar este inmueble; recordándoles que hay un compromiso entre ambas administraciones y que la Xunta solo espera que cumpla y la enmienda va en el sentido de lo acordado con la alcaldesa, con el presidente […].

**-PAULA ALVARELLOS FONDO**: Muchas gracias, señora Sanz. Última quenda para a voceira do Partido Socialista.

**-ANA GONZÁLEZ ABELLEIRA**: Mire, señora Sanz, de 13 000 000 000 euros de orzamento da Xunta de Galicia, 500 000 euros. Eu creo que non hai ceros no burato da calculadora que cheguen para dar a porcentaxe de achega da Xunta de Galicia para Lugo: 0,000000… Porque, 13 000 000 000 euros de orzamento, 500 000 para Lugo.
Vólvolle dicir: polo sinalado, instarlle á Xunta de Galicia a que planifique e comunique ao Concello de Lugo un compromiso plurianual destinado a cometer a reforma do cuartel de San Fernando, cunha asignación de fondos suficiente para que a Consellería de Cultura, como promotora do proxecto, actúe inicialmente na cuberta e no envolvente do edificio e así rehabilitar o edificio co obxectivo de que, en posteriores fases, se poida optar a diferentes liñas de financiamento para acometer a súa musealización.

**-PAULA ALVARELLOS FONDO**: Moitas grazas.
Pois a postura que ten aquí o Grupo Municipal Popular é o exemplo de terxiversación e o exemplo de enredo. Acaban de dicir «fai falta valor», acaban de dicir que a Xunta de Galicia é a primeira administración que fai unha achega para o Museo da Romanización.
Pero, señores, estamos dicindo que había un compromiso e que Concello de Lugo comprou —que non era do Concello de Lugo— o cuartel de San Fernando. Esa foi a primeira achega: 2 500 000 euros, dous millóns… […] Perdón. Dous millóns. Foi a primeira administración que puxo diñeiro enriba da mesa para adquirir e para conseguir ese Museo da Romanización, 2 500 000 euros.
E o único que se lle di aquí, e que creo que o estamos tratando de transmitir, é que se cumpra a palabra dada, que se cumpran os compromisos. O compromiso era tan sinxelo como este: o Concello compraba o cuartel de San Fernando e a Xunta poñía 10 000 000 euros para facer o museo. Estamos así: nós cumprimos a nosa palabra, 2 500 000 euros de todos os lucenses, a Xunta segue sen cumprir esa palabra. 500 000 euros do orzamento do ano 2025… Esperamos que se

comprometa a unhas achegas plurianuais ata chegar a eses 10 000 000 euros aos que se comprometeu.
Porque si, que como lle recordaba a voceira, foi moi rápido para ofrecer 5 000 000 euros para un parador, para iso foi rapidísimo, pero para cumprir a súa palabra… polo tanto, non enredemos máis, había un compromiso desde hai máis de 10 anos, que era: nós adquiriamos o cuartel de San Fernando, eles facían o Museo da Romanización. Simplemente estamos pedindo que se cumpra a palabra, que se cumpran os compromisos.
Polo tanto, imos votar.

**-CRISTINA SANZ ARIAS**: ¿Entonces no se acepta la enmienda?
[…]

**-PAULA ALVARELLOS FONDO**: Xa llo dixo. Díxoo claramente, que non se aceptaba a emenda.

10/219 **PROPOSICIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DO PARTIDO POPULAR, NÚMERO 450/2024 DE REXISTRO DE PLENO, PARA ESIXIR AO CONCELLO DE LUGO QUE SE REBAIXE O IMPOSTO SOBRE VEHÍCULOS DE TRACCIÓN MECÁNICA. (Exp. 2024/G004/000867).-** Vista a referida proposición cuxo texto é do seguinte teor:

"O imposto sobre vehículos de tracción mecánica de Lugo é un dos máis caros de toda Galicia. Como consecuencia disto, numerosas empresas de rénting, compravendas e concesionarios da nosa cidade teñen censados os vehículos usados en depósito noutros concellos da provincia. Ademais, son numerosos os concellos os que teñen exencións para este tipo de imposto.

Facéndose eco das demandas realizadas pola Asociación Provincial de Reparación e Venda de Automóbiles e Recambios (Aprevar), o Grupo Municipal do Partido Popular considera de interese municipal que o Pleno da corporación municipal ACORDE:

Instarlle ao Concello de Lugo a que estude a viabilidade de atender as demandas de entidades como APREVAR e estudar a viabilidade dunha exención ou redución do imposto."

Tras a deliberación efectuada, sométese o asunto a votación, acadándose os seguintes resultados:

**Votos emitidos**: 25

| | | |
|---|---|---|
| - **Votos a favor**: | 12 | do Grupo Municipal do Partido Popular. |
| - **Votos en contra:** | 13 | dos Grupos Municipais do Partido Socialista de Galicia-PSOE e do Bloque Nacionalista Galego. |
| - **Abstencións:** | 0 | |

En virtude de todo o cal, o Excmo. Concello Pleno **ACORDA** REXEITAR a proposición presentada polo Grupo Municipal do Partido Popular, anteriormente transcrita.

## DELIBERACIÓN

**-PAULA ALVARELLOS FONDO:** Polo Grupo Municipal Popular, o señor Cabarcos.

**-RAMÓN MANUEL CABARCOS RODRÍGUEZ:** Bo día a todos.
O Concello de Lugo, dentro das súas lexítimas e obrigadas atribucións, procede anualmente, dende o 20 de agosto ata o 20 de outubro, segundo o calendario fiscal local, ao cobro do imposto sobre vehículos de tracción mecánica. Camiño de 80 000 vehículos, coas súas achegas económicas, proporcionan ás arcas municipais preto de 6 000 000 euros. E esta vén sendo a segunda achega máis cuantiosa tras o IBI, que lles corresponde aos bens mobles.
A cifra de vehículos matriculados non vén deixando de aumentar, como ocorre no resto do Estado, pero en Lugo prodúcese o paradoxo de que, en paralelo aos incrementos de recadación, se reducen as prestacións e os servizos. Os tipos impositivos de Lugo son elevados, pero os servizos e os dereitos, non.
Voulles facer unha comparativa a propósito dos impostos que se veñen cobrando no Concello de Lugo e noutros limítrofes. Poñendo como exemplo un vehículo, un coche, de entre 8 e 11,99 cabalos fiscais —por debaixo da media nacional, que son 125 cabalos—, por exemplo, un Renault Clio, tributa en Lugo anualmente 59,32 euros; en Outeiro de Rei, concello limítrofe, 35; en Friol, 35,70; e no Corgo, 36,90, aproximadamente o 40 % do que tributa aquí.
Pero tamén vou comparar isto coas outras capitais de provincia galegas: o mesmo vehículo, este Renault Clio do que lles falaba, tributa en Lugo 59,32 euros; na Coruña, 34,8; en Pontevedra, 55,85; e en Ourense, 57,80. Segue sendo a maior das tributacións.
Que ocorre coas motocicletas, cos vehículos de non moita cilindrada, de entre 125 e 250 $cm^3$? En Lugo, unha motocicleta deste tipo tributa 14,12 euros; en Outeiro de Rei, 8; en Friol, 7,90; e no Corgo, 8,17. Tamén, o mesmo, 40 % do que tributa no Concello de Lugo. E que ocorre coas capitais de provincia? Pois esta mesma motocicleta de entre 125 e 250 $cm^3$ tributa 14,12 en Lugo; 7,57 na Coruña; 12,42 en Pontevedra; e 13,30 en Ourense. Tamén volve ser a maior das tributacións.
Tanto un vehículo normaliño como unha motocicleta normaliña pagan máis en Lugo que en calquera dos concellos limítrofes dos que teño información e en calquera das capitais de provincia.
Isto foi para falar dos custos; e falando dos servizos teño que dicir que, máis aló da fluidez do tráfico, vénse reducindo con cada intervención da Área de Mobilidade do goberno municipal, e confrontándose a seguridade e os dereitos do peón con mobilidade e actividade económica local. Porque a súa perversa busca da mellor postal leva á desolación e dificultades aos residentes, aos visitantes, aos

traballadores, aos industriais e aos comerciantes. Saben do que falo: de arranxar problemas que non existen e fuxir dos reais.
A cidade dos 5 minutos que xorde da boa idea de achegar os servizos a cada barrio estase pervertendo coa simple busca dunha imaxe que non arranxa, senón que xera novos problemas. Lugo xa é a cidade dos 5 minutos, porque xusto eses 5 minutos é o tempo que lles leva pensar cada unha das simplezas que se lles ocorren; e tamén son os 5 minutos que bota cada condutor para pensar o longo percorrido que agora precisa para facer cada desprazamento; tamén son os 5 minutos que aguanta cada peón de pé camiñando polas rúas do centro antes de tropezar, e os 5 minutos que tardan os veciños de cada rúa en botar as mans á cabeza cada vez que saben que van intervir na súa rúa.
Por todos estes motivos é coñecida por todos os que estamos aquí a migración de empresas e veciños aos concellos da contorna, onde a situación é a inversa: a contribución é menor e os servizos son maiores. Por que ocorre isto? Porque estas que veño de dicir son suficientes razóns para denunciar que os lucenses que empregamos un vehículo para a mobilidade ordinaria estamos a ser maltratados. Falo dos veciños en xeral, pero con especial empatía a aqueles que o empregan por motivos de traballo, que son os principais prexudicados das políticas de mobilidade, e por iso traemos esta proposta.

**-PAULA ALVARELLOS FONDO:** Moitas grazas, señor Cabarcos. Polo goberno ten a palabra o concelleiro Mauricio Repetto.

**-MAURICIO VICTORIO REPETTO MORBÁN:** Muchas gracias.
Bueno, señor Cabarcos, seguimos con «Hace falta valor». Hace falta valor para traer a este Pleno una proposición que nada tiene que ver con lo que usted acaba de comentar, donde insta aquí al Concello de Lugo a que estudie la viabilidad de atender las demandas de entidades como Aprevar y a estudiar la viabilidad de una exención o reducción de un impuesto. Nada tiene que ver con lo que ha hablado.
Segundo, llevamos 12 años sin actualizar, evidentemente, el impuesto de circulación y, de hecho, no se ha actualizado y se han modificado las ordenanzas.
Segundo, lo que proponen y elevan a este Pleno es ilegal. No sé si lo sabe. Por algo habrá hablado de todo lo que habló.
Y, segundo, que miente, porque el Ayuntamiento de Lugo está, en comparación con las siete grandes ciudades de Galicia, por debajo, casi, de cuatro.
Entonces, señor Cabarcos, ¿de qué está hablando? ¿Qué ha elevado a este pleno? Hace falta valor también para venir a defender una proposición a todas luces ilegal que, por la Ley de haciendas locales, no se podría admitir.
Por lo tanto, a mí me parece que el último Pleno del año, que el Partido Popular, que sus 12 concejales firmen una proposición ilegal que no se puede materializar, que hayan metido en el medio a Aprevar, cuando Aprevar sabe perfectamente, después de las reuniones mantenidas con este gobierno, que es ilegal a todas luces lo que han propuesto aquí, me parece realmente increíble.
Por eso digo que hace falta valor sentarse ahí, elevar a proposición… Yo no sé si esta proposición se la hizo el becario o quién la hizo, pero realmente igual es

momento de revisar a quién tienen en su equipo. O no sé, señor Cabarcos, si le han dado el regalo de Papá Noel envenenado. No lo sé. Realmente a mí me preocupa.
Le recuerdo que las bonificaciones están recogidas en la Ley de haciendas locales para vehículos oficiales, ambulancias, vehículos para personas con movilidad reducida, vehículos del transporte público, y se bonifican los vehículos históricos, que están exentos, y se bonifican también, evidentemente, los vehículos eléctricos e híbridos. Todo esto en el Ayuntamiento de Lugo, como no puede ser de otra manera, ajustados a la ley y vigencia, obviamente, de la Ley de haciendas locales.
Entonces, francamente, es alarmante el desconocimiento que tienen de las normas y de las leyes y que eleven a este Pleno una proposición de este calibre que no tiene vergüenza.

**-PAULA ALVARELLOS FONDO:** Moitas grazas.
Segunda quenda para o señor Cabarcos.

**-RAMÓN MANUEL CABARCOS RODRÍGUEZ:** A propósito desa afirmación que dicía, de que o Concello de Lugo é dos de menos carga fiscal impositiva, eu deille algunhas cifras que vostede non deu. Eu deille cifras, son reais e as pode comprobar vostede. Dun papeliño pero eu linllas, linlle os números.
Tamén quero dicirlle que a proposición non só vai de reducir os impostos, senón tamén de mellorar os servizos. E quero dicirlle que hai empresas que simplemente mudan de concello por non ter que soportar esta carga fiscal e as dificultades que veñen impostas desde a área de mobilidade.
Aproximadamente, segundo estimacións dese conxunto de empresas que vostede nomeou, 3000 vehículos de titularidade relacionada co sector da automoción —vehículos de empresa— son os que se teñen trasladado xunto coas súas empresas a concellos limítrofes por motivos económicos e motivos de dificultade de servizos que redundan en beneficio destas empresas pero en prexuízo do Concello de Lugo; dando por boas esas estimacións, que non as fixemos nós, e sen contabilizar todos os particulares que poidan ter feito o mesmo, supoñen que eses 3000 vehículos Renault Clio que lle comentaba antes, tributando nun concello limítrofe, supoñen ingresos por 105 000 euros. Os concellos limítrofes gañan. Pero, no caso do Concello de Lugo, polo mesmo motivo, deixa de ingresar 177 960 euros. O Concello de Lugo perde.
E non só falo de cuestións que teñen que ver coa fiscalidade, senón tamén cos servizos e, concretamente nestes días, hoxe mesmo, estou recibindo continuas mensaxes no meu teléfono mentres estamos aquí, dicindo das dificultades que se veñen comezar, para os veciños que vivimos na contorna do centro, ao respecto da súa capacidade de xestión.
E voulle ler un deles, se me dá tempo: «Después de 21 llamadas sin cogerme el teléfono, me marcho al centro de nuevas tecnologías y me dicen dos chicas que no pueden coger el teléfono porque no les dieron información de lo que tienen que recoger». Esto es el proceso de gestión de la movilidad del centro que hoy mismo acaban de poner en funcionamiento. Hay multitud de gente que trata de cumplir con

sus obligaciones y que no pueden porque la capacidad de gestión es absolutamente desastrosa.
Entón, con esta amplitude de miras que supón baixar a carga fiscal, que parte da nosa petición para levar os servizos, xorden beneficios para a cidade, para os propietarios particulares de vehículos e para os axentes económicos.
Co cal, quero que reconsideren a fórmula para que a carga impositiva e os servizos para os automobilistas rebaixen unhas e medren as outras.

**-PAULA ALVARELLOS FONDO:** Moitas grazas. Última quenda para Mauricio Repetto.

**-MAURICIO VICTORIO REPETTO MORBÁN:** Gracias, alcaldesa.
Estamos hablando de 80 000 vehículos que están empadronados y que pagan sus impuestos en la ciudad de Lugo. Estamos hablando de 6 000 000 euros de recaudación de forma anual por este impuesto. Creemos que debemos de ser responsables, todos los que estamos aquí, con las proposiciones que elevamos a este Pleno.
Me gustaría, ya casi como un deseo, en este cambio de año que la oposición, en este caso, reformule este tipo de iniciativas de elevar al Pleno cuestiones ilegales que bien sabe que no se pueden ni siquiera casi, yo diría, ni debatir; deberíamos de entrar en el fondo del asunto, que deberían ser descartados. Y también apelar a la conciencia, a la conciencia personal de todos los que están ahí sentados y que debemos, evidentemente, pagar los impuestos en las ciudades donde vivimos.
Y a mí me gustaría saber si todos los que estáis ahí como concejales representando a los vecinos de Lugo pagáis el impuesto de circulación en Lugo, porque eso también es una cuestión moral.

**-PAULA ALVARELLOS FONDO:** Moitas grazas. Ten a palabra o señor Cabarcos. Última quenda.

**-RAMÓN MANUEL CABARCOS RODRÍGUEZ:** Para rematar, só lle digo que non temos que buscar nós a fórmula porque, evidentemente, o resto dos concellos limítrofes con Lugo e o resto das capitais de provincia non están actuando ilegalmente. Propoñemos unha mellora de servizos, unha baixa da carga fiscal, iso é unha cousa que non é ningunha ilegalidade.
Pedimos que o Concello de Lugo reduza a carga fiscal sobre propietarios particulares e axentes económicos no que atinxe ao imposto sobre vehículos de tracción mecánica coa idea de incentivar a presenza de vehículos de motor con residencia física e fiscal por mor dos beneficios económicos que iso supoña para estes e, como consecuencia diso, para as arcas municipais. Iso é o que solicitamos.

**-PAULA ALVARELLOS FONDO:** Moitas grazas, señor Cabarcos.
Pois imos votar esta proposición.

## B) PARTE DE INFORMACIÓN, IMPULSO E CONTROL

### INTERVENCIÓN

11/220 **DACIÓN DE CONTA AO EXCMO. CONCELLO PLENO DO INFORME DEFINITIVO DE CONTROL FINANCEIRO DO CUMPRIMENTO DOS REQUISITOS LEGALMENTE APLICABLES NA TRAMITACIÓN DA CONCESIÓN E REINTEGRO DE ANTICIPOS DE HABERES DURANTE O EXERCICIO 2023.-** Vista a proposta da alcaldesa presidenta, do 29 de novembro de 2024, do teor literal seguinte:

"O artigo 36 do Real Decreto 424/2017, do 28 de abril, polo que se regula o réxime xurídico do control interno nas entidades do Sector Público Local establece que "*1. Os informes definitivos de control financeiro serán remitidos polo órgano interventor ao xestor directo da actividade económico-financeira controlada e ao Presidente da Entidade Local, así como, a través deste último, ao Pleno para o seu coñecemento. A análise do informe constituirá un punto independente na orde do día da correspondente sesión plenaria*".

En cumprimento da mencionada normativa, o 25 de novembro de 2024, a Intervención Xeral Municipal emitíu o informe definitivo de control financeiro do cumprimento dos requisitos legalmente aplicables na tramitación da concesión e reintegro de anticipos de haberes durante o exercicio 2023 (Ref: 2024/1707).

É polo que **SE PROPÓN**:

Dar conta ao Excmo. Concello Pleno do Informe definitivo de control financeiro do cumprimento dos requisitos legalmente aplicables na tramitación da concesión e reintegro de anticipos de haberes durante o exercicio 2023 (Ref: 2024/1707)."

De todo o cal, o Excmo. Concello Pleno quedou informado para os oportunos efectos.

12/221 **DACIÓN DE CONTA AO EXCMO. CONCELLO PLENO DO INFORME DEFINITIVO DE CONTROL FINANCEIRO DO CUMPRIMENTO DA DURACIÓN MÁXIMA DO NOMEAMENTO DO PERSOAL INTERINO AO ABEIRO DO ARTIGO 13. DO REAL DECRETO LEXISLATIVO 5/2015, DO 30 DE OUTUBRO, POLO QUE SE APROBA O TEXTO REFUNDIDO DA LEI DO ESTATUTO BÁSICO DO EMPREGADO PÚBLICO, EXERCICIO 2023.-** Vista a proposta da alcaldesa presidenta, do 29 de novembro de 2024, do teor literal seguinte:

"O artigo 36 do Real Decreto 424/2017, do 28 de abril, polo que se regula o réxime xurídico do control interno nas entidades do Sector Público Local establece que "*1. Os informes definitivos de control financeiro serán remitidos polo órgano interventor ao xestor directo da actividade económico-financeira controlada e ao Presidente da Entidade Local, así como, a través deste último, ao Pleno para o seu coñecemento. A análise do informe constituirá un punto independente na orde do día da correspondente sesión plenaria*".

En cumprimento da mencionada normativa, o 25 de novembro de 2024, a Intervención Xeral Municipal emitíu o informe definitivo de control financeiro do cumprimento da duración máxima do nomeamento do persoal interino ao abeiro do artigo 10 do Real decreto lexislativo 5/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da lei do estatuto básico do empregado público, exercicio 2023 (Ref: 2024/1701).

É polo que **SE PROPÓN**:

Dar conta ao Excmo. Concello Pleno do Informe definitivo de control financeiro do cumprimento da duración máxima do nomeamento do persoal interino ao abeiro do artigo 10 do Real decreto lexislativo 5/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da lei do estatuto básico do empregado público, exercicio 2023 (Ref: 2024/1701)."

De todo o cal o Excmo. Concello Pleno quedou informado para os oportunos efectos.

13/222 **DACIÓN DE CONTA AO EXCMO. CONCELLO PLENO DO INFORME DEFINITIVO DE CONTROL FINANCEIRO DAS SUBVENCIÓNS A ASOCIACIÓNS XUVENÍS E DE RECREACIÓN HISTÓRICA E PERSOAS XURÍDICO PRIVADAS SEN ÁNIMO DE LUCRO, QUE DESENVOLVEN A SÚA ACTIVIDADE NO EIDO DA XUVENTUDE E RECREACIÓN HISTÓRICA DA CIDADE DE LUGO NO EXERCICIO 2023.-** Vista a proposta da alcaldesa presidenta do 29 de novembro de 2024, do teor literal seguinte:

"O artigo 36 do Real Decreto 424/2017, do 28 de abril, polo que se regula o réxime xurídico do control interno nas entidades do Sector Público Local establece que "*1. Os informes definitivos de control financeiro serán remitidos polo órgano interventor ao xestor directo da actividade económico-financeira controlada e ao Presidente da Entidade Local, así como, a través deste último, ao Pleno para o seu coñecemento. A análise do informe constituirá un punto independente na orde do día da correspondente sesión plenaria*".

En cumprimento da mencionada normativa, o 25 de novembro de 2024, a Intervención Xeral Municipal emitíu o informe definitivo de control financeiro das subvencións a asociacións xuvenís e de recreación histórica e persoas xurídico

privadas sen ánimo de lucro, que desenvolven a súa actividade no eido da xuventude (área de dinamización económica) e para o desenvolvemento de programas e actividades de interese xeral e sectorial, de difusion, recuperacion e recreacion histórica da cidade de Lugo e para o mantemento, conservacion e pequenas reparacións das infraestruturas nas que se levan a cabo estes programas e actividades no exercicio 2023 (Ref: 2024/1702).

É polo que **SE PROPÓN**:

Dar conta ao Excmo. Concello Pleno do Informe definitivo de control financeiro das subvencións a asociacións xuvenís e de recreación histórica e persoas xurídico privadas sen ánimo de lucro, que desenvolven a súa actividade no eido da xuventude (área de dinamización económica) e para o desenvolvemento de programas e actividades de interese xeral e sectorial, de difusion, recuperacion e recreacion histórica da cidade de Lugo e para o mantemento, conservacion e pequenas reparacións das infraestruturas nas que se levan a cabo estes programas e actividades no exercicio 2023 (Ref: 2024/1702).”

De todo o cal, o Excmo. Concello Pleno quedou informado para os oportunos efectos.

14/223 **DACIÓN DE CONTA AO EXCMO. CONCELLO PLENO DO INFORME DEFINITIVO DE CONTROL FINANCEIRO DA AUDITORÍA DE CONTAS SOBRE A ENTIDADE MERCANTIL EVISLUSA RELATIVA Á ACTIVIDADE ECONÓMICO-FINANCEIRA DO EXERCICIO 2023.-** Vista a proposta da alcaldesa presidenta do 29 de novembro de 2024, do teor literal seguinte:

“O artigo 36 do Real Decreto 424/2017, do 28 de abril, polo que se regula o réxime xurídico do control interno nas entidades do Sector Público Local establece que “*1. Os informes definitivos de control financeiro serán remitidos polo órgano interventor ao xestor directo da actividade económico-financeira controlada e ao Presidente da Entidade Local, así como, a través deste último, ao Pleno para o seu coñecemento. A análise do informe constituirá un punto independente na orde do día da correspondente sesión plenaria*”.

En cumprimento da mencionada normativa, o 25 de novembro de 2024, a Intervención Xeral Municipal emitíu o informe definitivo de control financeiro da auditoría de contas sobre a entidade mercantil EVISLUSA relativa á actividade económico-financeira do exercicio 2023 (Ref: 2024/1699).

É polo que **SE PROPÓN**:

Dar conta ao Excmo. Concello Pleno do Informe definitivo de control financeiro da auditoría de contas sobre a entidade mercantil EVISLUSA relativa á actividade económico-financeira do exercicio 2023 (Ref: 2024/1699).”

De todo o cal, o Excmo. Concello Pleno quedou informado para os oportunos efectos.

15/224 **DACIÓN DE CONTA AO EXCMO. CONCELLO PLENO DO INFORME DEFINITIVO DE CONTROL FINANCEIRO DOS EXPEDIENTES DE LIQUIDACIÓN DE TAXAS POR APROVEITAMENTOS ESPECIAIS DA VÍA PÚBLICA CON MESAS E CADEIRAS NO EXERCICIO DE 2023.-** Vista a proposta da alcaldesa presidenta do 29 de novembro de 2024, do teor literal seguinte:

"O artigo 36 do Real Decreto 424/2017, do 28 de abril, polo que se regula o réxime xurídico do control interno nas entidades do Sector Público Local establece que "*1. Os informes definitivos de control financeiro serán remitidos polo órgano interventor ao xestor directo da actividade económico-financeira controlada e ao Presidente da Entidade Local, así como, a través deste último, ao Pleno para o seu coñecemento. A análise do informe constituirá un punto independente na orde do día da correspondente sesión plenaria*".

En cumprimento da mencionada normativa, o 25 de novembro de 2024, a Intervención Xeral Municipal emitíu o informe definitivo de control financeiro dos expedientes de liquidación de Taxas por aproveitamentos especiais da vía pública con mesas e cadeiras no exercicio de 2023 (Ref: 2024/1715).

É polo que **SE PROPÓN**:

Dar conta ao Excmo. Concello Pleno do Informe definitivo de control financeiro dos expedientes de liquidación de Taxas por aproveitamentos especiais da vía pública con mesas e cadeiras no exercicio de 2023 (Ref: 2024/1715)."

De todo o cal, o Excmo. Concello Pleno quedou informado para os oportunos efectos.

16/225 **DACIÓN DE CONTA AO EXCMO. CONCELLO PLENO DO INFORME DEFINITIVO DE CONTROL FINANCEIRO DE ANÁLISE DOS SALDOS DE DEREITOS PENDENTES DE COBRO DE EXERCICIOS PECHADOS (CAPÍTULOS I E II DE IMPOSTOS DIRECTOS E INDIRECTOS) A 31.12.2023.-** Vista a proposta da alcaldesa presidenta, do 11 de decembro de 2024, do teor literal seguinte:

"O artigo 36 do Real Decreto 424/2017, do 28 de abril, polo que se regula o réxime xurídico do control interno nas entidades do Sector Público Local establece que "*1. Os informes definitivos de control financeiro serán remitidos*

*polo órgano interventor ao xestor directo da actividade económico-financeira controlada e ao Presidente da Entidade Local, así como, a través deste último, ao Pleno para o seu coñecemento. A análise do informe constituirá un punto independente na orde do día da correspondente sesión plenaria*".

En cumprimento da mencionada normativa, o 25 de novembro de 2024, a Intervención Xeral Municipal emitíu o informe definitivo de control financeiro de análise dos saldos de dereitos pendentes de cobro de exercicios pechados (capítulos I e II de impostos directos e indirectos) a 31.12.2023 (Ref: 2024/1796 de data 10/12/2024).

É polo que **SE PROPÓN**:

Dar conta ao Excmo. Concello Pleno do Informe definitivo de control financeiro de análise dos saldos de dereitos pendentes de cobro de exercicios pechados (capítulos I e II de impostos directos e indirectos) a 31.12.2023 (Ref: 2024/1796 de data 10/12/2024)."

De todo o cal, o Excmo. Concello Pleno quedou informado para os oportunos efectos.

17/226 **DACIÓN DE CONTA DA APROBACIÓN DEFINITIVA DA MODIFICACIÓN ORZAMENTARIA MEDIANTE A MODALIDADE DE SUMPLEMENTO DE CRÉDITO NÚMERO 1/2024.-** Vista a proposta da alcaldesa presidenta, do 13 de decembro de 2024, do teor literal seguinte:

"Vistos os seguintes antecedentes:
- O Excmo. Concello Pleno do Concello de Lugo, na súa sesión ordinaria celebrada o día 4 de novembro de 2024, adoptou, entre outros, o acordo 5/172 polo que se aprobou inicialmente o expediente de suplemento de crédito número 1/2024.
- No Boletín Oficial da Provincia de Lugo número 259, sábado, 9 de novembro de 2024, se publicou o anuncio de exposición pública, polo prazo de quince días hábiles, aos efectos de presentación de reclamacións polos interesados.
- A xefa de Negociado de Rexistro, o 2 de decembro de 2024, informou que, consultados os datos do Rexistro Xeral, do Rexistro Telemático de Entrada de documentos deste Concello e da Oficina de Intercambio, non constan rexistradas reclamacións ao expediente de modificación orzamentaria de suplemento de crédito 1/2024.
En cumprimento do establecido no artigo 92 do Regulamento orgánico municipal do Pleno do Concello de Lugo, DÁSELLE CONTA ao Excmo. Concello Pleno que ao non haberse presentado reclamacións, de acordo co disposto no artigo 169.1 do Real decreto lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das Facendas Locais, se publicou no Boletín Oficial da Provincia de Lugo número 281, xoves, 5 de decembro de 2024, o anuncio de

aprobación definitiva da modificación orzamentaria mediante a modalidade de suplemento de crédito número 1/2024 do vixente orzamento xeral."

De todo o cal, o Excmo. Concello Pleno quedou informado para os efectos oportunos.

18/227 **DACIÓN DE CONTA DA APROBACIÓN DEFINITIVA DA MODIFICACIÓN ORZAMENTARIA MEDIANTE A MODALIDADE DE TRANSFERENCIA DE CRÉDITO NÚMERO 54/2024.-** Vista a proposta da alcaldesa presidenta, do 13 de decembro de 2024, do teor literal seguinte:

"Vistos os seguintes antecedentes:
- O Excmo. Concello Pleno do Concello de Lugo, na súa sesión ordinaria celebrada o día 4 de novembro de 2024, adoptou, entre outros, o acordo 4/171 polo que se aprobou inicialmente o expediente de transferencia de crédito número 54/2024.
- No Boletín Oficial da Provincia de Lugo número 259, sábado, 9 de novembro de 2024, se publicou o anuncio de exposición pública, polo prazo de quince días hábiles, aos efectos de presentación de reclamacións polos interesados.
- A xefa de Negociado de Rexistro, o 2 de decembro de 2024, informou que, consultados os datos do Rexistro Xeral, do Rexistro Telemático de Entrada de documentos deste Concello e da Oficina de Intercambio, non constan rexistradas reclamacións ao expediente de modificación orzamentaria de transferencia de crédito 54/2024.
En cumprimento do establecido no artigo 92 do Regulamento orgánico municipal do Pleno do Concello de Lugo, DÁSELLE CONTA ao Excmo. Concello Pleno que ao non haberse presentado reclamacións, de acordo co disposto no artigo 169.1 do Real decreto lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das Facendas Locais, se publicou no Boletín Oficial da Provincia de Lugo número 281, xoves, 5 de decembro de 2024, o anuncio de aprobación definitiva da modificación orzamentaria mediante a modalidade de transferencia de crédito número 54/2024 do vixente orzamento xeral."

De todo o cal, o Excmo. Concello Pleno quedou informado para os oportunos efectos.

## TESOURERÍA

19/228 **DACIÓN DE CONTA DAS RESOLUCIÓNS DE TESOURERÍA DO MES DE NOVEMBRO DE 2024.-** En cumprimento do establecido no artigo 42 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, aprobado polo Real Decreto 2568/1986, do 28 de novembro, así como ao disposto no artigo 22 do Regulamento Orgánico Municipal do Pleno do Concello de

Lugo, ao Excmo. Concello Pleno DÁSELLE CONTA das resolucións ditadas pola Tesoureira Municipal e Titular do Órgano de Xestión Económico-Financeira durante o mes de NOVEMBRO de 2024, coa numeración 108/2024 a 116/2024.

Do 01 ao 30 de NOVEMBRO de 2024 ditáronse pola Tesourería as seguintes resolucións:

| Nº de Expediente | Asunto | Número de documento | Fecha Firma |
|---|---|---|---|
| 2024/T030/000108 | Resolución inadmisión recurso reposición derivación responsabilidade subsidiaria ao administrador de Nergo Interiorismo SL | 2024/108 | 04/11/2024 |
| 2024/T030/000109 | Deixar sen efecto providencia de constrinximento AI DENMARK SLU IAE/22 nº recibo 11237835 | 2024/109 | 05/11/2024 |
| 2024/T030/000110 | Deixar sen efecto providencia constrinximento JUAN JOSE TABOADA CANDAL recibo nº11929885 en concepto auga, sumidoriro e recollida de lixo en Avda. Coruña, 325 2º | 2024/110 | 06/11/2024 |
| 2024/T030/000111 | Deixar sen efecto providencia de apremio Mª CARMEN MATO LENCE recibo nº 11993423 IBI/2024. | 2024/111 | 13/11/2024 |
| 2024/T030/000112 | Retroacción procedemento de constrinximento Juan Carlos Tomé González | 2024/112 | 14/11/2024 |
| 2024/T030/000113 | Recurso reposición providencia constrinximento BRAIS PACIOS PENA (Multa 2021P0000338) | 2024/113 | 14/11/2024 |
| 2024/T030/000114 | Resolución Tesourería execución resolución TEAM 2024/P005/000027 Cabana López Julio Jacobo | 2024/114 | 25/11/2024 |
| 2024/T030/000115 | Resolución Tesourería execución resolución TEAM 2024/P005/000023 Varela Sánchez M. del Carmen | 2024/115 | 25/11/2024 |
| 2024/T030/000116 | Recurso reposición requirimento de pago Xunta de Galicia en calidade de herdeira de Camilo Torrón Boudón EXPTE.47010000055885 | 2024/116 | 29/11/2024 |

De todo o cal, o Excmo. Concello Pleno quedou informado para os oportunos efectos.

## FACENDA LOCAL

20/229 **DACIÓN DE CONTA DA ELEVACIÓN AUTOMÁTICA A DEFINITIVOS DOS ACORDOS NOS QUE SE APROBARON INICIALMENTE AS MODIFICACIÓNS DA ORDENANZA FISCAL XERAL E ORDENANZA FISCAL**

**NÚM. 103.-** O Pleno deste Concello, en sesión ordinaria celebrada o 26/09/2024, aprobou inicialmente os acordos de modificación das ordenanzas fiscais referidas no encabezamento, expoñéndose os ditos acordos mediante anuncios publicados no diario "EL PROGRESO" na data do 1/10/2024, no diario "LA VOZ DE GALICIA" con data do 1/10/2024 e no Boletín Oficial da Provincia de Lugo número 228 na data de 1/10/2024, así como no Taboleiro de Anuncios dende o 2/10/2024 ata o 14/11/2024, ambos inclusive, sen que se presentase contra estes ningunha reclamación durante o prazo de exposición pública, segundo consta na certificación expedida pola Secretaria Xeral do Pleno deste Concello con data do 19/11/2024, polo que, de conformidade co establecido no artigo 17.3 do Real decreto lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das facendas locais, no cal se establece que *"finalizado o período de exposición pública, as corporacións locais adoptarán os acordos definitivos que procedan, resolvendo as reclamacións que se presentaron e aprobando a redacción definitiva da ordenanza, a súa derrogación ou as modificacións a que se refira o acordo provisional. No caso de que non se presentaran reclamacións, entenderase definitivamente adoptado o acordo, ata entón provisional, sen necesidade de acordo plenario"* **DASE** conta ao Excmo. Concello Pleno da elevación automática a definitiva dos acordos ata entón provisionais, adoptados polo Excmo. Concello Pleno, en sesión ordinaria celebrada o 26/09/2024, de modificacións da ordenanza fiscal xeral e da ordenanza fiscal números 103.

En virtude do artigo 17.4 do Real decreto lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das facendas locais, no cal se establece que *"en todo caso, os acordos definitivos a que se refire o apartado anterior, incluíndo os provisionais elevados automaticamente a tal categoría, e o texto íntegro das ordenanzas ou das súas modificacións, haberán de ser publicados no boletín oficial da provincia ou, no seu caso, da comunidade autónoma uniprovincial, sen que entren en vigor ata que se levou a cabo dita publicación"* os textos íntegros das modificacións aprobadas, das devanditas ordenanzas, foron publicadas no Boletín Oficial da Provincia de Lugo número 282 de data 7/12/2024.

De todo o cal, o Excmo. Concello Pleno quedou informado para os oportunos efectos.

**SERVIZOS SOCIAIS**

21/230 **DACIÓN DE CONTA DA APROBACIÓN DEFINITIVA DA ORDENANZA MUNICIPAL REGULADORA DO RÉXIME INTERIOR DO FOGAR DO TRANSEÚNTE -ALBERGUE- DO CONCELLO DE LUGO.-** Vista a proposta da concelleira delegada de Benestar e Maiores, do 10 de decembro de 2024, do

seguinte teor:

**“Visto.-**

**Primeiro.-** O acordo de pleno ordinario do día 26-09-2024, referente a aprobación inicial da Ordenanza Municipal reguladora do réxime interior do fogar do transeúnte-albergue-do Concello de Lugo.
**Segundo.-** A información pública e audiencia aos interesados durante o prazo mínimo de trinta días para a presentación de reclamacións e suxestións mediante a publicación no BOP núm 242, do 19 de outubro de 2024 do anuncio da aprobación inicial da Ordenanza Municipal Reguladora do Réxime interior do Fogar do Transeúnte-Albergue-do Concello de Lugo, o que se fai público para xeral coñecemento, a fin de que os interesados poidan presentar as solicitudes que estimen oportunas, no prazo de UN mes contado, a partir do día seguinte ó desta publicación no Boletín Oficial da Provincia de Lugo.
**Terceiro.-** Unha vez cumprido o trámite de información pública e audiencia ás persoas interesadas durante o prazo establecido, non se presentou ningunha solicitude, nin reclamación e/ou suxestión, segundo se desprende do informe emitido polo servizo de rexistro do día 03-12-2024 e que establece:

**INFORME DE REXISTRO**

Con relación á Providencia do Servizo de Benestar Social de data 29 de novembro
de 2024, na que se solicita informe sobre presentación de alegacións durante o
período de exposición pública no Boletín Oficial da Provincia dende o 20 de outubro
de 2024 ata o día 20 de novembro de 2024 (ámbolos dous días inclusive) ao expediente instruído sobre “**aprobación inicial da Ordenanza Municipal Reguladora do Réxime Interior do Fogar do Transeúnte- Albergue- do Concello de Lugo”**

**Exp. TECOL: 2024/G004/000555**

Consultados os datos do Rexistro Xeral, do Rexistro Telemático de Entrada de
documentos deste Concello e da Oficina de Intercambio, **no constan** rexistradas
ata a data da sinatura, alegacións sobre o citado expediente para o Servizo de
Benestar Social.
E canto procede informar.

**PROPONSE,**

**PRIMEIRO.-** Dar conta da aprobación definitiva da Ordenanza Municipal Reguladora do Réxime Interior do Fogar do Transeúnte- Albergue- do Concello de Lugo, ó Exmo.Concello Pleno na seguinte sesión que se celebre, toda vez que, segundo establecede o artigo 92 do Regulamento Orgánico Municipal do Pleno, ao

non presentarse reclamación nin suxestión algunha ó acordo de aprobación da ORDENANZA MUNICIPAL REGULADORA DO RÉXIME INTERIOR DO FOGAR DO TRANSEÚNTE-ALBERGUE-DO CONCELLO DE LUGO- ata agora provisional, convértese en definitivo.
**SEGUNDO.-** Proceder á súa publicación, comunicación e notificación regulamentarias."

De todo o cal, o Excmo. Concello Pleno quedou informado para os oportunos efectos.

22/231 **DACIÓN DE CONTA DA APROBACIÓN DEFINITIVA DO REGULAMENTO DO CONSELLO SECTORIAL DE PERSOAS MAIORES DO CONCELLO DE LUGO.-** Vista a proposta da concelleira delegada de Benesar Social e Maiores, do 10 de decembro de 2024, do teor literal seguinte:

**"Visto.-**

**Primeiro.-** O acordo de pleno ordinario do día 26-09-2024, referente a aprobación inicial do Regulamento do Consello Sectorial de Persoas Maiores do Concello de Lugo.
**Segundo.-** A información pública e audiencia aos interesados durante o prazo mínimo de trinta días para a presentación de reclamacións e suxestións mediante a publicación no BOP núm 245, do 23 de outubro de 2024 do anuncio da aprobación inicial do Regulamento do Consello Sectorial de Persoas Maiores do Concello de Lugo, o que se fai público para xeral coñecemento, a fin de que os interesados poidan presentar as solicitudes que estimen oportunas, no prazo de UN mes contado, a partir do día seguinte ó desta publicación no Boletín Oficial da Provincia de Lugo.
**Terceiro.-** Unha vez cumprido o trámite de información pública e audiencia ás persoas interesadas durante o prazo establecido, non se presentou ningunha solicitude, nin reclamación e/ou suxestión, segundo se desprende do informe emitido polo servizo de rexistro do día 03-12-2024 e que establece:

**INFORME DE REXISTRO**

Con relación á Providencia do Servizo de Benestar Social de data 29 de novembro
de 2024, na que se solicita informe sobre presentación de alegacións durante o
período de exposición pública no Boletín Oficial da Provincia comprendido entre o
24 de outubro de 2024 e o 24 de novembro de 2024 (ámbolos dous días inclusive)
ao expediente instruído sobre "**aprobación inicial do Regulamento do Consello
Sectorial de Persoas Maiores do Concello de Lugo"**

**Exp. TECOL: 2024/G004/000565**
Consultados os datos do Rexistro Xeral, do Rexistro Telemático de Entrada de
documentos deste Concello e da Oficina de Intercambio, **no constan** rexistradas
ata a data da sinatura, alegacións sobre o citado expediente para o Servizo de
Benestar Social.
E canto procede informar.

**PROPONSE,**

**PRIMEIRO.-** Dar conta da aprobación definitiva do Regulamento do Consello Sectorial de Persoas Maiores do Concello de Lugo, ó Exmo.Concello Pleno na seguinte sesión que se celebre, toda vez que, segundo establecede o artigo 92 do Regulamento Orgánico Municipal do Pleno, ao non presentarse reclamación nin suxestión algunha, o acordo de aprobación do REGULAMENTO DO CONSELLO SECTORIAL DE PERSOAS MAIORES DO CONCELLO DE LUGO,ata agora provisional, convértese en definitivo.

**SEGUNDO.-** Proceder a súa publicación, comunicación e notificación regulamentarias."

De todo o cal, o Excmo. Concello Pleno quedou informado para os oportunos efectos.

**ACTAS E GOBERNO**

23/232 **DACIÓN DE CONTA DAS RESOLUCIÓNS QUE OBRAN NO SERVIZO DE ACTAS E GOBERNO DENDE O DÍA 14 DE NOVEMBRO DE 2024, RECOLLIDAS NO LIBRO ÚNICO DE RESOLUCIÓNS (Exp. 2024/G004/000844).-** En conformidade co informe do vicesecretario municipal accidental, obrante no expediente, e para dar cumprimento ao establecido no artigo 42 do Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais aprobado polo Real decreto 2568/1986, do 28 de novembro, así como ao disposto no artigo 22 do Regulamento orgánico municipal do Pleno do Concello de Lugo, ao Excmo. Concello Pleno **DÁSELLE CONTA** das resolucións ditadas pola Alcaldía e polos seus delegados e delegadas, que obran no Servizo de Actas e Goberno, dende o día 14 de novembro de 2024, coa numeración 10737/2024 a 11921/2024, na plataforma electrónica TECOL, recollidas no Libro único de resolucións correspondente ao ano 2024.

De todo o cal, o Excmo. Concello Pleno quedou informado para os oportunos efectos.

**C) <u>ROGOS E PREGUNTAS</u>**

**ROGOS:**

**A) ROGO DO GRUPO MUNICIPAL DO PARTIDO POPULAR, NÚMERO 439/2024 DE REXISTRO DE PLENO, PARA QUE SE ROCE E REPARE A RÚA FONMIÑÁ.-** Visto o referido escrito que é do seguinte teor:

Despois de constatar que a afirmación feita polo concelleiro Mauricio Repetto no pasado pleno ordinario non se corresponde coa realidade da rúa Fonmiñá, o grupo municipal do Partido Popular, ao abeiro do regulamento vixente, reitera este **ROGO a PLENO**:

O estado da rúa Fonmiñá é de total abandono, ata o punto de que, cando substituiron as farolas, os operarios tiveron que empregar escadas de man para facelo, pois o camión non podía achegarse en condicións e empregar a cesta.

Unha vía que era empregada a diario por veciños do Sagrado Corazón está a día de hoxe intransitable.

Rogamos que se proceda a desbrozar e reparar esta vía de xeito que permita a circulación segura pola mesma



**-PAULA ALVARELLOS FONDO**: Polo Grupo Municipal Popular, a señora Rubinos ten a palabra.

**-FLORA RUBINOS ROIS**: Ben. Este grupo municipal traía a Pleno no mes pasado un rogo para que se reparase e rozase a rúa Fonmiñá en Burozos, no barrio do Sagrado Corazón. Ante esta petición, o señor Repetto manifestaba que estaba rozada e transitable para, a continuación, confirmar que a reparación desta vía era un compromiso adquirido pola señora alcaldesa na última visita realizada a este barrio.
Hoxe volvo traer este mesmo rogo a este Pleno para pedirlles aos concelleiros do goberno que non nos enganen aos concelleiros da oposición, que están a enganar os veciños desta rúa, como se pode ver nestas fotos.
Non está rozada, e dista moito de estar transitable. Ao menos, é intransitable coas garantías mínimas de seguridade para os vehículos e viandantes. Así que reiteramos de novo a nosa solicitude para que se proceda a reparar e rozar a vía de xeito que permita a circulación segura por ela, dando cumprimento ao compromiso adquirido pola señora alcaldesa cos veciños do barrio Sagrado Corazón. Moitas grazas.

**-PAULA ALVARELLOS FONDO**: Moitas grazas, señora Rubinos. Ten a palabra Mauricio Repetto.

**-MAURICIO VICTORIO REPETTO MORBÁN**: A ver, señora Rubinos, yo creo que es bueno que se vuelva a pasar por esa rúa, porque ya está desbrozada. Hemos trabajado de forma conjunta con el área de rural también. Está transitable, está reparada y se ha acondicionado el firme.
Entonces, yo no sé, señora Rubinos, si hablamos de la misma rúa Fonminá o no sé qué pasa hoy en este pleno, si es 28 en vez de… No lo sé.
Muchísimas gracias.

**-PAULA ALVARELLOS FONDO**: Moitas grazas. Continuamos.

**B) ROGO DO GRUPO MUNICIPAL DO PARTIDO POPULAR, NÚMERO 440/2024 DE REXISTRO DE PLENO, PARA QUE SE TEÑAN EN CONSIDERACIÓN AS REIVINDICACIÓNS DOS COMERCIANTES DO MERCADO DE ANTIGÜIDADES E COLECCIONISMO.-** Visto o referido escrito que é do seguinte teor:

O Grupo Municipal do Partido Popular presenta ante este Pleno un ROGO para que o Concello de Lugo tome en consideración as reiteradas reivindicacións dos comerciantes do Mercadillo de Antigüidades e Coleccionismo.

Dende este grupo municipal consideramos que este mercadillo é un elemento dinamizador do turismo e a economía no casco histórico da nosa cidade e que o Concello debería darlle a importancia que merece.

**-PAULA ALVARELLOS FONDO:** Polo Grupo Municipal Popular, Gustavo Díaz.

**-GUSTAVO DÍAZ REY:** Muchas gracias, señora alcaldesa.
Consideramos que hay que apostar por una modalidad de gestión municipal que sea capaz de impulsar los cambios necesarios, a fin de conseguir que se consolide

la arraigada tradición de los mercadillos. Eso es algo que, a diferencia de esta ciudad, supieron hacer otras, convirtiendo los mercadillos en espacios de tradición y de atracción de público local y de turismo.
A nadie se le escapa que el Rastro, en Madrid, es uno de los elementos que caracteriza esta ciudad, los Encantes de Barcelona, el Mercadillo del Jueves en Sevilla… Bueno, infinidad de ejemplos tendríamos. Los mercadillos son elementos de dinamización de las ciudades y deberíamos de saber valorar la importancia que tienen. Su impacto no solo se limita a las ventas; son espacios para la dinamización comercial y social, y los días de mercado los negocios de los alrededores también se ven favorecidos.
En Lugo, en la plaza Mayor, desde hace aproximadamente 20 años, tiene lugar un mercadillo de antigüedades y coleccionismo el 2.º y 3.er domingo de cada mes. No sé, señor Repetto, si ha visitado usted este mercadillo, como visita muchos mercadillos, y eso…
Pues quiero que sepan que este mercadillo parece estar destinado a morir. Actualmente solo acuden dos expositores y les voy a recordar el porqué. Y, además, exactamente con las mismas palabras con las que motivábamos este tema en una comisión hace unos meses. Y digo con las mismas palabras porque nada ha cambiado, la situación sigue siendo la siguiente: existe una gran diferencia entre las tasas que estos comerciantes tienen que abonar, incluso en comparación con las de otros mercadillos mucho más importantes. A modo de ejemplo, las tasas de Lugo ascienden a 240 euros cada 6 meses, en contraposición con las de Orense, que suponen 40 euros al año.
El Concello de Lugo ni publicita el mercadillo en nuestra ciudad ni facilita a los comerciantes información y publicidad que ellos mismos podrían hacer extensiva al resto de mercadillos de nuestra comunidad. Los comerciantes de este mercadillo no se sienten apoyados por el Concello de Lugo, a diferencia de lo que les ocurre en otras ciudades a las que también acuden con sus puestos. Consideran, y consideramos, que este mercadillo es un elemento dinamizador del turismo y la economía en el casco histórico de nuestra ciudad, y que este Concello debería darle la importancia que se merece. Su poder dinamizador está claro, pero es ahora en el momento de debilidad que está atravesando cuando este Concello puede promover, a través de su gestión, un aumento de su público y una mejora de su imagen, imagen que representa y forma parte de la imagen que proyecta la ciudad.
Desde nuestro Grupo Municipal, rogamos al Pleno que tenga en consideración las peticiones de este colectivo y que este Concello colabore con los comerciantes del mercadillo de antigüedades y coleccionismo, dándoles ese apoyo que reclaman y que en otras ciudades sí que lo reciben.
Muchas gracias.

**-PAULA ALVARELLOS FONDO:** Moitas grazas, señor Díaz. Ten a palabra a concelleira Cristina López.

**-MARÍA CRISTINA LÓPEZ FERNÁNDEZ:** Tomámolo en consideración.

**-PAULA ALVARELLOS FONDO:** Moitas grazas, señora López.
Continuamos.

**C) ROGO DO GRUPO MUNICIPAL DO PARTIDO POPULAR, NÚMERO 441/2024 DE REXISTRO DE PLENO, PARA ACORDAR COA XUNTA DE GALICIA A APERTURA DOS APARCADOIROS DO IES VIRXE DOS OLLOS GRANDES E IES LUCUS AUGUSTI.-** Visto o referido escrito que é do seguinte teor:

No pasado pleno ordinario de setembro o Grupo Municipal Popular acadou un acordo plenario unánime para acadar a apertura dos aparcadoiros do IES Virxe dos Ollos Grandes e do IES Lucus Augusti en horario de tarde sen interferir coa actividade habitual das instalacións, respectando as obras que se están a realizar na contorna e dentro do consenso coa comunidade educativa, respectando a propiedade das instalacións, especificando claramente a responsabilidade de cada unha das partes implicadas.

O goberno da cidade ten confirmación escrita de que a Xunta de Galicia atópase en disposición de dar cumprimento a dito acordo e ata suxire un xeito de cumprir coa parte de especificar claramente a responsabilidade de cada unha das partes implicadas, tomando coma base o regulamento da Deputación Provincial para o aparcamento de Santa María, sen que conste resposta algunha ao respecto.

Por esto, ao abeiro do regulamento do pleno, o Grupo Municipal Popular eleva este ROGO A PLENO para esixir ao goberno da cidade que dé cumprimento a este acordo plenario e dé os pasos necesarios para acordar coa Xunta a apertura dos aparcadoiros do IES Virxe dos Ollos Grandes e IES Lucus Augusti.

**-PAULA ALVARELLOS FONDO:** Señora Candia.

**-MARIA ELENA CANDIA LÓPEZ:** Moitas grazas de novo.
O importante de que se acaden acordos unánimes neste salón de plenos é realmente que se executen, non? Porque a verdade é que os acordos unánimes déixannos moito mellor corpo, e creo que todo o mundo sae máis contento que cando entra, porque se cumpre o obxectivo e… ben, ao final conseguir a unanimidade non é unha tarefa nada doada neste Concello, pero o importante é facer seguimento. E, con esa boa fe e co mesmo compromiso co que se conseguiu esa unanimidade nunha iniciativa que o Grupo Municipal do Partido Popular presentaba en setembro neste mesmo ano e neste mesmo salón de plenos para a apertura dos aparcadoiros en IES, como ben citou a señora secretaria, para a apertura para o resto da veciñanza, para o seu uso público. Ese é o acordo que naceu dende o consenso e collendo o testemuño dun enorme traballo que fixeron tamén as entidades veciñais, e aproveito para agradecerllo publicamente ese traballo e tamén a presenza neste Pleno. Indubidablemente, esa asociación do barrio de Recatelo tivo moitísimo que ver nesta reivindicación.
Conseguido o consenso coa comunidade educativa, cos propios directores, e conseguindo a implicación da propia consellería, a petición do rogo de hoxe é moi sinxela e, ademais, como moito se falou aquí das limitacións orzamentarias,

tampouco custa cartos, é un tema de xestión, que coa xestión resólvense moitas cousas nesta cidade.
O noso rogo pide que se dea cumprimento a ese acordo plenario e que se poida, dunha maneira inmediata, dar lugar á apertura dos aparcadoiros.
Creo que procede poñer tamén o recordatorio neste rogo pois, despois da información que me traslada a Xunta de Galicia, a literalidade da carta que foi remitida o 9 de decembro do 2024 a este Concello pola propia delegación territorial da Xunta, onde acusaban recibo desa proposta, dese acordo plenario que trasladaron á Consellería de Educación e pedían a necesidade de plasmar un convenio para que esas responsabilidades quedaran claras. Incluso, para ser tamén positivo e proactivo, apuntaban sobre a literalidade, que podía ser perfectamente aceptada, que é, pois, as normas que regulan o uso dese aparcadoiro no complexo de Santa María. E facíase eco desa vontade expresada unanimemente polas 3 forzas políticas nesta corporación.
Pois hoxe, con ese mesmo espírito construtivo, que fixen a iniciativa do Sagrado Corazón e que se fixo en setembro con esa iniciativa para a apertura deses aparcadoiros tan necesarios, por esa errática política de mobilidade que entendemos dende o noso grupo, que está a levar o goberno, e sempre intentando ser parte da solución, que non quede no esquecemento e que se dea ese pasiño para a proposta, intentando con esta idea, incluso, facilitar a redacción do mesmo texto.

**-PAULA ALVARELLOS FONDO:** Moitas grazas. Ten a palabra o concelleiro de Deportes, Jorge Bustos.

**-JORGE BUSTOS ATANASIO:** Moitas grazas, señora alcaldesa.
A ver, paréceme interesante que a propiedade sexa da Xunta e vos pidades que sexa o goberno local quen faga o traballo. Igual que no Fogar de Santamaría foi a Deputación quen fixo o decreto de regulación, entendemos que este rogo equivócase na dirección, tendo que ser a Xunta quen empeza as tramitacións administrativas necesarias para a apertura dos aparcadoiros dos institutos para a cidadanía.

**-PAULA ALVARELLOS FONDO:** Moitas grazas, señor Bustos.
Continuamos

**D) ROGO DO GRUPO MUNICIPAL DO PARTIDO POPULAR, NÚMERO 442/2024 DE REXISTRO DE PLENO, PARA DAR CONTA DOS AVANCES NA RESERVA DE PRAZAS DE APARCADOIRO "ÁXILES" NAS INMEDIACIÓNS DAS OFICINAS DE FARMACIA DA CIDADE.-** Visto o referido escrito que é do seguinte teor:

No pasado pleno do mes de abril deste ano, acadouse o acordo unánime de que o gabinete de tráfico do concello de Lugo estude a conveniencia de reservar prazas de aparcadoiro "áxiles" nas inmediacións das oficinas de farmacia da cidade.

O grupo municipal do Partido Popular, ao abeiro do regulamento vixente, eleva a pleno un ROGO para que se de conta das actuacións levadas a cabo para avanzar no cumprimento deste acordo plenario.

**-PAULA ALVARELLOS FONDO**: Polo Grupo Municipal Popular, señora Goás.

**-AURORA AIDA GOÁS CASTRO**: Buenos días. Quería dar las gracias por el regalo del libro. Y, en segundo lugar, felicitar a los autores por el trabajo realizado y por el esfuerzo realizado para conseguir esa publicación.
Dicho lo cual, mi objetivo hoy es recordar que en el pasado Pleno del mes de abril de este año se acordó, de forma unánime por los tres grupos parlamentarios que aquí trabajamos, que el Gabinete de Tráfico del Concello de Lugo estudie la conveniencia de reservar las plazas de aparcamiento ágiles en las inmediaciones de las oficinas de farmacia de la ciudad. Se aprobó con 24 votos a favor, porque el concelleiro de Movilidad no se encontraba presente.
La señora Elena Candia, con la precisión y minuciosidad que la caracteriza, defendió perfectamente tanto la Ley de ordenación farmacéutica de Galicia como los derechos que nos reconoce la Constitución española, mencionando el derecho a la protección de la salud y la competencia de los poderes públicos a organizar y tutelar la salud pública a través de las medidas preventivas y de las prestaciones de los servicios necesarios.
Por lo tanto, todos sabemos que nos podemos acercar a las farmacias muchas veces con tranquilidad a recoger una medicación crónica u otro tipo de producto que en ellas se despachan. Pero, en las ocasiones en las que nos acercamos con ansiedad, con miedo, con dolor, con preocupación, se agradece, y creo que es importante, disponer de unos aparcamientos que sean ágiles, que nos permitan acceder a la farmacia y que, de esa manera, nosotros también favoreceríamos el tráfico en la ciudad, que en estos momentos se ve de una forma colapsada, realmente.
Tendríamos que decir que el centro histórico, señor Bustos, aunque a usted no le han proporcionado el campo en el Colegio San Lorenzo de 8 por 8, sí tiene que estar muy contento, porque tiene el mejor circuito de trial de la provincia de Lugo, instalado en el centro histórico. Contamos con el circuito de motocross en Teixeiro y con el de trial en el centro de Lugo. Por lo tanto, sería importante mejorar y agilizar ese tipo de aparcamientos ágiles.
Se me hace difícil imaginar el trabajo que tienen por delante los agentes de movilidad de tráfico para, en determinadas zonas, buscar esos aparcamientos, pero es imprescindible para los ciudadanos. Es fundamental.
Por otro lado, es importante saber que, debido al mal estado del tráfico en el centro histórico, se colapsa en la periferia de la ciudad, con lo cual es muy difícil acceder a muchas oficinas de farmacia, estén localizadas donde estén.
Queremos decir que...

**-PAULA ALVARELLOS FONDO**: Muchas gracias, señora Goás, se le acabó el tiempo. Ten a palabra o concelleiro Alexandre Penas.

**-ALEXANDRE PENAS ROIBÁS**: Moitas grazas.
Pois si, pois quizais a que teña máis problemas sexa a de Ramón Ferreiro polo que comenta vostede.
Non se aprobou hai un mes ou dous meses que se abriran eses aparcadoiros dos institutos, non? Levamos anos aprobando neste Pleno que se abriran, estaría solucionado. Estaría solucionado e tamén seria moi bo, como o que se recordou para o comercio local que eses aparcadoiros estivesen abertos en horario lectivo, porque si que é certo que hai unha asociación que leva moitos anos loitando por iso, pero tamén é certo que este Pleno durante moitísimos anos aprobou varias proposicións, e a Xunta fixo caso omiso para que se abriran.
Sería, digamos, a farmacia principal a que podería beneficiarse deses aparcadoiros, ademais, como digo, doutros temas.
Evidentemente, aquí se aprobou no Pleno que se estude esa viabilidade, e así se está facendo. Por tanto, dende o Servizo de Enxeñaría pois tense en conta o aprobado nas intervencións de sinalización que se realiza nos contornos das farmacias; tense en conta tamén, evidentemente, tendo en conta a súa pertinencia, reitérome á demanda e ás posibilidades técnicas para levar iso a cabo en todas. Xa está dada a orde, e así se está facendo.
Insisto en que quizais a máis importante, coa que máis problema temos en Lugo pois sexa a farmacia tan céntrica e con tanto aparcadoiro baleiro que temos aí porque ninguén lle quere dar ao botón na Xunta de Galicia dende hai tantos anos que se vén demandando desde esta corporación.
Moitas grazas.

**-PAULA ALVARELLOS FONDO**: Moitas grazas, señor Penas.
Continuamos.

**PREGUNTAS:**

**A) PREGUNTAS DO GRUPO MUNICIPAL DO PARTIDO POPULAR, NÚMERO 443/2024 DE REXISTRO DE PLENO, EN RELACIÓN COA ILUMINACIÓN DA ROTONDA DE NADELA.-** Visto o referido escrito que é do seguinte teor:

Desde o Grupo Municipal do Partido Popular demandamos en numerosas ocasións o estado de abandono e profundo deterioro no que están os accesos á cidade de Lugo, o cal cada día vai a peor.

En xaneiro trouxemos o pleno unha iniciativa para que o Concello esixa ao Ministerio que acenda e mellore a iluminación nos diferentes accesos á cidade, así como rotondas e demais puntos da súa titularidade para garantir a seguridade viaria e para que se aumente o alumeado público nas zonas nas que o mesmo sexa deficiente, tendo en conta as necesidades específicas de cada área pero o goberno local votou en contra.

En abril trouxemos ao pleno unha iniciativa para instar ao Concello de Lugo a elaborar un Plan de Mellora dos accesos á cidade en coordinación coas administracións titulares de cada vía, pero o goberno local volveu a votar en contra.

Entre os acesos referidos nas nosas iniciativas, encontrase a rotonda de Nadela, unha das principais entradas ao noso municipio dende a zona sur da provincia, dende a autovía a Santiago A-54 e dende a autovía A-6. Tendo en conta que é un dos nós de tráfico mais complexos e con maior intensidade de tráfico, dende fai anos e polo criterio do goberno central, atopase coa iluminación apagada.

Por todo o anterior o Grupo Municipal do Partido Popular presenta, ante o PLENO a seguinte pregunta:

1. Considera o goberno local que a rotonda de Nadela debe estar iluminada?
2. En caso afirmativo, que xestións fixo ao respecto?
3. En caso negativo, en que se fundamenta?

**-PAULA ALVARELLOS FONDO**: Polo grupo Popular, señor Ameijide.

**-ANTONIO AMEIJIDE OSORIO**: Moitas grazas, alcaldesa.
Moi brevemente, primeiro comezar desexando un bo 2025 para todos os aquí presentes e para quen estean vendo a través de redes sociais ou de calquera plataforma, e falar tamén rapidamente dos accesos a Lugo.
Aquí xa se debateu en numerosas ocasións o mal estado dos accesos á nosa cidade, non é nada novo, a necesidade de iluminación en moitos deles e a mellora, como a Fervedoira, a ronda Norte, a zona da ponte nova… pero, sobre todo, a necesidade de que os veciños de Nadela, pois se cumpran os compromisos que había por parte deste bigoberno durante os últimos anos. Prometéuselles a transferencia da estrada, prometéuselles un bulevar, prometéuselles practicamente de todo nese barrio, e non se lles fixo absolutamente nada.
Falaba o señor Repetto antes de se era o día 28 ou unha inocentada, pero unha inocentada é permanentemente o trato que se lles está dando a moitos barrios desta cidade. Un absoluto despropósito que directamente aí non é que non se lles dea servizos, senón que os poucos que teñen se lles quitan, algo tan simple como os farois: de non ter nin sequera acendida a iluminación. E con escusas tan absurdas como que non hai suficientes accidentes, como responderon no Congreso e no Senado, como para xustificar o acendido duns farois que xa estaban instalados, que estiveron anos funcionando e que agora, por decisións non sabemos se xustificadas en que materia —agardo que non sexa polo número de accidentes, aínda que así o din en sede do Congreso e do Senado—, pois se decidiu por parte do Partido Socialista, por parte do goberno central, apagar a iluminación desa rotonda.
Por tanto, a pregunta é moi simple: considera o equipo do goberno local que a rotonda de Nadela non debe estar iluminada ou que debe estar iluminada? E, en caso de considerar que debe estar iluminada, que fixeron ao respecto e que pensan facer? E, se é en caso negativo, en que se fundamentan para ter apagadas uns farois que estiveron tantos anos dando servizo?

**-PAULA ALVARELLOS FONDO**: Moitas gracias, señor Ameijide.
Ten a palabra Ana González Abelleira.

**-ANA GONZÁLEZ ABELLEIRA**: Moitas grazas.
Pois baseámonos no cumprimento da normativa, como é o noso estilo, xa llo comentaba no debate do Concello.
E recórdolle, como xa falou do Congreso e do Senado, o que se lle respondeu a isto aos seus deputados e deputadas e senadores: no ano 2015, a orde de 2015 no executivo do señor M. Rajoy, na que non se contempla o acendido deses farois. Primeiro porque non existe un grave perigo de seguridade viaria, non é que o digamos nós, é que o di a normativa.
En casos como o de Lugo, que chove máis de 120 ao ano, con carácter xeral, os enlaces das autovías nas que a intensidade media de circulación sexa superior a 60 000 vehículos ao día. E, no caso que vostedes falan, a intensidade de tráfico non alcanza os 17 000 vehículos ao día. Polo tanto, non está xustificada esa iluminación. Remítome, pois, a normativas tamén como a estratexia de eficiencia enerxética da Red de Carreteras, que tampouco contemplan isto.
